

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2017

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asiste, con escusa, don Óscar A. García Patiño, de UxC.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 28 de setembro de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de setembro de 2016.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron á citada sesión [dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel M^a Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito], aproba o citado borrador.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2017

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación do día 10 de febreiro de 2017, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos e Benestar Social de data 16 de febreiro de 2017, coa modificación da redacción do terceiro parágrafo da base primeira da convocatoria que quedou redactado do teor literal seguinte: "Haberá que empregar o eurotaxi existente no municipio de Cambre preferentemente, e recorrer aos propios taxis de Cambre sempre que non exista dispoñibilidade", sométese a debate e votación a proposta ditaminada tal e como se transcribe a continuación:

"Visto o informe da coordinadora de servizos sociais con data 31 de xaneiro de 2017 sobre a xustificación da necesidade de aprobación, por sexto ano consecutivo, dunhas bases para persoas con discapacidade e mobilidade reducida.

Vistas as bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2017.

Ao medio do presente, formulo ao Pleno a seguinte proposta de acordos a adoptar:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2017, así como a súa convocatoria:

BASES DA CONVOCATORIA DE BONOTAXI PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA PARA O EXERCICIO DO 2017

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente convocatoria ten por obxecto establecer o procedemento para a concesión de axudas económicas individuais para proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñen dificultades para utilizar o transporte público colectivo, axudando a conseguir unha maior integración.

O Concello de Cambre vén concedendo estas axudas económicas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, polo que, en aplicación do establecido no artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro respecto de que non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, considera necesario continuar coa concesión de subvencións para a utilización de taxis accesibles para persoas con mobilidade reducida, polo que aproba as presentes bases que regulan o sistema de adjudicación dos bonotaxis, así como a súa contía.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente disposición ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións destinadas a proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñen dificultades para utilizar o transporte público colectivo.

Concrétase na concesión dunha axuda económica individual que, en forma de bonos, permita ás persoas beneficiarias a utilización do servizo de taxi para os seus desprazamentos.

Haberá que empregar o eurotaxi existente no municipio de Cambre preferentemente, e recorrer aos propios taxis de Cambre sempre que non exista dispoñibilidade.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

Para a concesión destas axudas existe crédito no actual orzamento municipal, na aplicación orzamentaria “2017 231 22300 Programa transporte adaptado” por importe de 10.000,00 euros.

A cantidade máxima a percibir a través dos bonos por beneficiario/a será de 600,00 euros ao ano.

TERCEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Poderán solicitar a subvención as persoas con discapacidade e mobilidade reducida que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar empadroadado no municipio de Cambre cunha antigüidade dun ano, anterior á presentación da solicitude e permanecer de alta no padrón de habitantes municipal mentres se perciba a axuda.
- Ser maior de 3 anos.

- Ter recoñecida a condición legal de discapacitado, en grao igual ou superior ao 33% e mobilidade reducida que impida empregar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial do grao de discapacidade, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), dependente da Xunta de Galicia.
- Carecer, calquera membro da unidade de convivencia, de vehículo propio adaptado para a súa condución e no caso de telo poderán solicitar esta axuda soamente para aqueles períodos, nos que, por causas sobrevidas debidamente xustificadas, non poidan utilizalo ou calquera outra circunstancia que o impida.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa seguridade social e coa facenda autonómica e local, e non atoparse inhabilitados para a obtención de subvencións públicas.
- Para os traballadores, non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo deste beneficio, ou non ter dereito a este servizo a través de MUFACE, ISFAS ou outra entidade.
- Non poderá dispoñer cada membro da unidade de convivencia dunha renda per cápita anual superior ao 200% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), vixente no exercicio do 2017. Excepcionalmente poderá incrementarse o límite de ingresos nun 20% adicional, logo do informe técnico do departamento de servizos sociais.

2. Considérase unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio, constando con tal carácter nun rexistro público.

3. Considérase que existe unha unidade de convivencia independente, aínda que vivan no mesmo domicilio, no seguinte suposto: A constituída por persoas, con ou sen fillos, que se atopen en proceso de nulidade, separación ou divorcio legal, ou cesamento acreditado de relación análoga á conxugal.

4. Para os efectos desta convocatoria, para a determinación da renda anual terase en conta a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, declaradas ou declarables no imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2015 e correspondentes a cada un dos membros computables da unidade familiar, e dividido polo número de membros que a integran.

A súa contía calcularase conforme ao resultado da realización da seguinte operación, coas cantidades que figuren nas casas que se indican, das declaracións do IRPF ou certificado de renda ou prestacións para o exercicio 2015: Casa 380 + Casa 395

Se non constan as referidas casas, a casa 380 Base imponible xeral será o resultado das seguintes operacións: (366) - (376) + (377) - (378) - (379).

A casa 395 Base imponible do aforro será o resultado das seguintes operacións: (370) - (382) - (383) - (384) - (385) + (372) - (387) - (388) - (389) - (390).

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2015, por non estar obrigado, teranse en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

CUARTA.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As axudas serán solicitadas polas persoas beneficiarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade legal.

2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello de Cambre, situado na planta baixa da Casa Consistorial, rúa Adro, núm. 1 ou no rexistro auxiliar de entrada, situado nos baixos onde actualmente se atopan as oficinas de Cultura, Educación, Deportes e Servizos Sociais, na rúa Río Barcés núm. 8 da Barcala, en horario de 12:00 a 14:00 horas ou na Casa das Palmeiras no Temple, en horario de 09:00 a 11:00 horas, segundo o formulario oficial de solicitude (Anexo I), acompañada da seguinte documentación:

2.1 Fotocopia compulsada do libro de familia. Certificación ou copia compulsada de inscrición de matrimonio, parella de feito, unión non matrimonial ou calquera outro tipo de unidade de convivencia debidamente rexistrada.

2.2 Fotocopia compulsada do DNI ou no seu defecto do NIE do solicitante ou do representante legal, de ser o caso. E documentación acreditativa da patria potestade ou representación legal do menor (libro de familia ou resolución

xudicial).

2.3 Fotocopia compulsada do certificado oficial do grao de discapacidade do solicitante, expedido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), no que conste que ten dificultades para a utilización do transporte público colectivo.

2.4 Documentación acreditativa de ser beneficiario, no seu caso, do servizo galego autonómico de apoio á mobilidade 065.

2.5 Anexo II de declaración responsable da persoa beneficiaria, na que se faga constar:

- Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para a obtención de subvencións públicas.
- Non ser titular de vehículo propio adaptado para a conducción, nos termos reflectidos na base terceira da convocatoria.
- Non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro a través de ISFAS, MUFACE,...
- Que os documentos referidos nos apartados 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4, obran en poder do órgano xestor, por telos presentado para a obtención da axuda económica na convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2015 ou 2016, e que os mesmos non sufriron variacións dende a data de presentación ante o concello.
- Aceptar as actuacións de comprobación que acorde o equipo técnico dos servizos sociais municipais.

2.6 Autorización, asinada por todos os membros da unidade familiar computables, para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á axencia tributaria relativos ao seu nivel de renda, segundo Anexo III. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado levará consigo a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións que deban emitir a AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia. O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón os certificados de cumprimento de obrigas.

2.7 No suposto de que o solicitante ou algún dos membros da unidade de convivencia non estean obrigados a presentar a declaración anual do IRPF, a xustificación de ingresos efectuarase mediante:

- Certificados ou cartas de actualización das pensións emitidas polo Instituto da Seguridade Social ou outros organismos competentes, indicando a contía mensual que perciban os membros da unidade de convivencia que sexan pensionistas ao longo do exercicio do 2017, de ser o caso.
- Fotocopia compulsada das 2 últimas nóminas dos membros da unidade de convivencia que estean traballando, de ser o caso.
- Certificado do INEM, no que se reflicte a contía das percepcións económicas que perciban os membros da unidade de convivencia que se atopan en situación de desemprego, de ser o caso.
- Certificado acreditativo de desempeñar actividade formativa (incluído cursos de formación), dos maiores de 18 anos, de ser o caso.

Se o solicitante resultou beneficiario da axuda económica na convocatoria de 2015 ou 2016, non será preciso que achegue a documentación que se sinala nos apartados 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4, sempre e cando non sufrirá variación ningunha dende a data da súa presentación, en virtude do disposto no artigo 23.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 20.3 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por obrar xa en poder do órgano xestor.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOP, a través da BDNS, e rematará o 2 de outubro de 2017.

O departamento correspondente revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

SEXTA.- TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA

1.- Xunto coa documentación presentada en modelo oficial, en calquera dos rexistros de entrada do Concello de Cambre ou en calquera outro dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, incorporárase de oficio o volante de empadramento.

2.- Unha vez recabada toda a documentación esixida, o equipo técnico municipal de servizos sociais, emitirá un informe proposta acerca do cumprimento ou non dos requisitos esixidos na base terceira da presente convocatoria.

O procedemento de concesión destas subvencións axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que pola finalidade da axuda non se considera adecuado fixar unha orde de prelación entre as solicitudes.

3.- Con base na proposta formulada, as axudas serán concedidas ou denegadas por resolución da Alcaldía ou concellería delegada, no seu caso.

4.- O prazo máximo de resolución e notificación ao interesado será de 30 días hábiles contados dende a recepción da totalidade da documentación requirida.

5.- Unha vez recibida a resolución de concesión de axuda, terán que pasar persoalmente a recoller os bonotaxi polas dependencias de servizos sociais municipais do Concello de Cambre, sito en Río Barcés, núm. 8 da Barcala (Cambre).

O importe global das axudas non poderá superar a cantidade consignada anualmente polo Concello de Cambre para esta finalidade, e repartirase proporcionalmente entre as persoas beneficiarias, sen que a contía concedida a cada unha delas individualmente supere o importe de 600,00 euros.

SÉTIMA.- REGULACIÓN NO USO DO BONOTAXI

Os bonotaxis emitíranse en soporte papel. O seu uso é persoal e intransferible. Expedíranse nas oficinas de servizos sociais do Concello de Cambre, onde se entregarán aos beneficiarios, estando estes obrigados a cumprir as normas establecidas para esta axuda.

Os beneficiarios deberán empregar os bonos para a finalidade con que foron concibidos, polo que deben cumprir de forma correcta coas normas establecidas, así como a do seu uso.

As persoas beneficiarias entregarán os bonotaxis por viaxe, debidamente cubertos, ao taxista como contraprestación do transporte, podendo empregarse todos os bonos que sexan precisos por servizo. Presentarase o DNI ou NIE do beneficiario no momento de facer o pago do servizo a través dos bonotaxis.

Os bonotaxis expedíranse por importe de 0,50 euros, 1,00 euro, 5,00 euros, 10,00 e 15,00 euros. O beneficiario achegará a monea fraccionada correspondente por importe inferior a 0,50 euros.

Os bonotaxis terán validez anual, e só poderán empregarse **ata o 17 de decembro de 2017**.

Poderán empregarse os bonotaxis para servizos dentro da provincia da Coruña.

Os bonotaxis deberán conter:

- Valor do bono.
- Número de bono.
- DNI ou NIE do beneficiario.
- Nome e apelidos do beneficiario.
- Sinatura do beneficiario.
- Núm. licenza taxi.
- Data de expedición do bono.
- Importe traxecto realizado.
- Traxecto realizado.

Cando a utilización desta prestación non se axuste á normativa establecida nestas bases dará lugar á perda do dereito de desfrutar desta axuda.

Os bonos empregaranse para:

- Xestións administrativas (traslados a bancos, xestorías, concello, Seguridade Social, Facenda, Axencia Tributaria,...).
- Visitas médicas.
- Actividades culturais, deportivas, educativas e de lecer.
- Outras a valorar polo departamento municipal de servizos sociais.

No momento en que o taxista facture ao concello os servizos prestados, haberá de presentar adxunto á factura os bonos empregados, agrupados por cada traxecto, e polo menos no primeiro deles constarán cubertos todos os datos indicados anteriormente.

OITAVA.- OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA

As axudas do bonotaxi son persoais e intransferibles, debendo utilizarlos para a finalidade para a que foi concedida.

Unha vez finalizado o período de validez dos bonos e antes do 22 de decembro de 2017, a matriz xunto con bonos sobrantes, no seu caso, deberán ser devoltos aos servizos sociais do concello para os efectos de control do uso dado a estes.

A falsidade dos documentos presentados para a concesión da axuda ou as irregularidades do uso dos bonotaxis entregados, dará lugar ao reintegro do importe dos bonotaxis empregados e á devolución dos pendentes de uso, así como á reclamación dos xuros de constrinximento correspondentes a computar dende o momento en que teñan lugar os respectivos pagos, sen prexuízo de quedar excluídos en futuras convocatorias.

NOVENA.- TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes, o serán para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter esta axuda e serán tratados para os efectos da súa concesión, sendo responsable do tratamento dos datos o departamento de servizos sociais.

Para os efectos da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o solicitante ou representante legal, así como calquera outra persoa ou persoas que acheguen datos persoais á solicitude, autorizan ao Concello de Cambre, a través da Concellería da Área de servizos sociais, a incorporar os datos recollidos a un ficheiro automatizado responsabilidade desta área, que ten por finalidade dar cumprimento ás funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión e prestación de servizos públicos encomendados coa implantación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e o seu desenvolvemento regulamentario, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal complementario a aqueles.

DÉCIMA.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

ANEXO I –

SOLICITUDE DE BONO-TAXI

A. DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
			TELÉFONO
DATA DE NACEMENTO	LUGAR	PROVINCIA	
DOMICILIO	COD. POSTAL	MUNICIPIO	

B. DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
DOMICILIO		MUNICIPIO	PROVINCIA
COD. POSTAL	TELÉFONO	TÍTULO DE REPRESENTACIÓN:	

C. DATOS SOBRE A UNIDADE DE CONVIVENCIA. COMPOSICIÓN

PERSOAS INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	DA UNIDADE DE	NIF	PARENTESCO SOLICITANTE	COA / CO	DATA DE NACEMENTO
SOLICITANTE					

D./D^a _____, como (solicitante ou representante legal) **DECLARA:**

Que todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude son certos e comprobables documentalmente, quedando enterado/a que o ocultamento ou falsidade deles dará lugar á esixencia das responsabilidades que diso puideran derivarse, así como da obriga de comunicar ao CONCELLO DE CAMBRE, calquera variación dos datos declarados ou acreditados que puideran producirse no sucesivo.

Que de conformidade co establecido na normativa reguladora das subvencións públicas, **DECLARA** non estar incurso en ningunha causa de prohibición para ser considerado beneficiario de subvencións e atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

Cambre, a _____ de _____ de 2017. Asdo:

A presentación da solicitude conleva a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións de que o solicitante esté ao corrente das súas obrigas coa AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, en aplicación do disposto no artigo 20.3 da Lei de subvencións de Galicia.

Non autorizo (neste caso achegarase a documentación correspondente)

NOTA INFORMATIVA: Os datos recollidos na presente solicitude facilitaránse de forma voluntaria; en caso de non facelo non será posible o seu trámite. Estes datos serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade da resolución do expediente, cuxo tratamento é responsabilidade da dirección do Concello de Cambre, Área de servizos sociais, e respecto deles, poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal.

Existe a posibilidade de cesión dos datos a outras administracións, entidades ou organismos públicos ou privados, para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas destas entidades e do Concello de Cambre.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE

ANEXO III

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITARLLE DATOS TRIBUTARIOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF), A CUBRIR POR TODOS OS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA MAIORES DE 18 ANOS.

As persoas abaixo asinantes, autorizamos ao Concello de Cambre para solicitar á AEAT a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre o nivel de renda, para os efectos do outorgamento da axuda económica de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida, cando a persoa que figura no apartado A da presente autorización poida resultar beneficiaria.

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B. DATOS DOUTROS MEMBROS DA FAMILIA DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECEMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA AXUDA (Só maiores de 18 anos)

PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Cambre, de de 2017.

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

ANEXO IV

MODELO BONOTAXI

BONOTAXI

Importe: 0,50€, 1,00€, 5,00€,
10,00€, 15,00€

Bonotaxi núm.: _____/2017

Data de expedición: _____

Nome e apelidos: _____

Núm. do DNI ou NIE: _____

Traxecto realizado: _____

Importe total do traxecto: _____

Núm. licencia taxi: _____

O/A beneficiaria ou representante legal

Sinatura

ESTE BONO TERÁ VALIDEZ COMO MODO DE PAGAMENTO ATA O 17 DE DECEMBRO DE 2017.

No momento en que o taxista facture ao concello os servizos prestados, haberá de presentar adxunto á factura os bonos empregados, agrupados por cada traxecto e polo menos no primeiro deles constarán cubertos todos os datos indicados anteriormente.

Segundo: Autorizar un gasto por importe de *dez mil euros* (10.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2017 231 22300.

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, así como na páxina web, paneis informativos e demais medios de comunicación co obxecto de darlle a maior difusión e publicidade á axuda.

Cuarto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións."

O señor alcalde en funcións manifesta que en principio, como xa se falou o outro días nas comisións informativas, simplemente se fixeron modificacións de datas e no prazo de apertura de solicitudes. No ano 2016 dicíase que había que estar empadroado no concello de Cambre cunha antigüidade dun ano anterior á apertura do prazo de solicitude e neste figura que debe de estar empadroado no municipio de Cambre cunha antigüidade dun ano anterior á presentación da solicitude.

Continúa a dicir que o outro punto á que se fai referencia a modificación era que no prazo de presentación de solicitudes en 2016 remataría o día 30 de novembro de 2016 e neste ano 2017 o prazo sería rematalo o día 2 de outubro de 2017, simplemente sería para adaptar as datas aos requisitos mencionados anteriormente.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do Partido Popular, quere manifestar que este programa de bonotaxi leva en funcionamento de maneira bastante satisfactoria dende o ano 2012. Nas últimas aprobacións das bases do bonotaxi que foron nos anos 2015 e 2016 o seu grupo solicitou que se adoptara algún tipo de acordo ou convenio co taxista que ten o taxi adaptado para que dalgún xeito compensar os gastos extraordinarios que ten este tipo de coches, ofrecen un servizo básico e ademais podía ser un aliciente para que outros taxistas cando teñan que cambiar o automóbil o fixesen tamén como un taxi adaptado e así dar un mellor servizo a un colectivo de persoas con mobilidade reducida e procurar que Cambre teña máis dun taxi adaptado.

Continúa a dicir que por outra banda, o sistema de pagamento que teñen os usuarios do taxi adaptado é un sistema de bonos que resulta bastante incómodo. Teñen que cubrir bastantes datos, é un colectivo ao que vai dirixido que ten algunha dificultade nalgúns casos para cubrir todos estes bonos. Solicita que se estude a posibilidade dalgunha tarxeta, hoxe en día que hai banca electrónica, todos os pagamentos on line, que se estude a posibilidade dunha tarxeta personalizada para evitar o uso destes bonos. Di que entende tamén que dende un departamento que segundo se reflicte na acta que se aprobou hoxe de setembro de 2016, un concello de máis de vinte e catro mil habitantes e o concelleiro que dedica catro horas escasas á semana, segundo se recolle no pleno de setembro de 2016, á pregunta de cal era o seu horario, é totalmente imposible poder repasar e mellorar ningún tipo de programa que xa estea en funcionamento e, por suposto, moito máis complicado presentar novas iniciativas.

A seguir manifesta que por todo isto, o voto do seu grupo será a abstención.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o voto do seu grupo vai a ser favorable.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de Unión por Cambre, manifesta que o voto do seu grupo vai a ser favorable.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo vai a ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o voto do seu grupo vai a ser favorable.

O señor alcalde en funcións manifesta que respecto da tarxeta que xa o comentaron o outro día e están en negociacións cunha entidade bancaria para conseguir a tarxeta moedeiro para solucionar este problema. Di que respecto do horario do concelleiro, non son catro horas á semana, porque realmente son máis horas á semana, son cinco días á semana e como mínimo pasa alí abaixo dúas horas, entón, xa son dez horas, polo que non é correcta a afirmación.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do Partido Popular, quere aclarar que ela di e repite o que se recolleu na acta que se aprobou hoxe do mes de setembro, e se quere llo pode ler literalmente que el di que o seu horario aquí no departamento é de 8,10 a 10,00 horas da mañá, dous días á semana, os martes o os xoves, e o alcalde lle repetiu que repetise cal era o seu horario e dixo que o seu horario era ese. Ela non di se está máis ou non, di o que el dixo que lle dedicaba de 8,10 a 10.00. Por outra banda, na páxina web do concello figura a atención ao público é en inverno de 8,30 a 14.00 horas. Di que a verdade é que os usuarios tampouco o teñen moi fácil, porque di unha cousa no pleno do mes de setembro, na páxina web di outro, e pensa que é bo que aclarara o seu horario realmente.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez manifesta que está mal recollido na acta do mes de setembro de 2016, a pregunta que se lle fixera naquel momento era cando recibía aos usuarios, di que entendeu mal a pregunta naquel momento, di que ten distribuídos dous días para recibir aos usuarios de Cambre por temas de servizos sociais, que normalmente é ao día seguinte do que llo solicitan, sempre; pero en principio, como lle solicitaron que tiña que poñer unhas datas determinadas se puxeron para recibir aos usuarios de 8,15 a 10,00 horas da mañá, os martes e os xoves, pero di que o seu traballo habitualmente é todos os días e ás veces e hai xente que o sabe está alí ás 7,45 horas e se vai ás 11 ou 11.30 horas da mañá, segundo dependendo das necesidades do traballo. O que sae aí, son as horas nas que recibe á xente que solicita unha entrevista, e non é martes nin xoves, porque se a solicitan un venres, o máis seguro é que o luns xa o está a recibir.

Dona M^a Jesús González Roel non ten máis que dicir, simplemente repite o que se recolle na acta e a pregunta era cal era o horario que ten, que lle dedica ás concellerías, non era o horario de atención ao público, era o horario que lle dedican ás concellerías e el foi quen repetiu e ela é ao que se atén, non está aquí para mirar se está traballando ou non.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da declaración institucional proposta pola Mesa da Ría do Burgo para urxir á execución do proxecto de dragado da ría do Burgo. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona

Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da declaración presentada.

Única: Declaración institucional proposta pola Mesa da Ría do Burgo para urxir á execución do proxecto de dragado da ría do Burgo

Consta do seguinte teor literal:

“Nos Concellos da Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros, temos situada a ría do Burgo, un espazo natural que se atopa nun estado de degradación moi elevado, debido a centos de vertidos incontrolados tanto industriais como urbanos que durante moitas décadas tiñan como destino a ría do Burgo. Grazas ás actuacións tanto dos gobernos locais como do Goberno da Xunta de Galicia a causa dos vertidos foi solucionada, mostra diso foi a desaparición de empresas contaminantes como puido ser Bunge, Mataderos Conchado ou Sulfitos de La Cros. Así mesmo, tamén se arranxaron as estacións de bombeo dos concellos, derivando as augas fecais para a Edar Bens, onde se fai a súa depuración antes de ser emitida ao mar.

Despois de moitos anos de demandas por parte da Plataforma na Defensa da Ría do Burgo e da Confraría da Coruña (entidade integrante da dita plataforma) para conseguir que este espazo natural tan degradado medioambientalmente e así mesmo economicamente (pois da ría do Burgo viviron mariscando nos anos 80 máis de 2000 persoas, na actualidade son preto de 120 autónomos e cren que esta cifra se podería elevar ata os 400 traballadores directos no mar coa recuperación deste ámbito) se restableza como un dos principais espazos naturais das Mariñas, e se recuperen integramente os seus diferentes usos relacionados coa explotación marisqueira, a práctica de deportes acuáticos, o recreo e espaxemento, así como a conservación e divulgación do patrimonio cultural.

No mes de xullo de 2015 púxose en marcha a chamada Mesa da Ría do Burgo (*Mesa de seguimento para o saneamento integral da ría do Burgo*) unha mesa de seguimento na cal participan os catro alcaldes dos concellos bañados polas augas da nosa ría, a Universidade da Coruña, a Plataforma en Defensa da ría do Burgo e a Confraría de Pescadores da Coruña.

A día de hoxe, a urxencia das actuacións na ría do Burgo multiplícase, xa que maiores atrasos na recuperación, produtividade e calidade do medio ambiente poden ter efectos irreversibles para a súa recuperación.

Resúltanos difícil de entender o atraso, aínda despois de ter pasados xa moitos meses desde que foi sometido a exposición pública e de alegacións o Proxecto de dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo. Denunciamos a falta dun orzamento e calendario real (publicados nos boletíns oficiais) para a inmediata e urxente execución das actuacións da ría do Burgo.

Por todos estes motivos, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Manifestar o apoio da Corporación municipal ás demandas da Mesa da Ría, para que se adopten polo Goberno central todas as medidas oportunas pola vía máis urxente posible (sobre as alegacións presentadas, habilitación orzamentaria do proxecto, calendario de execución deste) para o inmediato comezo que permita a recuperación e rexeneración da ría do Burgo.

Segundo: Demandar ao Goberno galego o apoio a estas demandas, así como a adopción de todas as medidas precisas a favor destas urxentes actuacións na ría do Burgo.

Terceiro: Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa, así como as medidas necesarias encamiñadas a este obxectivo.

Cuarto: Dar traslado deste acordo ao presidente do Goberno español, á ministra de Medio Ambiente, Alimentación e Agricultura e ao presidente da Xunta de Galicia.”

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que por parte do seu grupo quere trasladar o seu apoio a esta moción que entende total e absolutamente xusta e que considera debера ser extemporánea, extemporánea porque que a estas alturas da película se teña que ver na obriga de demandar do goberno galego e do goberno estatal os investimentos acaídos para o saneamento integral da nosa ría, lle parece vergonzoso, e por iso quere facer fincapé en parte do que aquí se menciona tamén, que é apoiar todas e cada unha das mobilizacións que por parte da plataforma en defensa da ría do Burgo se leven adiante e porque entende que é algo fundamental, estratéxico para o futuro non soamente de Cambre senón de toda a comarca e saudar a existencia da propia mesa en si, di que lle parece un experimento, unha experiencia, un exemplo moi bo, moi acaído, moi frutífero do que é a colaboración intermunicipal nun proceso de integración metropolitana como no que aspira a estar, que se conte cos axentes sociais, cos traballadores, cos veciños, coa propia Universidade da Coruña, e felicitarase de que o Concello de Cambre participe desa mesa. Di que moitas veces este tipo de mocións ao seu modo de ver adquire certa carta de cotianeidade ou de rutina e dende o seu grupo político pon o acento na vergonza que supón a altura do ano 2017 vivir diante dunha esterqueira en forma de ría cando podería ser un espazo natural digno de todo eloxio e non soamente cun claro valor medioambiental, paisaxístico, senón tamén fonte de riqueza para os nosos veciños e as nosas veciñas.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que continuando co discurso do BNG, UxC pensa que este debería ser o principio, aínda que está de acordo co BNG que xa debía estar iniciado hai dez anos, non é, este debería ser o principio do tratamento dunha posición estratéxica respecto da área metropolitana, cun espazo declarado medioambientalmente, un espazo de economía produtiva respecto da ría. Di que, polo tanto, por suposto que vai apoiar esta proposta e ademais debía ser unha iniciativa para sacar adiante.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, quen manifesta que pide a palabra antes de votar a urxencia, porque nas comisións informativas se lles entregou esta proposta de declaración institucional e el dixo que non tiña ningún inconveniente en tratala sempre e cando se lle enviaran uns documentos. Di que o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego quedou de enviar a citada documentación ata o día de hoxe. Agora pregunta se se presenta como moción, porque tampouco se lles fixo chegar a moción aos grupos como moción, senón que se lles fixo chegar un texto como declaración institucional.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que de conformidade coa orde do día e como acaba de sinalar o alcalde en funcións loxicamente presentan ao pleno esta cuestión como moción de goberno. Non hai, como non podía ser doutro xeito, ningún tipo de ánimo ocultista por parte deste concelleiro nin deste equipo de goberno á hora de ocultar información ou subtraer do seu coñecemento determinados aspectos deste servizo de transporte público a ningún dos grupos da corporación. Di que realmente estamos diante de algo que non é novo. Estamos diante do segundo proceso de exposición pública dun mesmo expediente en parte conseguido grazas ás alegacións presentadas inicialmente xa o ano pasado no mes de decembro por parte deste goberno municipal. Con total cordialidade, di o que se lle pide é o contrato entre, por así dicilo, Autos Vázquez como empresa concesionaria e a Xunta de Galicia, a través da consellería pertinente, como entidade concesionaria como administración pública titular do servizo. Di que ese contrato, é certo, non o ten. Di que o señor Rivas debería sabelo, porque tivo responsabilidades do goberno durante catro anos, e a documentación e os documentos e os útiles de traballo que traslada en materia de mobilidade e transporte o goberno entrante cando tivo que facer o traspaso de poderes pois eran basicamente un arquivo a mediados e unha caixa de cartón con documentación solta e desordenada.

Continúa a dicir que, aínda que non lle pareza na súa defensa que o Concello de Cambre ten un problema, é que non ten funcionarios, por así dicilo, en ningún departamento constante no tempo dedicado a esta cuestión de mobilidade e transporte. Obviamente, o Concello de Cambre non ten no seu poder este tipo de contratos, que si se poden solicitar, algúns así o fixeron, o fan e o seguirán facendo, loxicamente a administración titular, que é a Xunta. Toda vez que considera que é un tema de urxencia e de emerxencia social, estima oportuno presentalo ao pleno loxicamente como unha moción, neste caso do equipo de goberno.

Don Manuel Rivas Caridad di que se están de acordo que loxicamente el pediu nas comisións informativas unha explicación para decidir se o votaban como proposta de declaración institucional ou como moción. Di que o concelleiro quedou de enviar aquel mesmo día o que el pedía. Podía comunicarlle que non podía enviar o contrato. Tampouco lle pedía o contrato. Di que o primeiro punto: A paralización inmediata e permanente do expediente de modificación do contrato referido. Pregunta que quere dicir isto. Se non lle envían a documentación aos grupos malamente poden estudar a moción. Segundo, di que isto se lle presenta supón e a de entender e quere entender, a moción a presenta non o Bloque Nacionalista Galego, senón que a presenta o goberno de Cambre.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que dixo que tendo en conta desa cuestión o que era inicialmente unha declaración institucional se presentaba ao pleno como moción do equipo de goberno. Di que el, ata onde el sabe, é dono das súas palabras e loxicamente escravos do seu silencio e dixo o que dixo e é perfectamente consciente.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polos grupos municipais integrantes do equipo de goberno (UxC, PSdeG-PSOE e BNG) relativa ao expediente de modificación de contrato de xestión do servizo público regular de transporte de viaxeiros de uso xeral. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción dos grupos municipais integrantes do equipo de goberno (UxC, PSdeG-PSOE e BNG) relativa ao expediente de modificación de contrato de xestión do servizo público regular de transporte de viaxeiros de uso xeral

Consta do seguinte teor literal:

“A Xunta de Galicia está a permitir o avance do expediente de modificación de contrato de xestión de servizo público regular de viaxeiros de uso xeral relacionado co contrato V-7072; XG-446; A Coruña - Présaras - Mezonzo, resultando afectado o Concello de Cambre, nomeadamente as parroquias de Pravio e Cecebre.

Tendo presentes as seguintes consideracións:

- 1.- Que o expediente en curso foi adiante pola autorización discrecional do Goberno autonómico que, tendo como ten e tivo, plena potestade para impedir, anular e/ou paralizar a súa tramitación, optou por permitir un procedemento que, sendo legal, so persegue a mingua na oferta de servizos de transporte á cidadanía.
- 2.- Que a documentación achegada pola empresa concesionaria, así como a súa disposición ao diálogo, resultaron de todo punto insuficientes, ao punto de terse vista obrigada a Xunta a abrir un segundo período de exposición de información ao público.
- 3.- Que está en marcha, segundo a propaganda do propio Goberno autonómico, un proceso de redefinición de liñas e servizos a escala xeral, polo que carece de sentido no momento presente autorizar modificacións puntuais a título individual, inconexas e illadas dunha estratexia común de transporte para Cambre e a Área Metropolitana da Coruña.
- 4.- Que non se aclara en modo algún a subsistencia de frecuencias e paradas no termo municipal de Cambre, ficando o noso Concello nunha situación de incerteza e indefensión á hora de garantir un servizo público básico para os nosos veciños e veciñas.
- 5.- Que do proceso de recortes autorizado pola Xunta de Galicia, certifícase o abandono de servizo ao núcleo do Pastel e inmediacións así como ao Cruceiro de Pravio, elementos estes inasumibles para o Concello de Cambre.

Por todo o exposto, solicitamos á Xunta de Galicia:

Primeiro: A paralización inmediata e permanente do expediente de modificación do contrato referido.

Segundo: No caso de renunciar a concesionaria á prestación do servizo nas actuais condicións, ofrecer a ruta en idénticas condicións a outro operador a través do proceso de licitación oportuno.

Terceiro: Facilitar a plena incorporación, con totais garantías legais, dos núcleos futuriblemente abandonados polo servizo supramunicipal, ao transporte municipal.

Cuarto: Apoiar as accións de denuncia, queixa e protesta que se realicen desde Cambre e o seu tecido asociativo para defender o servizo de transporte actual.

Quinto: Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e solicitar audiencia co Servizo de Mobilidade da Administración autonómica.”

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, manifesta que deben de entender a postura deste grupo municipal. A el, con sinceridade, lle gustaría que non houbera pasado por encima dunha petición simplemente de aclaracións que lle pediu nas comisións informativas.

Volve a reiterar que nin sequera un correo electrónico, nin un fax, nin unha chamada telefónica. Ten serias dúbidas que lle quedan nesta moción que cre ademais que xa as expuxo precisamente nas comisións. Expúxoas e quedaron de enviarlle esa documentación, se a había, ou poñerlle en contacto con el, non se preocupe que mañá a terá. Ata o día de hoxe, e di que o seu grupo non ven preparado loxicamente para a moción, nin sinceramente a estudaron porque pensaron que sería retirada da orde do día e que despois se tramitaría. Contar con estar de acordo en moitas das exposicións que fai o goberno sobre este tema, porque é un tema preocupante, con estar de acordo. O que lle parece xa de todo, dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e solicitar audiencia co Servizo de Mobilidade da Administración autonómica. Pregunta que significa o solicitar audiencia. E que o goberno de Cambre solicita audiencia e o Servizo de Mobilidade non lla dá. Non o entende. Cre que aquí debíase vir cos deberes feitos, é dicir, pois miren non, a Xunta non lles recibe, non quere saber nada deles, o servizo de Mobilidade da administración autonómica non recibe ao concelleiro de Mobilidade do Concello de Cambre. Entón, tomaría outra postura. Con sinceridade, parécelle un atropelo do goberno, e xa di, con estar de acordo coa maioría dos puntos. Antes de presentar isto e pedir audiencia, solicitar audiencia co Servizo de Mobilidade, cre que había que solicitar antes, é dicir, o Servizo de Mobilidade non lles quere recibir ou recíbeos pero non quere saber nada deles. Di que se pasou por enriba deles, non se lles dá explicación, preséntase igualmente ao pleno. Di que o Partido Popular, neste caso, con respecto do goberno non pinta absolutamente nada e di que representan á maioría dos veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, dille que á maioría non. A maioría é aqueles que suman máis, non aqueles que teñen máis. Polo tanto, a maioría non. Di que repite constantemente esta historia, é igual que a repitan, nunca terán a maioría nun sistema parlamentario deste tipo. Non vai entrar na discusión, pero insiste a maioría, non. A maioría é a suma total. Iso é número, é matemática, polo tanto, non é discutible.

Continúa a dicir que respecto deste asunto, como ben sabe o señor Rivas, el levaba o tema de transporte ata hai unha temporada e a verdade é que a capacidade da consellería de Mobilidade para atender a Dirección Xeral é bastante pobre. A actitude é bastante distante e, ás veces, un tanto, displicente. Esa é a actitude, non quere dicir que ao mellor solicitando que chegue o momento que se faga caso. O certo é que o transporte nesta comunidade autónoma é unha relación transportistas-Xunta e os concellos practicamente o único que fan é pagar aquela cota que lle comunican e propoñen. Ben sabe o señor Rivas, que hai reunións non continuas, senón soamente cando os chaman, porque tanto Culleredo como Cambre, como Oleiros, insistentemente dixeron que querían participar neste ámbito de relación entre a consellería e as empresas concesionarias deste tipo de concesión que se están a modificar agora, ata o de agora non se lles chamou absolutamente xamais. Reivindicouse mediante a directora xeral en dúas ocasións, cando menos. Dixéronlles que aquilo era unha charla doutro tipo e que se asinaría un convenio, había que asinar o convenio e punto. Asinaron o convenio, porque se non os veciños de Cambre, Culleredo e Oleiros se quedaban sen transporte. Non quedaba outra. Ou asinaban ou quedaban sen transporte. Tampouco esa é unha actitude excesivamente dialogante.

Continúa a dicir que tamén sabe o señor Rivas, porque sabe que o sabe e debe sabelo, que se está por outros medios intentando chegar a entendementos e aproximacións, ás veces, non directos, ás veces indirectos, mediante mesas de traballo e mobilidade, mediante reunións de alcaldes, etc, etc. A actitude da consellería, tampouco en verdade, non anima moito a solicitar este tipo de cuestións. Agora ben, di que a moción si se presentou como equipo de goberno e a defenderá o señor Carballada, el fala en nome de UxC, porque cre que é de urxencia, cando menos trasladar a consellería un ámbito de que se está aquí e isto é un tema importante para Cambre e se necesita valoralo. Cre que non hai ningunha posición agresiva no titular, senón simplemente é un recordatorio que se necesita que sexa o corpo da administración, o corpo desta corporación a que lle diga a consellería que están todos de acordo en que lle dean audiencia. Non cre que o concelleiro tampouco teña neste tema ningún interese en solicitar desculpas se sente agresivo pero el entende que non é agresivo, que é unha solicitude normal que fai a corporación municipal, que podía facer o goberno, pero que tamén pode facer a corporación no seu conxunto. Neste caso, necesítase que sexa a

corporación no seu conxunto debido á relación que hai, nin boa nin mala, pero bastante distante, porque non hai aproximación, se necesita que sexa a corporación porque isto é urxente paralizalo e é urxente entrar en diálogo.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que dende o seu grupo non poden estar máis de acordo cos argumentos tanto da moción como os que está a expoñer o señor Leirós tamén e pensa que Cambre xa non se pode permitir perder máis servizos deste tipo. Non pode perder nada que non garante a mobilidade dos seus habitantes. O seu grupo pensa que hai que loitar para paralizar este tipo de procesos que serve para desconectar máis que conectar os cidadáns e tamén prega que se faga fincapé nas políticas de reconstrución das liñas interparroquiais dentro do propio concello gañando un pouquiño máis de diálogo coas administracións competentes nestes temas.

Polo tanto, dende o seu grupo apoiarán esta moción.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús Gómez González, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo apoian a moción.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, concelleira de C's, manifesta que o señor Leirós acaba de mencionar que non se lles chamou e que a actitude da Xunta é distante. Di que ten unha dúbida e lle gustaría preguntar e que lle aclararan se se solicitou esa primeira reunión coa Xunta para presentar esta demanda en concreto. Parécelle entender que se había solicitado a Xunta en conxunto certas demandas de mobilidade, pero non esta en concreto pola que vén a declaración institucional. Aclarado este punto, o seu grupo loxicamente está a prol de defender o que é o transporte en Cambre, pero cre que efectivamente o primeiro paso é solicitar a Xunta que se atenda esta demanda e se a Xunta non se vén a razóns, entón, é cando se debe presentar como declaración institucional. De todos os xeitos, o seu grupo a apoia e di que lle gustaría que se aclarara este punto, se realmente se fixo este paso previo ou se presentou a declaración institucional previamente sen dar este paso anterior.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta con total sinceridade, claridade e indiscutible franqueza, primeiramente quere matizar unha cuestión que é que parece que se está dende a oposición dicíndolle ao goberno non tanto o que ten que facer, senón ademais como o ten que facer e non o di pola intervención da compañeira de Cidadáns, senón un pouco pola intervención do señor Rivas. Respecta moito que o señor Rivas tivese unha determinada forma de funcionar, comprenderá que en especial xeito en materia de transportes tendo en conta dos resultados do seu balance de xestión, outros opten por ter un xeito de funcionar distinto. O certo é que o que pretende este concelleiro e este equipo de goberno ao presentar esta moción ao pleno, é que no momento de establecer un diálogo institucional, oficial con luz e taquígrafos coa Xunta de Galicia, considera en materia de transporte e desta cuestión que lles ocupa que para eles é positivo e para Cambre é mellor que se vaia cunha postura previamente consensuada polo maior número de grupos políticos presentes nesta corporación. Considera que lle dá máis forza, considera que é mellor para Cambre que o goberno que pode perfectamente ir polo seu paso a pedir unha reunión, a ter unha reunión nos novos ministerios ou en Santiago co representante de Mobilidade da Xunta, que mellor falar primeiro as cousas en Cambre, tiveron xa tres reunións coas asociacións respecto deste tema, presentalo ao pleno, é dicir, en Cambre con independencia de moitas cuestións que lles desunen e que é un concello moi plural e diverso, nesta cuestión, nestes cinco puntos están de acordo.

A maiores, entendendo, porque entende tamén politicamente esa preocupación, iso se falou coa Xunta, si, rotundamente, si. Presentou o pasado día 26 de decembro, festividade de San Esteban, as súas alegacións no primeiro período de exposición ao público e aí xa mesmamente con rexistro de saída demandaba unha reunión. A maiores, di que el asistiu ata tres reunións con membros do departamento de Transportes da Xunta de Galicia principalmente nos novos ministerios da Coruña, na delegación da Xunta na Coruña e onde

solicitou tamén ter un encontro máis devagar de maneira informal. Di que si o solicitou, tanto de xeito informal, como di, non informal, senón de palabra, senón tamén por escrito.

Insiste que para el iso non é, por así dicilo, o tema de debate central desta moción. O tema de debate central desta moción é que a Xunta de Galicia, o Partido Popular acaba de autorizar a unha empresa como Autos Vázquez a realizar unha modificación unilateral nunha concesión autonómica, onde o concello non ten ningún tipo de marxe de manobra a nivel oficial, e iso é o que se quere buscando determinados subterfuxios evadir do debate deste pleno, e é que o Partido Popular que o tempo nos está a dicir non vos preocupades porque agora caducan todas as concesións do transporte e elaborarán un novo plano que será moito mellor, haberá novos percorridos, di que se espere e que lle diga a Autos Vázquez que se espere, porque tres veces xa, tres veces, se lle negou esta modificación da liña, que se espere un pouquiño máis e o formulan todo en conxunto.

Continúa a dicir que é o que lle din en sindicatos, exdirectores xerais de transporte, membros doutros concellos, xente doutras empresas, que o que está a facer Autos Vázquez é que no argot se chama branquear ou sanear a súa liña, eliminar as partes que a fan, por así dicilo, entre comiñas, deficitaria ou menos atractiva comercialmente para unha posterior venda e é un favor que lle autoriza a Xunta de Galicia.

Di que é o que fai o goberno de Cambre dentro das súas posibilidades non tendo competencias na materia, non tendo persoal técnico funcionario habilitado nin preparado nin empregado nin centrado neste tema, pois é presentar alegacións, é moverse no tecido asociativo, é intentar pulir una postura común co resto de concellos afectados e poñer isto no debate público para intentar en certa maneira que non vaia adiante. Di que presenta a este pleno cinco puntos que son moi de mínimos. Solicita á Xunta que paralice isto, que foi quen autorizou que isto comezara a andar, parálzao. No caso de que efectivamente a empresa se ve que se lle paraliza esa modificación contractual decide renunciar á prestación do servizo, que o seguinte paso, é dicir, se Autos Vázquez di que este servizo non lle interesa, que llo modifiquen; non, que o paso sexa ofrecer a ruta en idénticas condicións a outros operadores, porque el sabe, extraoficialmente, que habería empresas privadas que estarían dispostas a asumir esa liña. Considera que isto é o máis beneficioso para Cambre, que se lle autorice a Autos Vázquez a cometer recortes.

Continúa a dicir que, ademais, en todo isto, a xente pensa que no concello ten a información, o concello sabe. Non. A documentación que o concello ten, de verdade, aí si o di claramente e solicita desculpas porque é certo que non ter o contrato pois non deu o resto da información que ten, que é pública que se pode ver na delegación provincial da Xunta de Galicia. Di que a documentación que presenta Autos Vázquez é total e absolutamente incompleta, parcial, inconexa, é un esbozo. Podería, dalgunha maneira, acreditarlo determinados funcionarios, se non serve dalgunha maneira, por así dicilo, a súa visión. Di que, ademais, hai unha cuestión obxectiva e é que tan escasa foi a documentación que presentaron que se abriu un segundo prazo de exposición ao público, porque a documentación que presentou Autos Vázquez era moi exigua. A maiores diso, di que Autos Vázquez, e non lle quere poñer nome a outras empresas, pero el como concelleiro de transportes chama a outras empresas que prestan servizo en Cambre e collen o teléfono e, se non collen o teléfono, ao longo do día ou ao día seguinte chaman e a plena disposición e sen ningún problema e el cre que eles o coñecen e el os coñece a eles e as tiveron maduras, maduras de verdade. Autos Vázquez, non. Autos Vázquez é o silencio administrativo por resposta.

Di que como punto cuarto, apoiar as accións que o tecido asociativo en demanda lóxica, é dicir, dun servizo que lle van quitar, pois exerza, e quinto, dar traslado do presente acordo á Xunta e dicirlle Xunta en Cambre chegouse a este acordo, quere falar con vostede e déame audiencia. Di que se lle explique onde está o problema. Sabe que hai xente que igual está máis acostumada a falar estes temas no reservado do Rio Ulla ou de Gallo de Oro, ou deste tipo de restaurantes, e ir e pasar a man polo lombo. El prefire actuar con luz e taquígrafos, con acordos plenarios detrás, con pleno coñecemento por parte do tecido asociativo e a súa maneira de funcionar. Cre, honradamente, que está a facer o correcto e pide desculpas por non ter achegada

unha documentación, que é certo que ten e que non é súa, e que é de dominio público, non é unha cuestión que estea unicamente, por así dicilo, no concello, e que de aí non saia.

O señor presidente maniféstalle a don Daniel Carballada que vaia rematando a súa intervención.

Don Daniel Carballada Rodríguez considera que esta moción é de interese de Cambre, é bo para Cambre que esta moción saia adiante.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, manifesta que lle sorprende. Unha moción que formula o goberno de Cambre. Non obstante, interveñen os grupos políticos independentemente e dan a súa aprobación a esa moción. Non é unha moción conxunta do goberno de Cambre. Non sobre señor Leirós. Di que xa sabe que non representa á maioría dos veciños de Cambre, pero si é o grupo maioritario. Si é o grupo maioritario, non o esquezza.

Continúa a dicir que eles que presumen de transparencia. Nas comisións, don Daniel Carballada non estaba presente, porque chegou tarde. Pero si estaba presenta o señor Leirós e se houbera feito esa intervención o día das comisións, ao mellor, a postura do seu grupo cambiaría. Pero non fixo ningunha intervención o día das comisións. Ningunha, señor Leirós, a pesar de ter levado mobilidade. E presumen de transparencia. Di o señor Carballada que tiveron tres reunións co tecido asociativo. E que pasa. Que os grupos políticos non pintan nada. Porque, di, que non foron invitados a ningunha. A súa opinión, non serve de nada. Entón, para que están neste pleno. Ou sexa, que eles o comen e despois dinlles que fan as cousas no reservado do Gallo de Oro ou doutros sitios, pero que eles actúan con luz e taquígrafos. Di que el pide unha mera documentación para traer estudado este tema ao pleno, e non lla dan. Non obstante, fan reunións co tecido asociativo. Pero a eles que están aquí representando a ese tecido asociativo, que lles dean.

Continúa a dicir se a eles lles parece normal a actuación. Eles presumen de transparencia. Non ten máis que dicir. Di que estaría disposto a apoiar a moción. E tampouco quere poñer impedimentos a que a moción vaia adiante porque o problema do transporte en Cambre é un problema que se arrastra dende hai moitos anos e está de acordo en practicamente, e xa o dixo, todos os puntos, por non dicir en todos. O que non está de acordo é no procedemento. Pregunta se a eles lles parece normal o procedemento e di que lle acusan de facer as cousas nos reservados. E non os chaman ás reunións cos tecidos asociativos e non lles chaman a ningunha. A ningunha. Nin lles din van a tratar este tema, poden votar unha man, que ao mellor teñen unha experiencia anterior e poden colaborar e poden empuxar todo isto. Di que o que tiñan que buscar é a unanimidade dos grupos políticos porque está seguro, polo que acaba de oír, que o resto dos grupos políticos tampouco os invitaron ás reunións, polo que lle parece oír.

Non obstante, para que a moción saia adiante, di que o seu grupo se vai abster.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta simplemente, por alusións, que el non sabe se o señor Rivas ten algún tipo de condición especial ademais da de concelleiro que loxicamente teñen vinte e un membros neste concellos. Pero el cando fai unha reunión para os veciños de Cecebre, ou de Pravio, ou de Andeiro, ou de Sigrás, fan unha convocatoria pública, utilizan as redes sociais do concello, envían unha nota á prensa e, se quere, lle manda unha valixa diplomática ao señor Rivas Caridad para que vucencia se entere da citada convocatoria. Ou igual, o que pretende o señor Rivas é que como non pode ir polas parroquias, porque os corren a gorrazos, sumarse ás convocatorias que fai o concello, di señor Castel, señor Castel.

Don Juan Abalo Castex, di que se chama Castex e que o señor alcalde debería poñer orde en todo isto porque se está a insultar.

Don Daniel Carballada pide desculpas.

O señor presidente manifesta a don Daniel Carballada que baixe un pouco o ton.

Don Daniel Carballada di que, non por nada, cando alguén dixo que lles dean, el calou a boca porque procura non discutir con xente xa de avanzada idade. Pide desculpas a don Juan Abalo por confundirse co seu apelido. Cal é a cuestión. Que el actúa loxicamente con luz e taquígrafos, sen ningún tipo de pudor, nin de rémora na súa acción pública. Asume a súa parte de culpa de non terlle trasladado unha documentación que de antemán o señor Rivas sabía que non tiña e por iso a pediu. Entende que está a defender os intereses de Cambre.

O señor presidente intervén para indicarlle a don Daniel Carballada que remate a súa intervención.

Don Daniel Carballada di que remata xa e agradece a súa abstención para facilitar que isto saia adiante e saiba o señor Rivas que aínda que votara en contra, ía saír adiante, porque aquí hai unha maioría de goberno que está a defender os intereses dos veciños e das veciñas de Cambre, non como fixo o señor Rivas nos catro anos que foi alcalde. Quere lembrarlle que o día 2 de xaneiro do ano 2014 os veciños de Cambre se tiveron que atopar sen buses nas marquesiñas.

O señor presidente dille a don Daniel Carballada que remate a súa intervención e solicita ao público que se cale tamén.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polos grupos municipais integrantes do equipo de goberno (UxC, PSdeG-PSOE e BNG) sobre a solución dada ao trazado da Vía Ártabra no treito da N-VI – AP-9 – A-6. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que el na propia votación da urxencia e en parte da moción pediría que o señor Rivas non participara da votación, tendo en conta que é unha persoa, que como é público e notorio, ten defendido determinados intereses de carácter ademais privado e particular e loxicamente lexítimos no trazado da vía Ártabra, solicítalle, loxicamente está na

súa conciencia que faga o que queira, pero dende o BNG se considera acaído que quizais el non debera participar neste debate.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad di que quere lembrarlle ao señor Carballada e non lle dá vergonza nin pudor dicir que el é o concelleiro e voceiro do grupo municipal do Partido Popular. Non ten ningún interese repite, ningún interese, económico no trazado que está en exposición pública que é o que se trata. Ningún. Se o señor Carballada non sabe ver os mapas, míreos.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción dos grupos municipais integrantes do equipo de goberno (UxC, PSdeG-PSOE e BNG) sobre a solución dada ao trazado da Vía Ártabra no treito da N-VI – AP-9 – A-6

Don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que vai a ler a moción e pide a todo e a el mesmo que leven isto con intensidade pero con cordialidade.

Consta do seguinte teor literal:

“O 21 de xullo de 2004 escenificase a necesidade ineludible de que o Plan Sectorial se desenvolva e execute segundo as súas determinacións. Nesta escena se encontran, entre outros, o actual presidente da Xunta, e os alcaldes de Oleiros, Culleredo e Abegondo. Tamén estaban os que no seu momento eran alcaldes da Coruña, Arteixo e Cambre.

O 20 de setembro de 2004, sendo conselleiro de Política Territorial o Sr. Feijóo e director o Sr. Agustín Hernández, publícase no DOGA a resolución do 9 de setembro: *‘Pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia pola que se aproba definitivamente o Plan Sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo.’*

O Plan Sectorial nace coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestruturas da rede viaria. Para isto define determinacións de política de intervención territorial que comprometen aos documentos que o desenvolven.

Entre estas determinacións destacamos as seguintes:

- **POTENCIACIÓN DA ACTIVIDADE COMERCIAL.**
‘Mellora da accesibilidade intrazonal que actúa como elemento potenciador da actividade comercial.’
- **MAIOR EQUILIBRIO TERRITORIAL E COHESIÓN SOCIAL.**
‘Dotación duns niveis mínimos de accesibilidade para as zonas rurais e urbanas máis desfavorecidas, de forma que se estableza un maior equilibrio territorial e cohesión social.’
- **LIBERALIZACIÓN DE PEAXE.**
‘Para potenciar a penetración polas vías de alta capacidade como a AP-9 ou a A-55 considérase necesaria a liberalización da peaxe nos treitos da área de estudo. Á súa vez a permeabilización da Autopista do Atlántico a través de novos enlaces dotaría dunha maior accesibilidade a zonas como o aeroporto de Alvedro ou á ría do Burgo. En concreto se estuda realizar un enlace na Corbeira, na área de servizo do Burgo, mellorar o enlace da Barcala e completar o enlace en Catro Camiños (libre de peaxe).’

No acordo de aprobación definitiva do plan sectorial, posto que en Cambre non estaba definido o trazado, tómase a decisión de que sexa o propio Concello o que redacte a proposta de trazado neste treito.

Literalmente di: *‘1.4. Déixase en suspenso o trazado do treito da vía 13 conexión AP-9/A-6/N-VI (Cambre Oleiros) comprendido entre a estrada AC-221 (acceso ao polígono de Cambre) e a A-6. O planeamento de Cambre deberá incluír unha solución que una o polígono de Cambre coa A-6, con características VR-80 entre o polígono e a AP-9 e, con características de C-80 e accesos controlados entre a AP-9 e a A-6.’*

O 23 de febreiro de 2006, o Concello de Cambre cumpre coa obriga de aprobar un trazado axustado ao solicitado. Isto é, redactando un proxecto de acordo ás condicións mencionadas no anterior apartado. Polo tanto, o que tocaba é que a Consellería cumprise a súa parte, integrando a solución no Plan Sectorial.

21 de febreiro de 2008. A Xunta de Galicia, do bipartito, aproba provisionalmente o proxecto de trazado, pendente no treito de Cambre. O trazado é o mesmo que o aprobado polo Concello de Cambre, pero non se axusta, nin ao documento aprobado en pleno nin ao plan sectorial, nas seguintes cuestións:

- A conexión coa AP-9, non completa o nó de Catro Camiños con peaxe libre en todas as direccións.
- Incorpórase unha pata de conexión coa AP-9, na posición do lugar de Armental, con área de peaxe.
- O treito entre a AP-9 e a A-6 defínese con características de VR-100 e non de C-80, tal e como estaba previsto.
- Non se realiza o nó previsto en Bribes.

Ante a insistencia do Concello pola falta de xustificación do acordado, recíbese o 5 de agosto de 2008 un simple escrito do subdirector (nin sequera do director) de Planificación, respecto do cambio de clasificación da vía dunha C-80 a unha AV-100. Curiosa forma de xustificarse, nunca un informe dun subdirector puido modificar un acordo do Consello da Xunta, pero así foi.

O 23 de abril de 2009, a Xunta de Galicia acorda a aprobación definitiva do proxecto de trazado, sen atender as alegacións e a pesares de que o documento non se axusta ás determinacións descritas e previstas no Plan Sectorial Viario. A escusa, naquel momento é que Fomento non permite a conexión libre de peaxe.

O 19 de maio do 2009, o Concello de Cambre, ante a falta de xustificación no rexeitamento das alegacións presentadas e a absoluta desconsideración a estas, presenta un recurso de reposición, que a día de hoxe, 13-02-2017 (oito anos despois), segue sen ser contestado.

Posto que o Concello non recibía resposta ás súas razoables demandas, despois de traelas ao pleno polo menos nunha ocasión máis, aprobalas por todos os grupos e eleválas á Xunta, procédese coas seguintes actuacións:

- Elévase proposta ao Consorcio das Mariñas para que solicite información sobre este asunto. Trátase en pleno do 17 de abril de 2015.
- Con data 22 de abril de 2015 o presidente do Consorcio, D. José Antonio Santiso Miramontes, traslada o acordo do pleno a tres entidades, interesándose polo asunto: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; Ministerio de Fomento; e Audasa.
- 14 de maio do 2015. Recíbese no Consorcio escrito da Consellería de Medio Ambiente. Neste traslada unha obviedade, ao dicir que a Vía Ártabra é libre de peaxe e que a conexión coa AP-9 depende do Ministerio de Fomento.
- O día 24 de novembro de 2015, o Concello de Cambre mantén unha entrevista coa conselleira de Medio Ambiente, onde lle solicita información sobre os asuntos pendentes: conexión coa AP-9, en Catro Camiños (Pravio), libre de peaxe, e solución ao treito de conexión coa A-6. A resposta é que non se vai tratar a conexión solicitada.
- En xaneiro de 2016, solicítase reunión de todos os alcaldes do Consorcio das Mariñas, co presidente da Xunta de Galicia para tratar o asunto da Vía Ártabra.
- Como resposta o día 18 de maio de 2016 recíbeos a conselleira. Nesta entrevista se lle solicita que se estude e valore a posibilidade de situar o enlace da Vía Ártabra e AP-9 en Catro Camiños, co obxecto de comprobar a non viabilidade, por incumprimento da normativa, alegada pola consellería. Así mesmo, solicitábase que posteriormente se abrise un breve período de intercambio de información.
- Como resposta o 8 de febreiro de 2017 a Consellería anuncia o acordo de someter a exposición pública o proxecto de construción da Vía Ártabra, treito N-VI – AP-9, así como a relación de bens.

Os feitos non deixan dúbida sobre que a Consellería non atende nin vai atender de antemán ningunha cuestión que se lle propoña neste asunto, que está pechada en banda e que non vai dispoñer vías de entendemento. Non escoitaron ao anterior alcalde nin ao actual nin ao conxunto dos alcaldes que constitúen o Consorcio. Non sendo isto o máis rexeitable, senón que o faga sen xustificar a súa decisión de non estudar a posibilidade ao nó en Catro Camiños libre de peaxe.

Ademais das cuestións formuladas sobre o proxecto de trazado, o proxecto construtivo agudiza o problema ao modificar o eixe de traza, priorizando a conexión coa AP-9 en contra da continuidade de traza da A-6.

Todas estas cuestións foron modificando as directrices que se aprobaron no Plan Sectorial Viario sendo conselleiro o actual presidente da Xunta de Galicia, nin se atende á potenciación comercial, Nin ao equilibrio territorial e a cohesión social, nin se liberaliza a peaxe en Catro Camiños. Desvirtúase o eixe AP-9 – A-6 e se menosprezan as solicitudes dun bo número de alcaldes da área. En definitiva, o proxectado vai en contra do avalado, no seu momento, polo hoxe presidente da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Cambre acorda solicitar á Xunta de Galicia:

Primeiro: Que cumpra co acordo de aprobación definitiva do Plan Sectorial (Validez do proxecto de trazado presentado polo Concello no ano 2006).

Segundo: Que a conexión coa AP-9 se leve a cabo por Catro Camiños con peaxe libre en todas as direccións.

Terceiro: Que declare inadecuado o proxecto construtivo que está a exposición pública polos motivos sinalados na exposición anterior.

Cuarto: Que a Xunta de Galicia responda ao recurso de reposición contra o trazado que enlaza na Gándara presentado no 2009 e que oito anos despois segue sen contestación.

Quinto: Que declare publicamente que non haberá peaxes e que aclare por que no documento que está a exposición pública se detallan as praias de peaxes a pesar das declaracións da conselleira de Infraestruturas nas que aseguraba a inexistencia delas.

Sexto: Que a Xunta de Galicia respecte as determinacións plasmadas no Plan Sectorial da rede viaria da Coruña de política de intervención territorial nos que prima a 'potenciación da actividade comercial', coa mellora da accesibilidade intrazonal que actúa como elemento potenciador da actividade comercial.

Sétimo: Que a Xunta de Galicia respecte as determinacións plasmadas no Plan Sectorial da rede viaria da Coruña de política de intervención territorial no que prima un 'maior equilibrio e cohesión social' coa dotación duns niveis mínimos de accesibilidade para as zonas rurais e urbanas máis desfavorecidas, de forma que se estableza un maior equilibrio territorial e cohesión social."

Don Juan González Leirós di que resumindo isto o problema que ten isto é que un nó que se podía presentar en Pravio, en Catro Camiños, e que isto afectaría a dezasete mil habitantes case, como son Cecebre, Pravio, Bribes e parte de Cambre, que quedarían preto do nó, de repente, se teñen que desprazar a Muíño Vello, que queda abaixo e polo tanto, fóra case do termo municipal aínda que pertence ao termo municipal practicamente non beneficia nada a Cambre, co que se quedaría sen ningunha conexión directa a AP-9, polo menos próxima, polo que lle parece grave. Soamente outro matiz, Cambre é aquela poboación que está dando e dotando de máis infraestruturas de carácter nacional e rexional á comunidade ou á area metropolitana da Coruña e non obstante é a que menos enlaces recibe para chegar a solucionar os problemas que ten Cambre. Cre que é unha débeda histórica que se debe acometer neste momento.

Di que respecto do punto sétimo que significa isto. Significa que unha vía Ártabra ben trazada permite que a xente de Bribes estea en dez minutos na Coruña. Isto é integración social. Isto é cohesión social. Que Bribes poida chegar en dez minutos á Coruña ou poñerse en Arteixo, di Bribes, como Santa María de Vigo, como as posicións da área sur de Cambre que están hoxe en día peor posicionadas, teñen que acercarse a

poboacións moito máis. Isto é cohesión social. Isto permite outra dinámica e outra calidade de vida que cre que é importante.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, maniféstalle ao señor Leirós que é unha magnífica exposición. Antes de nada, el pediríalle ao concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, o concelleiro de Mobilidade que retirara as palabras que dixo anteriormente, para que non figuren na acta, porque causan dano e son coitelos que se lanzan ao tendido e di que lle pregunta aquí publicamente cales son os intereses afectados de Manuel Rivas Caridad pola vía Ártabra, que os defina o concelleiro.

Di que con respecto da moción, dille ao señor Leirós que a vía Ártabra anda a tombos dende o ano 1998, non dende o ano 2004, no 2004 efectivamente cando o señor Feijoo, presidente hoxe da Xunta, era concelleiro de Política Territorial foi cando se aprobou o primeiro documento. Pero di que xa moito antes leva andando tombos. A verdade é que, e el o sabe, houbo varias plataformas, unhas por un sitio, outras por outro, outras por ningún sitio, outras que non se faga, varias plataformas. Este é un debate político, non é un debate técnico. O señor Leirós acaba de afirmar aquí que un señor de Cambre, se se fai o enlace na Gándara, ten que ir ao Muíño Vello. Ao mellor dito así, pois a xente que está no público igual o cre. Pero o señor Leirós sabe que isto non é certo. Non é certo. E o señor de Bribes, tal e como estaba deseñada a aprobación no ano 2008 cunha VR-100 que estaba sen enlaces en Bribes nin en ningún outro sitio, un señor de Bribes tiña que vir a Cela, coller a rotonda de Cela volver a ir a Bribes para estar na Vía Ártabra. E tiña que vir a Cela pola estrada convencional.

Continúa a dicir que dito isto, cre que o señor Leirós nestas reunións que cita na moción co presidente do Consorcio e con outros alcaldes da comarca, incluído o alcalde da Coruña, que loxicamente celebrou o goberno, os demais non poden participar, pero non se posicionaron no tema do trazado. No que si se posicionaron é no que se posicionan todos, que sexa libre de peaxe e aí estarán, e sabe que durante o mandato que tivo tamén o solicitou á consellería. Di que se ten que crer ao goberno municipal, porque o señor Leirós non cre á concelleira cando non figura a peaxe no proxecto. Porque sabe que non figura. O señor Leiros di que non está seguro. Pero é que a decisión a ten Fomento. Non a ten a consellería. O que tampouco lle di aos veciños o señor Leirós é que naquel proxecto que facía a unión coa AP-9 en Catro Camiños son que nove veciños, nove casas, arrasábaas a Vía Ártabra. Nove, máis o castro. Nove. E o trazado que está agora en exposición pública non colle ningunha. Ningunha vivenda. E dille ao señor Leiros se está tan lonxe a Gándara de Catro Camiños. Ao mellor hai unha distancia abismal. Non obstante, o que si está lonxe é que o veciño de Bribes teña que vir a Cela para coller a Vía Ártabra. É dicir, para ir á praia tiña que vir de Bribes a Cela pola estrada normal, subir a Ártabra para ir á praia a Lorbé, pero antes tiña que volver a Bribes, polo enlace que tiña en Cela. Esa é a realidade. Repite, esa é a realidade, señor Leirós. E isto, como di, é un debate político. Quen aprobou todo aquel cambio do aprobado no ano 2004 e o que cambiou todo isto foron precisamente os seus socios de goberno, partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego. E ademais tiraron abaixo un acordo aprobado polo consello da Xunta simplemente coa sinatura dun subdirector xeral. O señor Leirós sábeo, porque o viviu, e o viviu en Oleiros.

Don Manuel Rivas continúa a dicir que con respecto do que di o señor Leirós de que todos os alcaldes están de acordo, os alcaldes cos cales mantén bo talante e boa conversación cando está con eles, o que están desexando é que se faga o enlace canto antes, canto antes, e non atrasar máis con outro proxecto de enlace que non sabe se se pode facer, porque, ademais, a Lei de estradas, e o señor Leirós o sabe, prohíbe, non sabe a que distancia se é dun quilómetro ou de 750 metros ou 1250 metros, non o sabe, repite prohíbe ter máis dun acceso nunha autovía. Polo tanto, se se fai o enlace en Catro Camiños se eliminarían os dous enlaces que hai. Así de claro, señor Leirós. E iso tamén llo dixo a consellería. Di que o señor Leirós que tivo a reunión coa conselleira, a consellería todos estes termos xa llos dixo. Pero é que van polo mundo ademais tratando de avasalar.

Continúa a dicir que o día que a conselleira presentou esta exposición pública as manifestacións do señor alcalde de Cambre tanto en prensa como en radio, a verdade é que non lle sentan ben a calquera, cando sobre todo, despois hai que dicirlle á señora conselleira que queremos isto para Cambre. Van pola vida así, polo tanto, que quere que lle diga. Cre que o que está en exposición pública é bo para o veciño de Cambre, porque hai que pensar que a Vía Ártabra desde Lorbé ata a AP-9 é unha autovía. En Oleiros fixéronse algúns accesos que están fóra de regulamentación e o señor Leirós o sabe, porque estaba en Oleiros, pero non permite accesos cando un queira. Teñen que estar a unha certa distancia. Di que o señor Leirós o sabe perfectamente.

Manifesta que o seu grupo dende logo non pode apoiar o que se pide nesta moción. O seu grupo non o apoiará. Se o señor Leirós lle di que o apoie na liberación da peaxe. Agora mesmo. Apoia ese punto. Pero o resto, non vai entrar a apoiar que agora se avalíe o redactar un proxecto novo que vai custar outros douscentos mil euros a todos os que pagamos impostos. A todos os veciños, sexan de Cambre, de Oleiros ou de Culleredo.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que dende o seu grupo Asemblea Cidadá de Cambre entende que todo proxecto desta envergadura de nova infraestrutura debe nacer da consideración previa dunhas necesidades ou carencias ás que se pretende dar unha solución razoable e proporcionada en relación co custo beneficio, económico, social, ambiental que poidan chegar a provocar, valorando en cada caso de que maneira pode afectar aos veciños, ás veciñas e ao conxunto da cidadanía.

Expón que un concello como Cambre, onde o territorio conta xa con grandes infraestruturas viarias, autoestrada, AP-9, autovía A-6, a rede de ferrocarrís, estradas nacionais, é un proxecto de vía de alta capacidade, neste caso, a Vía Ártabra, establecido no plan viario comarcal ademais das futuras vías incluídas nos distintos documentos do plan xeral de ordenación municipal. Isto é motivo máis que suficiente para que o trazado da Vía Ártabra ao seu paso polo concello de Cambre necesariamente ten que ser ou fose estudado escrupulosamente para evitar o menor prexuízo para a poboación e o territorio. Di que non vai abondar dende o seu grupo nos argumentos expostos ademais pormenorizadamente cousa que agradece na presente moción e en moitas alegacións que veñen sendo presentadas moitas delas e ademais obxecto de debate neste concello e no propio pleno municipal.

Continúa a dicir que para o seu grupo non existe motivos para un cambio de formulamento respecto dos documentos e das iniciativas presentadas con anterioridade e establecidas na moción e aprobadas por unanimidade nos distintos plenos do concello. A moción fai descrición dun proceso longo no tempo onde houbo xa un amplo debate e participación, entende que tamén consenso, feito que debería seguir predominando no futuro por interese do ben común.

Expón que dende Asemblea Cidadá entende que unha obra como dicía antes desta envergadura vai ocasionar, certo é, distintos problemas nas zonas polas que atravesa especialmente cando como ocorre no caso de Cambre se trata de territorios xa cunha certa densidade de poboación. No actual documento, a ruptura da permeabilidade do territorio é unha das consecuencias, entende, máis grave da implantación do proxecto actual con efectos negativos sobre os veciños do concello de Cambre onde, dalgún xeito, se pecharía a unha parte da poboación entre as infraestruturas viarias existentes no termo municipal, dificultando o acceso ás actuais vías como é o caso da eliminación do enlace no lugar de Catro Camiños en Pravio, trasladado no proxecto actual á zona da Gándara coa incerteza da instalación desta área de peaxe co conseguinte prexuízo para os habitantes e especialmente na parroquia de Pravio.

Di que lle corrixa, se se equivoca, o señor Rivas, pero das súas palabras creu entender que se daba por feito que efectivamente vai haber unha peaxe. Entendeu mal cando dixo que apoiaría en todo caso a liberalización da peaxe. Se non hai peaxe, non hai porque liberalizala. Tamén con respecto deste tema e como

evidentemente moi, moi confuso se vai haber ou non peaxe, indica que o seu grupo municipal se puxo en contacto co grupo parlamentario En Marea para que se faga esta pregunta no parlamento. O texto da iniciativa que presentou ante o parlamento para que En Marea esclareza e, ademais e un si ou un non, tampouco ten moita máis chicha. Efectivamente, preguntará se poden informarlle se no enlace do vial da Vía Ártabra coa autoestrada AP-9 no lugar da Gándara-Armental en Pravio vai estar dotado unha área de peaxe e se o servizo será gratuíto. É tan sinxelo como contestar a esta pregunta.

Expón que o concello, entende, polo tanto, como administración máis próxima aos cidadáns, se debe implicar cos problemas que poidan ter os veciños derivado da construción desta nova infraestrutura. O papel do concello, entende o seu grupo municipal de Asemblea Cidadá de Cambre, debe ser o de contribuír a que se dea un verdadeiro equilibrio entre os intereses, por un lado, da construción dunha obra pública que trata de beneficiar aos cidadáns e a económica da zona en xeral, e por outra, que os intereses concretos das persoas de Cambre afectadas por esta obra sexan defendidos e respectados ao máximo.

Di que por estes motivos e no ánimo de facilitar o labor aos veciños se debería, entende, habilitar unha oficina de información exclusiva para o tema da Vía Ártabra co soporte técnico necesario facilitando tamén un modelo de alegación xenérico. Para rematar, di que Asemblea Cidadá de Cambre apoia, evidentemente, a moción para deixar sen efecto a aprobación da actual proposta da Xunta de Galicia do proxecto da obra Vía Ártabra no treito AC-221 polígono de Cambre, autoestrada AP-9, A-6 e avaliar como a máxima obxectividade as propostas realizadas polas distintas corporacións de Cambre, insiste, aprobadas por unanimidade co fin de conseguir unha maior integración da Vía Ártabra no contorno municipal adoptando as medidas necesarias ás necesidades do presente e do futuro de concello de Cambre, tanto dende o punto de vista territorial, poboacional, ecolóxico e social.

Dicía hai un momento o señor Leirós que agradecemos a extensión aínda que a súa lectura poida resultar incómoda, pero agradecemos a extensión da moción, porque efectivamente é un tema complexo, longo no tempo e con respecto disto, simplemente facer unha suxestión para completar aínda máis, se cabe, a moción con respecto do primeiro puntos dos acordos que di: “Que cumpra co acordo de aprobación definitiva do Plan Sectorial (Validez do proxecto de trazado presentado polo Concello no ano 2006)” e engadir: “e ratificado na sesión extraordinaria da Comisión Informativa Especial para o plan xeral e de coordinación municipal da Vía Ártabra de data 3 de xuño de 2008”. Simplemente é unha puntualización para engadir a este punto.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que, se non lle parece mal ao señor Rivas aínda que esta sexa unha moción do equipo de goberno municipal, dende o Bloque Nacionalista Galego ao abeiro da regulamentación vixente loxicamente fai uso da súa palabra para explicar o sentido do seu voto como grupo municipal e o seu parecer político.

Pedíalle, por certo, o señor Rivas dúas cuestións que entende contraditorias. Por un lado, que desculpase as súas palabras previas e por outro que entrara un pouco no debate sobre elas. De cara a ter unha relación persoal cordial e asumindo que puideron ser unhas palabras duras dende o punto de vista persoal, retíraas e pide publicamente desculpas e, sobre todo, se o señor Rivas entende que non hai ningún tipo de impedimento para que participe deste debate, el dende logo dá as súas palabras por boas porque confía loxicamente na súa palabra e no seu criterio, como non pode ser doutra maneira, e iso o fai con todos os membros desta corporación. Dixo o señor Rivas aquí si bastantes verdades ao seu modo de ver, se llo permite. Dixo unha que é categórica. Dixo este é un debate político, non técnico. E efectivamente. O Bloque Nacionalista Galego está moi de acordo e cre que baseándose en criterios técnicos se chega a unha posición política que cada grupo ten en certa maneira a súa, aínda que poida parecer de boas a primeiras que todos teñen unha postura común.

Continúa a dicir que ao seu modo de ver, a moción que aquí se presenta está moi fundamentada, moi traballada e moi ben redactada. Incluso, di que lle engadiría algunha pequena cuestión, porque fala si aquí é

certo, se presentou a este pleno unha fantasma recorrente, que é o goberno bipartito que devastou Galicia entre o ano 2005 e o ano 2009 e do que parece que oito anos despois seguen sendo vítimas. É dicir, que efectivamente foi ese goberno bipartito o que errónea, equívoca e lastimosamente aprobou de maneira inicial e provisoria un proxecto de trazado que, se ben é certo, que no trazado non tiña problemas si noutro tipo de consideracións do respecto das demandas de Cambre, pero que non se debe esquecer nin por un segundo é que foi Alberto Núñez Feijoo concretamente sete días despois de ser investido presidente da Xunta de Galicia, ou sexa que o tomou con présas, quen o 23 de abril do ano 2009 aprobou definitivamente o proxecto en cuestión. Ergo foi o Partido Popular quen lle deu para adiante a este proxecto, toda vez que aínda a M^a Jesús lle moleste e non lle deixe continuar coa súa intervención, a Xunta de Galicia do infausto bipartito a través dun subdirector mal que ben. Dille a dona M^a Jesús que se llo permite segue falando, se non, insiste que falan eles todo como fixeron corenta anos e sen maior problema.

Dona M^a Jesús González Roel manifesta que non abriu a boca.

Don Daniel Carballada di que cuestión esta que loxicamente lle parece acáida presentar aquí. Pregunta por que. Porque o que está aquí en certa maneira en debate é o papel da administración autonómica baixo mandato do Partido Popular e o nulo caso que fai ás esixencias de Cambre. O seu grupo entende que é necesario facer valer as demandas dun concello de vinte e catro mil habitantes que, efectivamente como aquí se dixo, está sucado de norte a sur e leste a oeste por infraestruturas que comunican coa cidade da Coruña pero que non acaban de prestar servizo. Por isto, chega ao posicionamento político de que tecnicamente existen catro alternativas nestes momentos que dan mellor solución ás demandas de Cambre. Considera que hai un problema político tamén de peso, de capacidade de presión, de que igual se fora outra zona do país, outro concello, outra comarca, pois a Xunta si sería máis receptiva ás demandas, entende, xustas demandas, pero o certo é que de momento non se está a conseguir, con escusas, que de verdade, a estas alturas da película, que se diga que a Xunta non se pode comprometer a liberar a peaxe porque iso é de Fomento e a Xunta é do PP, e Fomento é do PP e Carballada que non sabe ler nos mapas di se son do PP uns e outros que se poñan de acordo e tiren para adiante con isto. Considera que iso é algo que a estas alturas si é esixible e hai unha responsabilidade política por parte do Partido Popular.

Felicita simplemente a redacción desta iniciativa no sentido, no camiño do verdadeiramente importante na existencia das infraestruturas. Recoñecer o que de importante teñen en canto ao equilibrio, vertebración, cohesión e dinamismo social. É moi importante que se atendan estas demandas para que as parroquias máis rurais de Cambre, as zonas máis afastadas do hinterland da área metropolitana da Coruña poidan penetrar mellor tanto coa propia cidade como intercomunicarse con distintos puntos. É fundamental á hora de falar do urbanismo de Cambre a medio e longo prazo do concello que se terá o día de mañá conseguir que estas demandas que se formulan, estas alternativas que se formulan vaian adiante.

Polo tanto, o voto do seu grupo loxicamente vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), expón que nas comisións manifestou que tiña certas dúbidas. Por isto, quere agradecer ao señor Leirós que lle atendeu moi ben e lle deu unhas explicacións que de verdade lle aclararon moitas cousas, porque sabe que o tempo dun concelleiro de Urbanismo custa diñeiro. Di que llo quere agradecer.

Considera que o proxecto que presenta Cambre é moito máis beneficioso que o tratado que decidiu a Xunta, por moitos motivos que xa se enumeraron aquí, como as dúbidas se haberá ou non peaxe. Para o seu grupo especialmente, porque o trazado que o goberno propón no final dunha das vías propostas queda a porta aberta a continuar esa vía e poder amañar o grandioso problema que se ten entre a conexión da nacional 550 co polígono do Espírito Santo. Por que. Porque satura o centro de Cambre. Porque o centro de Cambre está cheo de camións, de furgonetas, de turismos que van ao polígono do Espírito Santo. Tárdase máis en chegar dende o cruzamento da Rocha ao polígono do Espírito Santo que dende Ordes chegar ao cruzamento da

Rocha. Esa accesibilidade é a grande esquecida. Ninguén a tivo en conta. Polo menos, o que o goberno propón, xa se sabe que agora non se pode facer, nin se vai executar agora, pero quedaría o vial encamiñado para que máis adiante si se puidera facer. Cre que é un dos grandes problemas que ten o centro de Cambre cos atascos.

Continúa a dicir que conste que ao seu grupo, ten que dicilo, lle gustaba moito máis o primeiro proxecto de cando estaba o exalcalde don Antonio Varela, que era aquel que remataba no porto exterior, porque precisamente a Cambre lle daría unha centralidade enorme. Non pode ser. Hai que optar por outras solucións. Cre que a proposición do goberno está moi traballada, que pode ser moito máis beneficiosa para Cambre e se falou aquí doutros alcaldes. Outros alcaldes saen beneficiados co trazado da Xunta e Cambre queda aí como en terra de mingúen. Se deciden apoialo eles pola súa conta e non dar o apoio a Cambre, tamén está mal feito. Hai que rexer polo principio de solidariedade e porque o teu concello saia beneficiado tes que ter en consideración tamén aos outros. Di que é unha posición un pouco egoísta por parte dos outros alcaldes. Os concellos limítrofes con Cambre teñen que ser conscientes de que se o servizo lles beneficia a eles, lles ten que beneficiar a todos. Non poden usar a Cambre para saír eles beneficiados e que Cambre simplemente asuma a peor parte da obra.

Polo tanto, o voto do seu grupo vai a ser a prol.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que non se vai estender moito pero vai ir ao revés.

Quere dicirle a don Daniel Carballada que o bipartito non tivo un erro de trazado. Non. O bipartito tomou a única opción que lle deixou Fomento e Audasa porque non lle permitían facer en Catro Camiños a peaxe libre. Sábeo por dúas consideracións. Por consideracións persoais, por coñecemento propio e porque así era. Audasa negouse, fixo un informe xunto con Fomento. O que se lle reclamou naquel momento por parte dalgunhas asociacións, non vai a mencionalas, que non é ese o tema, e por parte do concello naquel momento pero, sobre todo, por parte das asociacións cun cabaleiro que se chamaba José Antonio Baamonde, que lles abriu ás portas da consellería, iso é verdade, e a pesar que é de dereitas, e moi de dereitas, incluso no seu estilo, a verdade que el o apoiará sempre porque no seu corazón é unha persoa, é coherente, sempre estará ao seu lado nese sentido, ideoloxicamente non se soportan, pero é igual. Quere dicir que o bipartito tomou a única opción que había, que era se non o podían facer aquí. Nese momento que se lle dixo ao bipartito. Tedes un goberno do PSOE en nacional, ir alí e pelexalo. Que é o que se quere. Tomar outra opción, que foi a que se tomou, reclamar a autoestrada AP-9 para a propia autonomía e a partir de aí somos nós os que negociamos con nós mesmos as posibles entradas e saídas, é dicir, isto ten un discurso que el, que ten algunhas virtudes pero que ten moitos defectos, e un dos defectos é crese que sempre se pon nunha posición de dicir cousas que non debe, porque ao mellor se cren que está sendo pedante, ás veces, as cala, pero isto ten un discurso máis longo, isto ten un discurso de nacionalidade, un discurso de quen é a autoestrada AP-9, de se AP-9 é nosa, se poden discutir eses asuntos. Ten unha discusión de porque Audasa ten uns informes con Fomento e que lle poden botar un pulso a Fomento e lle poden botar un pulso á propia comunidade. O terceiro discurso é moi fácil. Señores, estamos estruturando unha área metropolitana. Cambre soamente é unha peza da área metropolitana. Pero a área metropolitana, se a ven, é un anel que hai unha cidade central, catro vías que son a N-VI, a autoestrada e a A-6, que desembocan nun punto máis ou menos, e o que hai que facer son as transversais para que isto funcione ben.

Segundo, hai que pensar que a cidade, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada está aí, ao marxe da cidade central que se chama Coruña, que tamén participará, pero está aí e se ve. Di que cada vez os estudos o din claro. Na área metropolitana estanse a estudar todos estes temas. Cada vez dáse máis influencia entre as relacións entre Cambre, Culleredo, Arteixo que case coa cidade central. Por que se pasa pola cidade central. Porque obrigatoriamente antes se tiña que pasar pola cidade central. Pero a relación comercial no ámbito deste círculo móvese máis noutras transversais de estradas, Arteixo, Cambre. Esta é a mobilidade

que se necesita e, polo tanto, Cambre é unha peza esencial nesta mobilidade. Di que ao bipartito se lle pode botar unha culpa e iso é verdade, a Caride e a Luis Vázquez nese momento que era a conselleira e o director xeral. Non foron o suficientemente valentes o non tiveron a forza suficiente co presidente da Xunta, así o ten que dicir e o sente moito, el os coñece, son amigos, pero non tiveron a virulencia suficiente para ir a Madrid e impoñerse e dicir non, isto ten que ser libre de peaxe. Por que. Porque Vigo a ten dende área sur a área norte, Santiago a ten desde á área sur a área norte e Coruña como non ten área sur e área norte necesita ter unha área de peaxe primeira de Arteixo, Cambre, Culleredo, Sada, Oleiros e é así. Non foron capaces de defendelo.

Maniféstalle a dona M^a Olga Santos López que efectivamente cando se posicionaron nunha AC-80 non é unha parvada. A AC80 é unha estrada convencional e para que a teñamos en mente é a que vai dende Ledoño ata Ordes, que é unha estrada moi normalita, con dous carrís, que funciona perfectamente e que non ten máis historia. Ponse un valo de cada lado e se non hai interrupcións di que non se preocupe, que o tráfico flúe. A diferenza dunha AC-80 a unha RVR-100 nun espazo de cinco quilómetros, que é dende a autoestrada á A-6, é de dous segundos. Pois mire vostede, ande dous segundos máis, é dicir, cal é a diferenza. A diferenza é que cando se vai na AC-80 as curvas son menores, polo tanto, se pode adaptar máis ao territorio, fará menos ruído á xente que vive enriba, pode facer mellores pantallas, co que non ten que facer tanta ponte, non tan que facer tanto túnel, non ten que facer tanta bestialidade que do primeiro trazado. Engade este trazado, señor Rivas, ten no punto da Gándara 20 m de altura de noiro, repite 20 e 16. Poñámonos agora e vexamos o que son sete pisos, 7 por 3, 21, sete pisos de altura no río da Gándara, nunha das paisaxes ecolóxicas humedais que teñen garantidos no concello de Cambre. Se se pensa que a ecoloxía é unha merda, pide perdón pola expresión e desculpas a todos, vale, aceptado. Cre que se está noutros tempos e noutras consideracións e que hai que ter en conta todo isto. Tamén se vive do noso espazo, do noso ocio. Tamén isto nos fai vivir e, polo tanto, iso é no que están e iso é o que intentan avaliar.

Dille ao señor Rivas que di que insistiu dúas veces en que isto é a realidade. Non. É a súa realidade. Non é a realidade. Di que el ten outra realidade e a pode expoñer. Entre a realidade do señor Rivas e a súa, quen emita mellores argumentos, é o que terá máis posibilidades á realidade e, aínda así, nin o señor Rivas nin el se aproximarán á verdadeira realidade, que probablemente sexa outra; pero os argumentos son os que dan a firmeza. Vaille facer unha mención, e non lle gusta facela, xamais o fixo, non lle gusta, pero o señor Rivas estivo a pedila. O señor Carballada non soubo dicirlle cantos metros ten o señor Rivas afectados pola súa parcela. El si. 400 metros. Di que ten o plano na memoria, porque lle di que el é dos que leva dende 1998 facendo o trazado da vía Ártabra. Participou no proxecto sectorial, no plan sectorial e é dos que leva dende o principio neste tema, xunto con Culleredo e Coruña, polo tanto, sabe perfectamente cal é o trazado. Dille ao señor Rivas que non se marque, nin é máis listo, pero estivo, e como estivo sabe todo, dende o principio, os problemas con Coruña. Lémbrralle que o ano 2004 foi un verdadeiro, ía dicir unha expresión de carácter sexual, pero non se atreve, pracer. Ver que todos os colectivos da Coruña, por primeira vez, son capaces de unirse, incluso a Cámara de Comercio, a Deputación, o señor Feijoo e todos os alcaldes para dicir si a este proxecto. Ese proxecto foise desvirtuando no tempo por razóns económicas, por razóns de intereses e foise deformando e o quere é recuperalo, porque se está deformando a señora conselleira, que lle guste ou non lle guste, está deformando a idea do señor Feijoo. Se o señor Feijoo se avalía a si mesmo e o que dixo no ano 2004, verá que o que dixo no ano 2004 e aquela cuestión con Agustín Hernández, que nada ten que ver, e isto o di el, en calidade tamén de dereitas, e moi de dereitas, pero nada ten que ver en calidade coa señora conselleira, nada que ver, iso é un director xeral, Agustín Hernández, e esta señora tamén pero deixa moito que desexar.

Continúa a dicir que vai ao noso. Dille ao señor Rivas que non é verdade. El si o sabe. Non é verdade que sexa igual ir a Muíño Vello que ir a Catro Camiños. Por unha cuestión histórica, se se chama Catro Camiños, é por algo, porque é un encontro de camiños, porque é un elemento coordinador, é un elemento de coordinación, un elemento onde as poboacións se aproximan e chegan. Catro Camiños, Espírito Santo, cruces, é onde se ten que producir. É máis, vaille dicir máis. Dille ao señor Rivas que o seu grupo está de

acordo con esa posición. Aprobárono no ano 2006. José Antonio Baamonde. Pregúntalle se sabe quen estaba nese momento no goberno municipal. A señora M^a Jesús, o señor Abalo e a señora Rocío votaron que si. No ano 2008, volve a estar M^a Jesús, e volven a votar que si. No ano 2010, están tamén eles, pero non están algúns. Cre que M^a Jesús si está, o señor Abalo non está, Rocío cre que tampouco está nese momento, pero resulta que a posición é moito máis dura que a do goberno. Volven a dicir que Catro Camiños é a centralidade do nó. Dille que o busque. No ano 2010 comezan a titubear. Dille que o señor Rivas aparece en escena no ano 2009. Di que non desconfía, pero fágano ver. Se ata ese momento tiñan unha posición, e agora volve cara atrás, aquí se está a discutir unha soa cuestión, se quere reivindicar o proxecto do ano 2006 aprobado por unanimidade por todos os colectivos de Cambre e por todo o goberno municipal de Cambre por plena unanimidade. Si ou non. Isto é o que se está a discutir. Nin o 2009, nin a trapallada, nin o outro, nin o outro. Queremos reivindicar o proxecto do ano 2006 si ou non. Lembra que precisamente por estas cuestións e por outras, don José Antonio Baamonde tivo que votar en contra do seu propio grupo no ano 2010, porque realmente lle daba vergonza votar que non a algo que el sabía que si. Por iso, di que en parte se tivo que ir do Partido Popular porque perdera a confianza. Dille que ao señor Rivas non lle importará, el cre que é importante que a xente saiba que hai unha aclaración do Partido Popular e unha toma de postura dende os anos 2006, 2007, 2008, 2010 e que, de repente, esa aclaración se rompe e que ademais é importante dicir que había un señor que era o presidente do Partido Popular que ademais tivo que dicir publicamente aquí eu non poida estar de acordo, porque non poida ser incoherente co que votei no ano 2006, 2008 e 2010. Esa é a cuestión. E aquí estase a avaliar isto. Se quere que Cambre teña unha vía de comunicación e que poña a dez minutos de calquera poboación.

O señor presidente maniféstalle ao señor Leiros que vaia rematando a súa intervención.

O señor Leirós expón que se quere que Cambre teña unha vía de comunicación e que poña a dez minutos de calquera poboación. Si ou non. Se quere que Cambre teña un sistema de comunicacións onde o turismo poida chegar con facilidade, así como temas comerciais e ter relación con Ferrol e A Coruña. Si ou non. Isto é o que se está a dilucidar, non outra cousa. O resto, son parvadas.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad dille ao señor Leirós que ten que corrixilo. Primeiro, porque non sabe, ao mellor, o señor Leirós fixo mal os cálculos. Son 602 metros. No hipotético caso, repite, no hipotético caso, que a vía continúe polo seu sitio. Son 602 metros e un cacho de monte, díxoo en catro ocasións plenarias que se discutiu este tema. Catro. Non lle afecta a súa casa. Afecta ao monte que ten na finca, e a 9 metros de profundidade. Pero non están discutindo ese trazado, entre a AP-9 a A-6. Non están discutindo ese trazado e dille ao señor Leirós que non lle venda a moto. Di que están discutindo a unión entre a N-VI da vía Ártabra coa AP-9. Isto é o que se presenta a este pleno. Esa moción. Dille que non lle contestou á cuestión que lle formulou a concelleira de ACdC, se se abriría unha oficina de información ao cidadán. El espera e lle pide que a abra. Deduce polas palabras da señora representante de Cidadáns que parece ser que o señor Leirós xa ten un proxecto que lle amosou a ela soamente. Porque os demais non se enteraron. El deduce que o señor Leirós lle agradeceu moi gratamente, que lle mostrou o proxecto que xa tiña, que era mellor que o que tiña agora e por iso apoiaba a moción, agás que el estea equivocado. Dille que se ten o proxecto ao seu grupo lle gustaría velo, se o ten.

Di que se abre esa oficina, espera que informe aos veciños, que se esta moción sae adiante, por suposto, aínda que sexa co voto en contra do Partido Popular, porque o señor Leirós acúsalle que cando aparece el en escena no ano 2009. Dille ao señor Leirós que el non aparece en escena no ano 2009. El no ano 2009 non quería saber nada da política, repite, non quería saber nada da política. Cando aparece na política é no ano 2011. Dille que se abre esa oficina de información, porque cre que se esta moción se aproba, como dicía, e se aprobará loxicamente, e a conselleira a teña en conta, esa oficina será moi útil sobre todo para informar a todos os veciños que se quedarán sen casa, se o enlace se fai en Catro Camiños, o señor Leirós debe de informalos. Porque se quedan sen casa. Di que el se queda sen 600 metros de monte, pero eses veciños se quedan sen casa. O entronque pásalles por encima. Nove vivendas, señor Leirós, nove. Dille que o diga

claramente. Mentres que agora non colle ningunha. Di que el fala do que se presenta hoxe a este pleno, o enlace coa AP-9. Pero se falamos da vertabralidade e que estean máis próximos, como dicía a señora de Cidadáns, Arteixo e os polígonos industriais, pero lle vai a dicir o señor Leirós que no proxecto que estaba o tramo entre AP-9 e a A-6 ás Lapas a quen une. Se o señor Leirós lle di que vai sacar ese ramal máis próximo do cruzamento da Rocha, o máis posible na A-6, pero cerca do cruzamento da Rocha, iso si lle dará unha opción. Pero nas Lapas. Sabe o señor Leirós o que ten que facer un cidadán, percorrer 17 km ao revés, señor Leirós, para coller a Terceira Ronda á Coruña. Ao revés. Un señor de Lorbé para isto entra na AP-9, vai o vial novo que conduce cara ao aeroporto, está na Terceira Ronda, chega ao polígono industrial de Culleredo, o de transportes que está en Culleredo, e está en Arteixo. Pero se se pon o enlace nas Lapas, por aí, non vai ninguén. Iso o di este señor. El polo menos non vai. Antes, colle o entronque vindo de Lorbé, desemboca na AP-9, sae da AP-9 ao aeroporto e está na Terceira Ronda. Con iso está no polígono de transportes.

Continúa a dicir que o goberno ten a súa propia idea. El, que quere que lle diga, se o señor Leirós dille que aquí se está a falar para que isto sexa sen peaxe, e elponse debaixo da pancarta. No resto, non se pode poñer, porque hai unha acción importante. En plenos de Cambre desbotouse, no seu momento, e desbotouno tamén Fomento, Augasa, Patrimonio, por culpa, que son moitas vivendas que derruba e ademais o castro. E que lle diga o señor Leirós que non.

Don Juan González Leirós dille que non. Non é así. Dille que ten pouca idea. Toca de oído. Para tocar de oído e tocar ben hai que ser moi bo. E o señor Rivas non é bo. O señor Rivas toca charangas. Tócaas bastante ben, pero nada máis. Non sabe disto. Toca de oído. Dille ao señor Rivas que o proxecto que el defende que se está a falar aquí efectivamente, é o proxecto de conexión da AP-9. Pero ten a transcendencia nun proxecto de trazado que é de maior calidade ao cal se ten que axustarse e non se axusta. O proxecto que se fai agora non se axusta ao proxecto de trazado. Iso é un primeiro principio xurídico polo cal o proxecto se vai anular. Xa así e así llo di. Segunda cuestión, quen puxo o proxecto ás Lapas, non foi el. Foi o señor Feijoo, o seu presidente. Polo tanto, que lle diga a el, dígalle que é un anormal porque puxo o enlace da A-6 nas Lapas. Que lle diga ao señor Feijoo. Que non lle diga a el. El o que di que quen o aprobou foi o señor Feijoo co señor Agustín Hernández, que para el ten moita consideración e cre que unha boa opción. Di que o proxecto do 2008 é o mesmo proxecto que se aprobou aquí no ano 2006, señor Rivas, exactamente igual, que votaron positivamente. Señor Rivas, o mesmo proxecto, di que lle crea que sabe máis disto que o señor Rivas. Xa está e dille que o ten que recoñecer. Pregúntalle se sabe cal é a diferenza. Dille que dúas cuestións, exclusivamente, dúas cuestións. Unha, que o viario dende AP-9 á autovía se converte nunha VR100 e estaba previsto unha C80, polo tanto, tamén incumpre o plan sectorial e, polo tanto, vai ser alegado e non teñen razón porque ten que cumprir, porque son determinacións básicas do plan e non poden varialo. Segunda cuestión, que como Audasa non polos intereses dos propietarios magníficos que se lles quita a casa, senón polos seus intereses económicos, non quere que o trazado vaia a Catro Camiños, senón que vaia a un sitio onde poida instalar peaxe. Esa é a cuestión. Dille ao señor Rivas que non mesture as casas con Audasa, que a Audasa le importa un carallo as casas, os veciños de Cambre. Audasa está demasiado lonxe para interesarse polas casas dos veciños de Cambre, demasiado lonxe.

Continúa a dicirlle ao señor Rivas que o avalíe, porque, se cadra, catro casas, a pesar dos veciños, con todo o corazón do mundo e poñéndose de parte dos veciños, que xa o estiveron como asociación da vía Ártabra e crearon unha comisión de expropiación para que sexan ben valorados, ben remunerados, ben postos e ben colocados noutros sitios, que é o que hai que facer, non facer que por catro casas, fastidiar un humedal e fastidiar unha zona medioambiental. Haberá que valorar se é máis valorable as catro casas ou o aspecto medioambiental. Xa que logo, dille ao señor Rivas que non veña contando contos.

Para rematar, dille que o grupo do señor Rivas aprobaron por tres veces, como mínimo, 2006, 2008 e 2010, como mínimo tres veces, este trazado. Agora, vaille facer unha proposta, para ser sinérxicos e positivos, intentar entendernos. Ponse o señor Rivas de verdade na pancarta da peaxe libre. O señor Rivas di que si. El

o cre. O señor Leirós manifesta que se o señor Rivas se pon no formulamento da peaxe libre, que máis dá que a peaxe libre sexa na Gándara que en Catro Camiños. Non discutamos isto. Póñamos onde sexa mellor. Polo tanto, o señor Leirós reta o señor Rivas, que ten tanta man cos conselleiros, e que ademais o di aquí publicamente que el cos conselleiros se ve, pídelle dúas cousas:

Unha fóra da orde do día e é que, por favor, virá agora a subvención que el comprometeu de Industria para incluír o río da Gándara, dille que o mova para conseguir a subvención desta vez, dille que llo agradecería moitísimo, dixo que nos daría unha solución, por favor, llo pide e llo roga, llo agradecería e lle nominará unha rúa a nome de Manuel Rivas. Non lle importa. Ata aí chegará.

Segunda posición, vai falar da peaxe. Dille ao señor Rivas que se admite a peaxe libre, o señor Leirós faille unha proposta, que foi igual que a que lle fixo a consellería. Faga un estudo entre os efectos ambientais económicos e multidisciplinares que ten ese tema, compárelo coa solución de Catro Camiños, e a que sexa mellor obxectivamente, evidentemente o Concello terá que participar, é a que se utilizará. Se é mellor a de Catro Camiños, úsemos a de Catro Camiños, se é máis barata e máis económica. El fai esa aposta. A que sexa mellor señora conselleira, se fai ela o estudo, esa será a que se trace. Di que se fixe se está seguro do que está a falar.

O señor Rivas, por alusións, maniféstalle que o señor Leirós é o solista da orquestra e entende que el toca en charangas, o señor Leirós é o solista. Di que o músico era o seu pai. O seu pai si era músico. O señor Leirós é o que máis sabe e o solista da orquestra.

O señor Rivas dille que a conselleira díxolle ao señor Leirós que o proxecto que está en exposición pública, díxoo por activa e pasiva, que está sen peaxe, e o señor Leirós o ten que recoñecer, sen peaxe. Dille ao señor Leirós que saberá moito de infraestruturas, se é máis barato, máis caro. Pero este non é un debate técnico, díxoo dende o principio, este é un debate político. E o señor Leirós quéreo levalo ao terreo técnico. Di que non entende do custo das infraestruturas e o señor Leirós cre que tampouco, quizás máis que el, que é arquitecto e el é enxeñeiro, quizais entende máis dos custos das infraestruturas. Non vai discutir isto. O señor Leirós estase a poñer no caso que o señor Leirós vai facer un trazado máis barato, se vai a Catro Camiños ou se vai á Gándara, que ademais di que a eses veciños que lle tirarán as casas, que hai que pagalos ben, que hai que indemnizalos ben, entón sae máis barato. Dille ao señor Leirós, que está de acordo que o trazado que se aprobou no Concello de Cambre e despois isto se mareou en varios anos e por distintos alcaldes non se parece en nada ao trazado inicial do ano 2006. Niso o señor Leirós ten toda a razón. Toda a razón. Por que. Porque o alcalde que había aquí non lle gustaba e agora vólvelle a gustar. Non lle vai a dar máis voltas a ese tema. A opinión do Partido Popular neste pleno non vai afectar a que a moción saia adiante por maioría, non vai discutir máis do asunto.

Don Juan González Leirós di que é kafkiano. Non chegarán a un entendemento, está claro, se dous non queren, non se entenden se un non quere.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, coa modificación proposta polo grupo municipal de ACdC-SON en canto á redacción do punto primeiro dos acordos, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Que cumpra co acordo de aprobación definitiva do Plan Sectorial (validez do proxecto de trazado presentado polo Concello no ano 2006), ratificado na sesión extraordinaria da Comisión Informativa Especial para o Plan Xeral de Ordenación Municipal e da Vía Ártabra de data 3 de xuño de 2008.

Segundo: Que a conexión coa AP-9 se leve a cabo por Catro Camiños con peaxe libre en todas as direccións.

Terceiro: Que declare inadecuado o proxecto construtivo que está a exposición pública polos motivos sinalados na exposición anterior.

Cuarto: Que a Xunta de Galicia responda ao recurso de reposición contra o trazado que enlaza na Gándara presentado no 2009 e que oito anos despois segue sen contestación.

Quinto: Que declare publicamente que non haberá peaxes e que aclare por que no documento que está a exposición pública se detallan as praias de peaxes a pesar das declaracións da conselleira de Infraestruturas nas que aseguraba a inexistencia delas.

Sexto: Que a Xunta de Galicia respecte as determinacións plasmadas no Plan Sectorial da rede viaria da Coruña de política de intervención territorial nos que prima a 'potenciación da actividade comercial', coa mellora da accesibilidade intrazonal que actúa como elemento potenciador da actividade comercial.

Sétimo: Que a Xunta de Galicia respecte as determinacións plasmadas no Plan Sectorial da rede viaria da Coruña de política de intervención territorial no que prima un 'maior equilibrio e cohesión social' coa dotación duns niveis mínimos de accesibilidade para as zonas rurais e urbanas máis desfavorecidas, de forma que se estableza un maior equilibrio territorial e cohesión social.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP co fin de que o Goberno da Deputación da Coruña garanta que o Concello de Cambre percibirá, como mínimo, a través do novo Plan único, os mesmos fondos que recibía coas liñas de subvención que existían con anterioridade. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal do PP para que o Goberno da Deputación da Coruña garanta que o Concello de Cambre percibirá, como mínimo, a través do novo Plan único, os mesmos fondos que recibía coas liñas de subvención que existían con anterioridade

Rexistrada de entrada ao núm. 0/1467 o día 16 de febreiro de 2017. Consta do seguinte teor literal:

“O Pleno da Deputación da Coruña aprobou o pasado mes de novembro, cos votos a prol do Goberno provincial, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e con voto en contra do Partido Popular, o Plan único dos concellos dotado con 74 millóns de euros.

O novo programa unifica o Plan de obras e servizos, o Plan de acción social e o Plan de aforro e investimentos e 11 liñas de subvencións (en concreto suprímense as de cultura, deportes, promoción económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).

Segundo o acordo plenario, o POS+ 2017 nutrirase dos 24,2 millóns que a Deputación achegaba cada ano ao tradicional Plan de obras e servizos, así como dos 8,3 millóns das liñas de axuda e dos 20 millóns de superávit que o organismo provincial prevé obter este ano e os 21,5 millóns que ata agora se dedicaban ao Plan de aforro e investimento.

Ademais, tendo en conta que o Goberno provincial se comprometeu tamén a engadir, como mínimo, os 13 millóns de euros de remanente, co que igualaría a achega total dos plans do anterior Goberno.

En consonancia con todo isto, o grupo municipal do Partido Popular de Cambre propón á consideración do Pleno municipal os seguintes ACORDOS:

- Que a Deputación da Coruña garanta que o Concello de Cambre, como mínimo, non verá reducidos os ingresos que percibiu o ano pasado a través do Plan de obras e servizos, o Plan de acción social e o Plan de aforro e investimentos e 11 liñas de subvencións: cultura, deportes, promoción económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo.
- Que a institución provincial se comprometa a incluír na partida orzamentaria coa que arranca o Plan único dos concellos os remanentes de tesourería que se xeren ao longo do exercicio económico do 2017.”

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo lle gustaría aprobar esta moción, pero cre que non está suficientemente xustificada na súa exposición de motivos. A Deputación tomou posición respecto deste asunto dos plans provinciais, ten uns novos criterios aprobados na propia Deputación, polo tanto, este tema debeo solucionar a Deputación. Ademais, agora mesmo, non se pode realizar unha avaliación precisa de se isto é certo ou non é certo o que se presenta. Será ao final de ano, posto que o plan actual da Deputación é un plan dinámico, como se di, onde se van integrando os cartos que se vaian conseguindo dos remanentes dos anos anteriores, co que, non teñen datos suficientes para tomar opción sobre esta moción. Si é verdade, que nos achegan datos por parte da Deputación onde se di que se cumpriran estes temas. Polo tanto, o seu grupo non vai crear un problema institucional baixo ningún concepto sen antes ter datos obxectivos. Aquí hai persoas que si están na Deputación, que teñen representación; Unión por Cambre non a ten. Si lles aseguran que isto se tratará de acordo coas normas e que Cambre continuará coas subvencións, polo tanto, farán o necesario ao remate do ano cando teñan que facer a conta da liquidación e saiban o saldo positivo ou negativo, pero non crearán un problema institucional neste momento por este asunto.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús Gómez González, voceira suplente do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo non apoiará a moción porque o novo Plan único lle parece unha distribución de fondos con criterios máis obxectivos e máis transparentes. Esta participación permítelles aos concellos saber que cantidade percibirán e dar resposta ás necesidades concretas.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de Asemblea Cidadá de Cambre-Son, manifesta varias cousas, para intentar ser xustos, na medida do posible. Por unha parte, primeiro as pedras e despois as flores. Esta moción que hoxe presentan os compañeiros do Partido Popular vén redactada, que a corrixan se se equivoca, polo Partido Popular provincial, ata onde sabe, se vai ir presentando esta moción en todos os concellos para esixir garantías de percepción, como mínimo, o que se di na moción, os mesmos

fondos que se recibiron en cada concello no ano 2016, así como medidas para evitar episodios de endebedamento a curto prazo. Preguntado o executivo provincial, o que indica en canto ás dotacións do plan único, é que se irán incrementando progresivamente con remanentes que fará que o plan sexa máis dinámico ao longo de todo o exercicio e que pode chegar a alcanzar os cen millóns de euros, así como que con este plan único o que se pretende conseguir é recuperar o reparto de fondos baseándose en criterios obxectivos e que o Partido Popular vulnerou coa famosa aprobación do famoso DTC ou Deputación para todos os concellos, para algúns concellos máis que para outros concellos, polo que segundo cálculos realizados, por exemplo, di para uns máis que para outros, co Partido Popular e cos DTC do Partido Popular, o goberno de Carlos Negreira no ano 2012 recibiu un 1.300.000 euros fronte aos 125.000 que lle correspondería respectando os parámetros do plan máis lonxevo, isto por poñer un exemplo. O que facía co seu DTC o Partido Popular era premiar ás grandes urbes con máis poboación e máis votos, evidentemente, e castigar aos pobos pequenos e ás parroquias rurais.

Continúa a dicir que, por outra parte, este plan único, a diferenza do que viña ocorrendo con anterioridade, se compromete o executivo provincial a que vai permitir que os concellos poidan afrontar os seus orzamentos coñecendo previamente, algo moi importante por outra banda, as cantidades económicas que lle van vir da Deputación.

Outra das pretensións, como dicían, é sanear as economías de múltiples concellos que teñen una situación realmente crítica.

Dito isto, dicía, primeiro as pedras, e tamén as flores. Tamén di que non lle parece mal en absoluto os acordos que se propoñen na moción do Partido Popular. Se le os acordos, por unha parte, o que están a pedir é que a Deputación da Coruña garanta que o Concello de Cambre non perciba menos importe do que percibiu no ano 2016. Parécelle unha garantía necesaria, boa e positiva para o Concello de Cambre, é dicir, que a Deputación se comprometa a non retirar importe o Concello de Cambre, que non veñan menos cartos da Deputación que no ano pasado, non lle parece unha mala petición. Por que ten que selo.

O outro segundo acordo, que a institución provincial se comprometa a incluír na partida orzamentaria coa que arranca o Plan único dos concellos os remanentes de tesourería que se xeren ao longo do exercicio económico do 2017, é que xa se comprometeron, é dicir, este acordo en realidade e ademais publicamente está comprometido a ir incorporando remanentes que, de feito, é unha das características principais deste Pos+, que tamén se chama.

De modo que, o seu grupo, entendendo que estes dous puntos son beneficiosos para o seu concello, apoiará os acordos da moción do Partido Popular.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo está en contra desta moción do Partido Popular que máis alá da súa parte resolutiva o que busca é desprestixiar unha forma de facer política máis limpa, máis transparente, máis equitativa e máis xusta dende un ente esencialmente na súa concepción caciquil, como é a Deputación da Coruña, e o que é peor, o que pretenden as forzas políticas que impulsan, este tipo de medidas, loxicamente é que estas teñan translación á Xunta de Galicia e iso é o que dalgunha maneira lle mete o medo no corpo o Partido Popular.

Continúa a manifestar simplemente que o seu grupo está en desacordo co primeiro punto da proposta da parte resolutiva da moción do Partido Popular porque nela se solicita que a Deputación da Coruña garanta, neste caso que é Cambre, pero esta é unha moción tipo que se está a presentar nos 93 concellos da provincia, que non vexa reducidos os ingresos que percibiu, neste caso Cambre, no exercicio do ano 2016. Respecto disto, engade simplemente que hai que dicir que non é precisa ningunha moción do Partido Popular, aínda que loxicamente, agradece nin de ningún outro grupo político para que se garanta tal obxectivo, isto é importante dicilo, porque as propias bases do plan no punto 2, ás veces non está de máis ler,

neste caso, as bases dun plan que se ven a criticar a este pleno, establecen que se incremente este plan con novas achegas ao longo do exercicio do ano 2017 con cargo aos remanentes que se poidan xerar, sendo previsible que se acade a cifra dos cen millóns ao final do ano 2017 e introduce aquí unha cuestión fundamental, é un plan dinámico, é dicir, un plan de empréstito dinámico e significa un cambio de concepción con respecto de anteriores políticas.

Expón que polo que respecto do punto 2 da moción do Partido Popular na que fala de dedicar o remanente da tesourería provincial que se vaia xerando ao longo do exercicio de 2017, cómpre aclarar que se dedicasen a totalidade de remanentes ao plan único a acción do goberno da Deputación non se podería levar a cabo na súa integridade, xa que non habería recursos suficientes para atender as necesidades moitas veces con carácter urxente que se dan en numerosos, por non dicir na totalidade, dos 93 concellos da provincia. Por citar algo, máis de 2000 km de vías provinciais, outras liñas de colaboración cos concellos que figuran á marxe do plan único, áreas de Servizos Sociais, Cultura, Deporte, Patrimonio, Políticas de Igualdade, Normalización Lingüística, Promoción Económica, Turismo así como Servizos de Asistencia Técnica, Informática, Xurídica, Económica que dende a Deputación se presta aos concellos. Di que non soamente se precisan eses recursos para outras fórmulas de colaboración cos concellos, senón que tamén se precisan para apoiar ao tecido asociativo que hai na provincia.

Por todo isto, queda claro que non se pode dedicar a totalidade dos remanentes ao plan único, tal como ven a pedir a día de hoxe aquí, ao seu modo de ver, demagoxicamente o Partido Popular. Di que hai que dicir así mesmo, e dende o Bloque Nacionalista Galego así se quere transmitir, que o actual goberno da Deputación reduciu as subvencións nominativas e isto é fundamental. É unha teima que ten tamén co actual equipo de goberno no Concello de Cambre. No exercicio 2016, xa se lle pegou un bocado de máis do 5% e así, cando no anterior mandato, onde gobernaba o Partido Popular, as nominativas acadaron unha cifra do 31%, do 28%, do 30%, próxima a un terzo do orzamento total da Deputación, está esta cuestión en franco aminoramento.

Ten que dicir tamén que no último expediente de modificación de créditos que aprobou o goberno que presidía Diego Calvo cunha maioría sustentada, entre outros, polo señor Rivas, o Partido Popular dedicou máis de catro millóns de euros a subvencións nominativas para concellos gobernados nese momento por, premio, o Partido Popular. Esas subvencións nominativas van destinadas nun 98% cando gobernaba o Partido Popular a concellos gobernados polo Partido Popular. Lembra, igualmente, que no orzamento do ano 2015, o último que aprobou o Partido Popular na Deputación, incluía exclusivamente unha actuación orzamentaria de vinte e catro millóns de euros para o POS e outra dotación de trinta e dous millóns de euros para o PAI, un total de corenta e nove millóns douscentos mil euros, que debe de puntualizar, por outra parte, que actualmente esa cifra se ve claramente superada. Polo tanto, estase a investir máis e ao seu modo de ver, mellor. Estase achegando aos cincuenta e catro millóns de euros para o ano 2017 e ten a perspectiva na Deputación de chegar a setenta e catro millóns de euros para o ano 2018. Di que xamais antes e, o seu grupo cre que o pode dicir así, os concellos da provincia se lles asignou tal cantidade de cartos e ademais neste momento do curso económico, do curso político, practicamente un mes antes de comezar o propio exercicio. Estase, polo tanto, diante dunha iniciativa modernizadora da administración provincial que pon máis transparencia, máis equidade no reparto dos cartos públicos, que o fai, ademais incluso sendo egoístas, beneficiosamente para un concello de tamaño medio, como é Cambre.

Entende, que de verdade, non hai lugar a secundar unha moción por parte do Partido Popular que está, ao seu modo de ver, cargada de demagoxia, non soamente ao modo ver do Bloque Nacionalista Galego.

Di que remata xa, esta moción, como moitas, é algo recorrente, é unha moción tipo que se está a presentar en toda a provincia, se debateu en días pasados en Cerceda e alí tamén a primeira forza da oposición é o Partido Popular e o seu voceiro dixo e cita textualmente: “o plan único é unha boa ferramenta para o noso concello e para todos os da provincia. A polémica deixámola para o ámbito provincial.” Di que deixemos pois

a polémica para o ámbito provincial, sigamos traballando por conseguir boas cuestións e boas dotacións orzamentarias e bos empréstitos por parte do ente provincial para Cambre. Iso é o que motiva e guía a acción política do Bloque e entende que do actual goberno municipal. Por iso, o voto do seu grupo vai ser negativo.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, concelleira de C's, manifesta que o seu grupo apoia que o Partido Popular se preocupe de que Cambre, ao contar cun deputado e veciño de Cambre, poida velar para que non se perda a oportunidade de sumar ingresos que veñan da Deputación. Di que lle parece positivo e o voto do seu grupo vai a ser a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, quere aclarar, porque ao mellor se quedaron cifras no tinteiro, dillo concretamente a don Daniel Carballada, dado que el fala que a primeira vez que os concellos están dotados co programa POS, Plan de acción social e Plan de aforro de investimentos, é dicir, o Plan de obras e servizos, Plan de acción social, e Plan de aforro de investimentos. Di que eses plans xa estaban cando gobernaba o Partido Popular na Deputación da Coruña. Efectivamente, hai unha cousa que está clara. Di que el non vai a discutir de ningunha maneira que efectivamente o POS+ chamado agora reflicte todos estes plans máis as once liñas de subvencións de Cultura, Servizos Sociais, Deporte, Promoción Económica, etc. que lle dá ao Concello unha liberdade para investir eses cartos como o Concello queira. Non o vai a discutir porque non é discutible. Pero o que si é verdade é que Cambre con respecto dos ingresos do ano 2016 perde 165.907,87 euros. Se este plan non se modifica, é dicir, se os remanentes de tesourería da Deputación non se aplican a isto e se aplican a outras cousas. Que iso está por ver. Que se aplique a este POS+ ou se aplique a outras cousas. Porque o señor Carballada di que ten moitos km de vías provinciais e ademais di que cando gobernaba o Partido Popular dábanlle as subvencións nominativas aos concellos gobernados polo Partido Popular. E agora danllas aos gobernados polo Partido Socialista e polo Bloque. Porque as subvencións nominativas seguen a existir, señor Carballada.

Continúa a dicir que Cambre se beneficiou ademais do POS+, do PAS e do PAI durante eses anos tamén se beneficiou de subvencións nominativas, como foi por exemplo, a piscina da Barcala, a Cruz Vermella, o campo Dani Mallo e aínda lle podía seguir citando máis. Non entende. De acordo que hai que tratar de reducir as subvencións nominativas. Loxicamente que hai que tratar de reducir as subvencións nominativas. E di que vai a facer o posible que se hai subvencións nominativas para traelas para Cambre, como fixo con anterioridade, porque había apalabrada unha subvención nominativa que era para o campo agora municipal dos Pinares, e a tiraron abaixo e houbo que aplicar unha partida do POS de 500.000 euros a facer o campo de herba artificial, cando iso se podía ter empregado noutra cousa. Di que simplemente presenta esta moción porque lle parece importante o ter claro que a Deputación se posicione e diga que efectivamente eses remanentes se aplicarán o POS+, porque así se se chega aos cen millóns de euros, Cambre terá máis ingresos que no ano 2016. Por isto, solicita que voten a prol a moción, pero xa se posicionaron en contra.

Don Juan González Leirós, voceiro de Unión por Cambre, manifesta que o seu grupo se posicionou en contra pero con seus argumentos, que poden ser bos ou malos, pero son os seus argumentos.

Don Manuel Rivas Caridad lembra que o seu grupo foi expulsado varias veces e solicitou respecto ao Regulamento orgánico municipal, porque xa foron expulsados do pleno. Quen pecha o debate é o propoñente, quere deixarllo claro ao señor Leirós.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Votan en contra os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan

Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstense o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos en contra, rexeita aprobar a moción presentada.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON para aplicar o gravame ás empresas eléctricas e de gas pola utilización do dominio público. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

D) Moción do grupo municipal de ACdC-SON para aplicar o gravame ás empresas eléctricas e de gas pola utilización do dominio público.

Rexistrada de entrada ao núm. 999/38 o día 17 de febreiro de 2017, xunto con outra moción presentada para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Existen varias sentenzas do Tribunal Supremo que avalan as ordenanzas municipais dos Concello de Arteixo (A Coruña), Serradilla (Cáceres) e Villalcampo (Zamora) que establecen un gravame ás empresas eléctricas e de gas pola utilización do dominio público das súas instalacións de transporte de enerxía.

O alto tribunal falla contra as empresas, que non pagaban a taxa que fixan os concellos por atravesar os seus territorios, porque non recoñecían o gravame ou o consideraban desproporcionado.

A Lei reguladora das facendas locais estableceu que as eléctricas deberían pagar aos municipios aos que fornezan por aire, chan ou subsolo un 1,5% da súa facturación no termo local, e que tamén están obrigadas a pagar por atravesar os municipios, aínda que non lles fornezan, unha taxa que debe fixar un informe técnico-xurídico.

Nas citadas sentenzas o Tribunal Supremo acepta e valida as ordenanzas fiscais destes concellos que establecen e regulan a dita taxa e que incorporan á valoración as construcións das liñas eléctricas de alta tensión e as canalizacións de gas para o cálculo da base imponible da taxa por utilización do dominio público local.

Por todo iso, o grupo municipal de Asemblea Cidadá de Cambre propón para a súa aprobación en pleno os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Realizar un estudo técnico-económico sobre o estado destas infraestruturas no Concello de Cambre.

Segundo: Proceder ao seu gravame segundo a xurisprudencia do Tribunal Supremo. Para iso proporase a creación ou modificación, segundo proceda, das ordenanzas fiscais do Concello de Cambre, para permitir o dito gravame.”

Durante a lectura da moción, dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, aclara que este texto non está actualizado, porque xa hai dous concellos máis da provincia de León que se suman a esas sentenzas do Tribunal Supremo.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que ao seu grupo municipal neste caso non lle doen prendas en felicitar aos concelleiros de ACdC por ter presentado ao Pleno esta moción, coa cal non poden estar máis de acordo.

Polo que ela sabe, e pide que senón que a corrixan, en Cambre agora mesmo si que hai unha previsión nas ordenanzas para aplicar o gravame ás liñas de baixa tensión, co cal si é verdade que Arteixo, e cre que ningún concello máis en Galicia o está aplicando xa o teñen en movemento. Arteixo ten bastante superficie, polo que sabe, e ben, en Cambre habería que calculalo.

Para eles todo o que sexa obter ingresos para o concello, para incrementar o orzamento de ingresos e sobre todo tendo en conta que se trata de empresas que por outro lado ben que facturan aos clientes, non poden estar máis a prol e, polo tanto, o voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que claro que non van estar en contra disto, están a prol, pero o que pasa é que teñen un pequeno problema porque cren, teñen que certificalo, pero cren que xa se pode aplicar nestes momentos. É dicir, o tema da taxa é que as liñas de baixa tensión e as liñas que pasan por espazos públicos, aproximadamente, como moi ben dixo a voceira de ACdC, teñen o 1,5 da facturación como taxa. Aquí do que están falando é das taxas de media tensión en voo, e das posibles taxas de Enagasa que poidan pasar por territorios municipais.

No Concello de Cambre non se dan extensións, porque non hai montes comunais, nin hai grandes extensións de dominio público, é dicir, de espazo público, por onde esas liñas pasen, co cal terían que ir calculando aquelas bases dos solos que pasan polas estradas, e terían que ser locais, claro, porque se son provinciais xa non poderían cobrar as taxas. É dicir, que teñen dúbidas sobre iso.

Segundo lles informaron dende Intervención, entenden que a taxa xa se podería aplicar, porque teñen unha taxa sobre o uso do espazo público, co cal cren que por aí poderían tirar. Por iso propoñen unha modificación en canto á redacción do segundo punto e falar de “a creación, modificación ou aplicación”, porque se xa está, aplícase e xa está.

Di que si se teñen empezado a facer dende Urbanismo os estudos precisos para ver que significa iso, que é o primeiro punto, e parécelles adecuado. Os estudos para ver que alcance ten todo isto, porque ao mellor están falando de cousas que non merecen a pena. Pero si lles parece ben e van apoiar a moción se fan esa apreciación respecto da aplicación.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús Gómez González, voceira suplente do PSdeG-PSOE, expón que o seu grupo, se fan esa modificación, tamén apoiará a moción.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que eles se suman, como non podía ser doutro xeito, á petición. Están loxicamente pola nacionalización de todo o servizo, tanto de xeración como de transporte e comercialización da enerxía eléctrica, e por suposto que apoian toda medida que vaia no camiño de aumentar a facturación por parte das arcas públicas, neste caso con máis interese aínda se son municipais. Animán tamén a que se realice esa pequena modificación e di que oxalá lle poidan dar para adiante a esa iniciativa que saúdan gozosamente.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López expón que por suposto que aceptan a modificación, só faltaría, evidentemente, non só polo que comentaba o Sr. Carballada, que claro que si, que todo ingreso económico será benvido, non soamente iso, senón que lles parece, e iso tamén no sentido da xustiza, que saíu varias veces neste pleno, unha boa medida a día de hoxe para darlle un lapote, un pequeno pao ás eléctricas, que entre todos sería un gran pao, cando en plena ola de frío decidiron disparar o prezo da luz e fixar o prezo máis alto dende decembro do 2013. Di que, por certo, están contestando. As eléctricas van patexar, vanse cabrear, e as empresas de gas exactamente igual.

Teñen concellos próximos, Culleredo e Abegondo, ata onde eles saben, están xa para formular esta medida a través da realización de estudos técnicos, porque na Federación Española de Municipios e Provincias encargáronse eses estudos técnicos, que son os que se incorporan ás sentenzas, e os cálculos están feitos, están falando dunha cantidade de diñeiro realmente importante.

Continúa explicando que o Sr. Leirós sabe por que o vai dicir, porque ao principio si que é certo que había e houbo moitos recursos que foron desestimados, é dicir, moitos concellos pretenderon cobrar esta taxa e se desestimaba directamente. O que ocorre é que chegou o Tribunal Supremo e decide, estuda e dáse conta de que con eses tres primeiros concellos dos que están falando, entre os que está Arteixo, decide aplicar a Lei de facendas locais do ano 2004 e achega luz a esa escuridade que utilizaban as eléctricas, sobre como se ía cobrar e como se ía decidir cal será a base impositiva desta taxa. Pois simplemente considerando como construción, por exemplo, unha liña de alta tensión, e a partir de aí se valoraría.

Con estas valoracións que se fan e con estes estudos técnicos, vense dicindo que a taxa para unha construción, cunha liña de tensión baixa, media ou alta, dependendo do tipo de liña que fora, podería oscilar entre 3.000 euros e 12.000 euros por metro lineal, é dicir, están falando de moitísimo diñeiro. E en canto ao gas, entre 500 e 4000 euros o metro lineal.

É dicir, agradecen a todos os grupos o seu apoio a esta iniciativa, entendían que non ía ser doutra forma. Si que efectivamente se terá que estudar e ver como se aplica no Concello de Cambre, pero pouco a pouco van ser moitos os concellos que se sumen ao que é xusto, porque se ela mañá quere poñer unha terraza, por uso de dominio público vai ter que pagar unha taxa, e pregunta por que Fenosa non, e di Fenosa como calquera outra. Porque o certo é que dá igual que subministren ou non subministren, polo feito de ocupar espazo público van ter que pagar esa taxa, entón moi agradecidos a todos polo apoio a esta iniciativa.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, coa modificación proposta polo grupo municipal de UxC en canto a incluír no punto segundo dos acordos a palabra “aplicación”, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Realizar un estudo técnico-económico sobre o estado destas infraestruturas no Concello de Cambre.

Segundo: Proceder ao seu gravame segundo a xurisprudencia do Tribunal Supremo. Para iso propórase a creación, modificación ou aplicación, segundo proceda, das ordenanzas fiscais do Concello de Cambre, para permitir o dito gravame.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON en apoio ás marchas da dignidade e á mobilización do 25 de febreiro na Coruña. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

E) Moción do grupo municipal de ACdC-SON en apoio ás Marchas da Dignidade e á mobilización do 25 de febreiro na Coruña

Registrada de entrada ao núm. 999/38 o día 17 de febreiro de 2017, xunto con outra moción presentada para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“As Marchas da Dignidade son un movemento social que en Galicia aglutinan no seu seo a máis de sesenta organizacións e colectivos sindicais, culturais, sociais e políticos do país.

As MMdD levan máis de tres anos mobilizándose nas rúas para esixir o remate das políticas que agreden á maioría social golpeadas polo chamada crise.

As MMdD diríxense ao grupo municipal de ACdC para presentar esta moción no pleno municipal coa intención da súa aprobación logo da súa deliberación.

Esta Corporación municipal debe ser consciente da situación dramática que están a padecer as persoas maiores que dependen dunha pensión para poder vivir despois de toda unha vida de traballo. Dada a situación dramática de moitas familias, a pensión é o único sustento que teñen para poder sobrevivir cunhas mínimas condicións, e estamos vendo como se poñen en perigo con medidas impostas dende organismos antidemocráticos como o FMI e o Banco Mundial a través da Troika Europea. Estas medidas teñen como obxectivo recordar que as pensión non son privilexios, son dereitos irrenunciabes.

Por este motivo, e pola situación actual, está convocada unha manifestación o día 25 de febreiro na Coruña, co tema central da defensa das pensións, e coas nosas reivindicacións habituais resumidas en pan, traballo e teito.

ACORDO único:

Esta Corporación municipal apoia a mobilización convocada polas MMdD prevista para o vindeiro 25 de febreiro na Coruña e fai un chamamento aos veciños e veciñas deste concello para participar nela.”

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta o apoio do seu grupo a esta moción, toda cuestión que estea encamiñada a que exista unha maior concienciación social respecto da crise que estamos a vivir e do inxusto do sistema económico e político que nos goberna, o seu grupo, como

forma antisistémica, a comparte e celebra. Fai un chamamento loxicamente a toda xente que queira e poida acudir a que secunde esta convocatoria. Engade que ten todo o seu apoio, como tivo sempre, a multitude de colectivos, de organizacións que integran este movemento e que pola súa parte así continuará sendo.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG en apoio da querela arxentina. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, explica que esta é unha moción que lle achegou ao seu grupo municipal unha entidade asociativa, unha entidade social como é a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña. Entenden que se está a presentar en numerosos concellos do país.

Unha vez tramitada a súa redacción para que chegara como chega ao pleno, manifestóuselles por parte do persoal municipal que o Concello non era quen, se non había directamente unha persoa afectada, non era a entidade que debía directamente interpor unha querela como se di no punto primeiro do acordo, e por iso é que vai dar lectura a moción, nos termos que finalmente a formulan. Basicamente, o di xa para que conste, no acordo do punto 1, na primeira liña, onde pon "interpor" vai substituílo por "apoiar", e despois do punto e seguido, isto é, as últimas sete liñas dende "Por todo isto" ata "argumentación xurídica" darao por eliminado.

A continuación, dá lectura a moción nos termos nos que se formula.

F) Moción do grupo municipal do BNG en apoio da Querela Arxentina

Foi rexistrada de entrada ao núm. 3/311 o día 6 de febreiro de 2017.

Por don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, durante a xustificación e motivación da urxencia da moción presentada, modifícase a redacción do punto primeiro dos acordos. A continuación dá lectura íntegra ao texto da moción, coa modificación efectuada, tal e como se transcribe a continuación:

“Ante a reiterada negativa da xustiza española a vulgar os crimes do franquismo, un grupo de familiares de vítimas do franquismo (entre elas Darío Rivas, fillo de Severino Rivas Barja, alcalde de Castro de Rei en xullo de 1936 e asasinado en Portomarín o 28 de outubro de 1936), presentaban en Bos Aires o 14 de abril de 2010 unha querela para que a xustiza arxentina investigue os crimes cometidos pola ditadura franquista no período de xullo de 1936 a xuño de 1979, identifique os seus responsables e sexan sancionados penalmente. Todo isto, ao abeiro da lexislación internacional sobre dereitos humanos, dos tratados internacionais subscritos polo Estado español e da lexislación da ONU sobre Xustiza Universal.

Recollendo o chamamento da Coordinadora Estatal de Apoio á Querela Arxentina (CEAQUA), e a iniciativa da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMH), o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta ao Pleno de Cambre a seguinte moción.

Breve relato dos feitos.

O 18 de xullo de 1936 un golpe militar-fascista depuxo as lexítimas autoridades elixidas (locais, autonómicas, estatais) da II República. A sublevación, apoiada pola Alemaña nazi e a Italia fascista, tivo por obxecto a represión contra todas aquelas persoas, grupos e organizacións sociais, políticas e culturais contrarias á ideoloxía nacional-católica, fascista e de dereitas que inspiraba aos golpistas.

O golpe deu orixe a unha Ditadura que de xeito sistemático vulnerou os máis elementais dereitos e liberdades durante corenta anos: centos de miles de persoas fusiladas e desaparecidas, exilio masivo, traballos forzados en réxime de escravitude, decenas de miles de persoas detidas, maltratadas, torturadas e encarceradas, linguas e culturas perseguidas...

En Galicia, que non era fronte de guerra, a represión ligada ao golpe foi completamente gratuíta, masiva, sanguenta e brutal. Máis de 5.000 persoas foron fusiladas ou desaparecidas. As organizacións sociais, políticas e sindicais foron suprimidas e os seus membros detidos e encarcerados. A represión estendeuse polo conxunto da poboación.

Na comarca da Coruña foron numerosos os cargos públicos asasinados e moitos funcionarios e funcionarias destituídos ou executados. Xuntamos a relación das 600 persoas que, como mínimo, foron asasinadas ou paseadas nos concellos da comarca, entre elas o gobernador civil, Francisco Pérez Carballo, o gobernador militar, Rogelio Caridad Pita e o xeneral xefe da VIII División Orgánica, Enrique Salcedo Molinuevo. Na Coruña foron fusilados o alcalde, Alfredo Suárez Ferrín, o secretario, Joaquín Martín Martínez, o xefe da intervención municipal, Manuel Prado Allegue e o xefe de negociado, Francisco Prego Campos. Durante a posterior Ditadura, a represión non cesou: supresión total de liberdades democráticas, vulneración flagrante de dereitos humanos, represión gratuíta e indiscriminada (política, sindical, cultural, lingüística...), imposición de credos relixiosos e ideolóxicos,...

A devandita listaxe pódese consultar na seguinte ligazón: <http://memoriadacoruna.com/listaxe-de-represalidades-na-comarca-da-coruna/>

Crimes contra a humanidade.

Nos xuízos de Nueremberg contra o xenocidio nazi fixéronse os principios vixentes en materia de crimes contra a humanidade, que serían definidos despois no Estatuto da Corte Penal Internacional (17 de xullo de 1998). O artigo 7 dese Estatuto tipifica estes crimes, como recollía o auto do xuíz Garzón do 16 de outubro de 2008:

Para os efectos do presente Estatuto, entenderase por ‘crime de lesa humanidade’ calquera dos actos seguintes cando se cometa como parte dun ataque xeneralizado ou sistemático contra unha poboación civil e con coñecemento do dito ataque: asasinato; deportación ou traslado forzoso de poboación; encarceración ou outra privación grave da liberdade física en violación de normas fundamentais de dereito internacional; tortura; persecución dun grupo ou colectividade con identidade propia fundada en motivos políticos, raciais, nacionais, étnicos, culturais, relixiosos, de xénero; desaparición forzada de persoas.”

É evidente así que as graves violacións de dereitos humanos derivados do golpe de Estado do 1936 e da posterior Ditadura entran dentro deste concepto de crimes contra a humanidade.

Estes delitos teñen como característica principal que 'son imprescriptibles, calquera que sexa a data en que foron cometidos', como recolle a Convención sobre Crimes de Guerra e Lesa Humanidade do ano 1968.

Por outra banda, a Lei española 46/1977 do 15 de outubro, de amnistía, de ningún modo pode servir para amparar aqueles delitos, se temos en conta o disposto no Pacto internacional de Dereitos Cívís e Políticos (ONU-1966); a propia Constitución española (o artigo 10 sinala: '*As normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución reconece, interpretaranse conforme á Declaración Universal dos Dereitos Humanos e aos tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España*'); o Código Civil (artigo 1.5); a Convención de Viena sobre o Dereito dos Tratados (adhesión do Estado español en 1972); Asemblea Xeral de Nacións Unidas de 1973, sobre 'identificación, extradición e castigo dos culpables de crimes de guerra ou de crimes de lesa humanidade', e os informes e resolucións do seu Comité de Dereitos Humanos da ONU, de 2015, opostos á aplicación desa Lei de amnistía por entendela contraria aos principios vixentes en materia de xustiza universal.

Tal e como sinalou no seu día o relator especial da ONU en materia de Dereitos Humanos, Pablo de Greiff, no caso de aplicarse esta Lei de amnistía isto debería facerse unha vez determinados os feitos, as responsabilidades e as penas correspondentes, é dicir, no caso de poder ser aplicada, debería ser *a posteriori*, unha vez xulgados os feitos, pero nunca antes, sen dar pé a determinar responsabilidade ningunha. Dicía tamén o Sr. Greiff que '*arquivar a totalidade dos casos presentados ante a xustiza española por crimes cometidos durante a Guerra Civil e o franquismo (...) contradí as obrigas internacionais en materia de dereito á xustiza*'.

A 'Querela Arxentina' e a aplicación da xustiza universal.

No ámbito internacional a Xustiza arxentina (Xulgado Nacional no Criminal e Correccional nº 1, de Bos Aires) abriu unha causa por crimes contra a humanidade perpetrados pola ditadura española na que ditaron ata hoxe máis de vinte ordes de detención e extradición contra oito ex-ministros franquistas (Martín Villa, entre outros) e varios ex-policías, gardas civís, militares, xuíces... A pesar de todo isto, a Audiencia Nacional española, desatendendo as esixencias derivadas da aplicación destas normas de xustiza universal, rexeitaba a posta en marcha destas ordes de detención e extradición.

En relación con este procedemento, máis de cen concellos de todo o Estado (entre eles os de Pamplona, Vitoria, Tarragona, Zaragoza, Rivas Vaciamadrid), varias deputacións (Sevilla, Guipuzkoa), e varios parlamentos de comunidades autónomas (Asturias, Cataluña, Andalucía, Comunidade Autónoma Vasca,...) deron o seu apoio e adhesión á Querela Arxentina.

Trátase de recuperar verdade, xustiza e reparación en relación cos crimes cometidos na nosa cidade, na comarca da Coruña e en Galicia. É a nivel local onde as grandes e frías cifras de asasinatos, desaparecidos, encarcerados, exiliados... se concretan e toman corpo en nomes e apelidos, en relatos persoais, en probas tanxibles, en memorias a rescatar, en responsabilidades individualizadas.

Con tal finalidade, o Concello de Cambre toma os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Sendo o ánimo desta Corporación municipal apoiar unha querela criminal ante os xulgados de instrución da Coruña e, se fose necesario, outros da comarca, para os efectos de que por parte destes se investiguen os crimes contra a humanidade cometidos pola ditadura franquista que afectaron aos veciños e veciñas deste concello, poidan determinarse as circunstancias en que foron cometidos, quen foron os responsables, directos e inmediatos e, no seu caso, se proceda á súa imputación, procesamento, xuízo e condena.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Xulgado Nacional do Criminal e Correccional Federal nº 1, de Bos Aires, República Arxentina, a cargo da xuíza María Servini de Cubría, para que produza os efectos que procedan na Querela 4591/2010, nomeada 'N.N. Por xenocidio e/ou crimes de lesa humanidade cometidos en España pola ditadura franquista'."

Don Daniel Carballada Rodríguez pide desculpas pola extensión do texto. Loxicamente, por respecto á entidade que a achegou, considera necesario lelo na súa integridade, entende que se pode percibir claramente a modificación que fixo un pouco sobre a marcha. Recalca que é unha moción que presenta ao Pleno como grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego. Entende que pode haber posturas diferentes. Loxicamente, o voto do seu grupo vai a ser a prol.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, quere felicitar por esta moción que presentan ao Pleno. Está moi de acordo con ela e pensa que sendo certo que pode ser un problema o tema de reabrir feridas, tamén é moi certo que comezar unha nova andadura como se comeza fundamentándose nun óso mal soldado sempre vai determinar por un camiño que se irá facendo coxos, de tal maneira, que ás veces é mellor reabrir un momentíño, cúralo todo ben, e comezar de cero outra vez.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG respecto da declaración do 24 de febreiro como Día de Rosalía no Concello de Cambre. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

G) Moción do grupo municipal do BNG respecto da declaración do 24 de febreiro como Día de Rosalía no Concello de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 3/311 o día 6 de febreiro de 2017, xunto con outra moción presentada para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a

voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galeguidade intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo isto propoñemos ao Pleno municipal do Concello de Cambre:

Primeiro: Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.

Segundo: Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu calendario do libro e da lectura.

Terceiro: Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.”

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que quere facer unha pregunta con respecto da toma de acordos, coa que por supostísimo está de acordo e vai apoiar, se para este 24 de febreiro vai dar tempo a levar a cabo. É unha pregunta que entende que é lóxica, non sabe o que lles fai graza. Non sabe se efectivamente teñen programado, teñen previsto realizar esta lectura nun lugar público, que cre que tampouco sería un problema grave de organización, pero o tema das actividades e demais de cara ao seguintes exercicios, entende que, se se aproba a moción, non haberá problema. Simplemente, por saber e por dar coñecemento polo menos ás persoas presentes se se ten previsto algo se esta moción sae adiante para o día de mañá.

Don Daniel Carballada Rodríguez agradece a interpelación de dona M^a Olga Santos López. Di que loxicamente, como mencionou ao principio, as datas son as que son e que se está apenas a cento vinte minutos de que comece ese día. O día ten unha cuestión boa, e é que existe todos os anos, loxicamente como en parte xa dixo a compañeira Olga, para o ano o farán con máis tempo; con todo, hai unha programación cultural habitual por parte do Concello de Cambre e unha serie de instalacións e de recursos dos que se dispón. Di que mañá se priorizará a visibilización da obra de Rosalía de Castro nas tres bibliotecas municipais. Cre que é unha maneira de achegar a súa obra ao público. Tamén se fará unha pequena reseña na casa da Cultura Vila Concepción, e maiores disto, está programada unha pequena obra de maxia que ten aberta a programación de Entroido pola tarde, en sesión dobre, en Vila Concepción e falou coa persoa, co equipo técnico e profesional que vai realizar esa obra de maxia, ese espectáculo para que se faga tamén unha pequena mención que vai, ao seu modo de ver, enfocada cara o público infantil a figura de Rosalía.

Continúa a dicir que noutras circunstancias podería ter habido máis tempo entre o acordo plenario e o día de Rosalía e dalgunha maneira ter programado máis actividades. Con todo, fai fincapé nesta cuestión que lle gusta dalgunha maneira, presentar ao pleno e ter dalgunha maneira, agarda, o respaldo plenario á hora de acometer quizais actividades que non viñan sendo, por determinados motivos, habituais ata o de agora. Asume, polo tanto, que é un pouco case tarde, pero considera que é positivo sumarse á celebración do día de Rosalía.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don

Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de Ciudadanos, respecto do apoio á iniciativa legislativa popular no Parlamento Galego a prol da “corresponsabilidade parental e das relacións familiares no cesamento da convivencia”. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

H) Moción do grupo municipal de Ciudadanos respecto do apoio á iniciativa legislativa popular no Parlamento Galego a prol da “corresponsabilidade parental e das relacións familiares no cesamento da convivencia”.

Rexistrada de entrada ao núm. 0/970 o día 6 de febreiro de 2017. Consta do seguinte teor literal:

“A Convención sobre os Dereitos do Neno, proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, e ratificada polo Reino de España o 30 de novembro de 1990, obriga aos estados a respectar o dereito dos nenos a manter relacións persoais e contacto directo con ambos os dous proxenitores de modo regular.

A igualdade real e efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida é unha constante nos países democráticos e un obxectivo primordial na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Na actualidade miles de persoas en Galicia ou no estado, especialmente nenos e nenas, vense afectados por graves problemas tras a separación ou divorcio da parella debido, entre outras razóns, á separación tamén dos nenos do seu pai ou da súa nai, incluída a súa familia extensa e as relacións sociais delas derivadas.

Estímase que ao redor da metade dos matrimonios ou relacións de parella que se contraen rematan, antes ou despois, nunha separación, polo que a amplitude social deste problema é enorme, así como a transcendencia no futuro persoal educativo e formativo dos menores, onde a perda inxustificada dun dos pais supón un drama que acaba producindo desequilibrios emocionais que arrastrará na súa adolescencia e na vida adulta.

Nestas rupturas non está garantido un dos dereitos elementais de nenos e nenas: o de continuar relacionándose dun xeito real cos seus pais e nais dunha forma igualitaria e efectiva. Así o entenderon no País Vasco, Navarra, Aragón, Cataluña e Valencia onde lexislaron a favor da corresponsabilidade parental nas separacións e divorcios. De igual xeito poderíamos falar de países europeos ou do mundo onde continuamente avanza cara este tipo de normativas. Ademais,

socialmente, as enquisas de opinión publicadas sinalan que a sociedade actual acepta e se posiciona maioritaria e claramente a favor da "corresponsabilidade parental", mesmo aínda en ausencia de acordo entre os seus pais e nais. A lei favorecerá tamén, como así o demostran o número de familias que adoptan a corresponsabilidade en comunidades autónomas con este tipo de lexislación, ese cambio social que todo o mundo acepta como desexable.

É transcendental o que supón para a formación persoal dos nenos e nenas a implicación dos seus pais e nais no seu coidado: a educación das nenas e dos nenos é cousa de todos. Lonxe de garantir o exercicio dos dereitos e deberes, a falta de corresponsabilidade incentiva o conflito no seo da familia, provocando a desaparición dun proxenitor na vida dos seus fillos e dificultando enormemente a posibilidade de que a separación poida significar unha oportunidade real para refacer a vida das persoas adultas e ao mesmo tempo normalizar e harmonizar a vida dos menores coas súas nais e pais.

Polo exposto,

Esta Corporación municipal, na súa obriga de velar polo mellor interese de nenas e nenos e por reivindicar e defender os dereitos e obrigas civís das persoas adultas para cos seus fillos e fillas, acorda:

Primeiro: Apoiar o traballo a realizar no Parlamento Galego para que, a través da proposición de lei presentada por esta iniciativa lexislativa popular e da súa tramitación, coa achega dos distintos grupos políticos, se lexisle a favor da corresponsabilidade parental tras o cesamento da convivencia, como o mellor e maior garante do interese superior de nenas e nenos.

Segundo: Comunicar ao Goberno galego, á Xunta de Galicia, o acordo favorable tomado por esta Corporación.

Terceiro: Defender a apoiar este acordo en calquera outra institución na que se participe.

Cuarto: Dende o ámbito de responsabilidade municipal, esta corporación comprometerase a transmitir os valores de igualdade e de corresponsabilidade parental a todos os seus órganos e moi especialmente na área de familia, igualdade e na de servizos sociais".

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, concelleiro do Partido Popular, manifesta que dende o seu grupo felicita a Ciudadanos pola presentación desta moción, que xa sabe que é unha moción tipo que se está a presentar noutros concellos de Galicia, Pontevedra, Culleredo, xa se presentou. Evidentemente, todo o que sexa mellora dos menores, como é o interese predominante nas situacións de crise matrimonial, se aprobará evidentemente por sentido común. Hai que dicir que esta iniciativa lexislativa popular é complementaria da regulación que actualmente existe da custodia compartida no artigo 92 do Código Civil así como das obrigas de alimentos entre parentes do 142 e seguintes. O interese supremo nestes casos de crise matrimonial é o dos menores e di que felicita ao grupo de Ciudadanos pola presentación desta moción.

Continúa a dicir que o voto do seu grupo vai a ser a prol.

Concedida la palabra a don Juan González Leirós, voceiro de Unión por Cambre, manifesta que o seu grupo, a pesar do razoable ou lóxico de votar positivamente esta moción, se vai abster. Non porque non estean de acordo co enunciado, senón porque non ten base suficiente para emitir un ditame favorable e explica por que. Parécelle moi ben a lexislación, pero cre que o primeiro que hai que conseguir é a igualdade real entre os parentes. Débese conseguir que as mulleres teñan igualdade respecto dos homes, e isto non está conseguido. Polo tanto, as lexislacións non cre que sexan a forma de acometer estes problemas, senón que a forma de acometer estes problemas é trasladar socialmente este tipo de cuestións. Quere dicir, coa xente que falou, pode crear máis problemas unha lexislación que obligue a este tipo de relacións, non di que a proposta estea mal, pero pode crear máis problemas que evitalos. Di que como non ten coñecemento, o seu grupo se vai abster.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús Gómez González, voceira suplente do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo se vai abster, porque cre que legislar non é o ideal.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que non adoita facelo, pero nesta ocasión e debido a gravidade que entende que ten esta proposta, pediría que se reconsiderase o voto. Di que vai explicar por que.

Para comezar, quere deixar clarísimo que dende Asemblea Cidadá de Cambre dende os movementos de mulleres, dende os movementos feministas, dende os movementos de esquerdas, non está en contra, nin moitísimo menos, da custodia compartida. Está absolutamente a prol da custodia compartida, sempre que sexa de mutuo acordo entre as partes. Está radicalmente en contra disto que se propón aquí, que é a custodia compartida imposta por un xuíz. A cuestión é que agora parece ser que existe unha corrente de centro dereita que está especialmente interesada en regular a custodia compartida, cando en realidade todos os esforzos políticos deberían estar orientados ao que dicía o señor Leirós, a conseguir unha cultura de equidade de xénero, unha cultura de igualdade previa.

Continúa a dicir que o Partido Popular quixo aprobar unha lei nacional na lexislatura pasada que dera preferencia á custodia compartida, evidentemente apoiarán esta moción. Agora Ciudadanos recolle a testemuña, quere retomar o proxecto nesta lexislatura e o que pasa é que teñen en contra practicamente a toda a oposición, igual que efectivamente teñen en contra o seu grupo. Para o seu grupo, a aspiración ideal efectivamente é a custodia compartida, insiste, pero esta situación soamente está ao alcance daquelas parellas que xa practicaran a corresponsabilidade parental antes do divorcio. Deste xeito, unha parella que coidaba e gardaba por igual os fillos antes do divorcio, vai poder seguir facéndoo despois do divorcio se ambos queren.

Expón que o que non ten sentido é que sexa un xuíz o que decida, que vai inclinar a balanza a prol de quen investía menos tempo na crianza dos fillos para conseguir igualalo con quen dedicaba máis tempo, normalmente as mulleres. De feito, forzar a ese coidado por igual que non se daba antes do divorcio, resulta un grave prexuízo para os menores. Os que defenden a custodia compartida imposta parten normalmente de dúas premisas totalmente erróneas e absolutamente demagóxicas:

Primeiro, que na sociedade o coidado dos fillos antes do divorcio está asumido por igual por homes e mulleres. Falso. Radicalmente falso. Varios exemplos, e non por xustificar senón por ilustrar o que di. Unha porcentaxe moi próxima, repite moi próxima, o cen por cen das reducións de xornadas de traballo para coidado dos fillos son solicitados polas nais. Quen solicita a redución de xornada no traballo son as mulleres. De corresponsabilidade, nada. Di que se acudimos a unha sala de espera, por poñer outro exemplo, estivo onte, estivo antonte, por sorte ou por desgraza, cos seus fillos, nas salas de espera de pediatría, simplemente hai que mirar quen leva os fillos aos médicos. Maioritariamente, maioritarísimamente, as mais, ou as nais, é que é de Ourense e di mai. Por que ocorre isto. Porque maioritariamente o coidado dos fillos o asumen as nais. Pero todas estas estatísticas e todos estes estudos que se sacan de onde non sabe, normalmente son estudos americanos para que non se poidan comprobar, a universidade non sabe onde. Co que fan é que pretenden meterse no peto a unha minoría de pais que se ocupan do coidado dos fillos e oxalá, e o di con sinceridade, que cada día sexan máis, pero actualmente e desgrazadamente, son unha porcentaxe moi pequena como para chegar a falar de corresponsabilidade imposta, encima no momento de máis conflito na parella.

Outra falsidade que intentan facer ver os defensores da custodia compartida imposta, que tamén se recolle na moción. Que nos casos que se asigna a custodia monoparental, que normalmente é a nai, o outro proxenitor perde os fillos, din aquí que desaparece o outro proxenitor e que os ven, como moito, un par de veces ao mes. Radicalmente falso. Actualmente os réximes de visita que se están a ditar están moi lonxe de consistir en dous ratos ao mes. E tratan de favorecer ao máximo, ao día de hoxe, e coa lei existente, o contacto dos fillos co proxenitor que non ten a súa custodia. Outra cousa é que ese proxenitor queira ou non queira ver os

seus fillos, pero efectivamente, se procura que ese proxenitor estea o máis próximo os seus fillos que sexa posible a día de hoxe.

Continúa a dicir que en relación con este último, outra das confusións a que nos pretende inducir os políticos de Ciudadanos. Equiparan, e isto di que lle parece bastante grave, porque é unha cuestión de cultura xeral e que habería que trasladar á sociedade, repite equiparan garda e custodia con patria potestade. A patria potestade son todos os dereitos e deberes que teñen os pais en relación cos fillos. A garda e custodia é o coidado dos menores. Entón, véndense as bonanzas da custodia compartida imposta dicindo que esta fórmula vai permitir que ambos proxenitores compartan a toma de decisións en canto á educación dos menores, lugar de residencia, tratamentos médicos, pero que resulta que estas funcións corresponden á patria potestade que xa a teñen ao 50% os dous proxenitores. A patria potestade, a día de hoxe, agás que un xuíz o ditamine pero por un caso de violencia grave, a patria potestade non se pode retirar. Son pouquísimos os casos. Estas calidades que se atribúen á custodia compartida imposta son propios da patria potestade e a teñen que exercer por metades o pai e a nai, os proxenitores.

Di que falaba o señor Abalo do interese do menor, como se fora un invento do Partido Popular ou de Ciudadanos. Di que o interese do menor non é patrimonio de ningunha formación política. Antes de Ciudadanos existira, xa era un mandato constitucional, así de claro, polo que, polo menor velan os poderes públicos, vela o Ministerio Fiscal, non fai falla que exista ningún tipo de modificación para velar polo interese do menor. Só faltaría.

Di que cando falan na moción de países europeos, hai que mencionar a Francia. Que ocorreu en Francia coa custodia compartida. Que se tivo que retirar polos pésimos resultados nos nenos que tiñan estas medidas de custodia compartida imposta, fala sempre de custodia compartida imposta. Comeza a moción falando tamén da convención sobre os dereitos do neno que obriga os estados a respectar os dereitos do neno a manter relacións persoais e contacto directo con ambos os dous proxenitores de modo regular. O que non di a convención dos dereitos do neno é que teña que ser a través dunha custodia compartida imposta por metades. Efectivamente, non di iso. Non se poden atribuír esta convención como lles interese.

A igualdade, desgrazadamente, insiste entre homes e mulleres por moito que a mencionen na moción, non existe. Intentar xustificala instaurando a custodia compartida imposta é unha auténtica aberración. Di que unha nai que teña a custodia exclusiva non quere prexudicar o interese do menor. O que quere é seguir dedicando o mesmo tempo o seu coidado que lle viña dedicando ata antes do divorcio, porque dá toda a sensación, con este discurso, que se non se defende a custodia compartida imposta non se está a prol da igualdade e resulta que é todo o contrario.

Di que Ciudadanos pretende legislar para que os logros pequenos que teñen conseguidos as mulleres, soamente hai que ver as noticias ultimamente, se dilúan en demagoxias e falsidades que volven a dar máis forza os homes ca as mulleres e segue a ser unha agresión máis as mulleres.

Por iso, di, non o fai normalmente, pero concretamente neste tema, que lle pode moitísimo a sensibilidade, pide por favor que se reconsideren o voto.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo se vai abster. Di que se vai abster de abster. Quere dicir con isto, que esta é unha cuestión complicada, unha cuestión complexa, unha cuestión que levanta, en fin, diversas opinións relativamente apaixonadas como por outra parte é lóxica.

Dende o Bloque Nacionalista Galego quere manifestar primeiramente que é unha cuestión, como moitas outras, que se presentan a este pleno, que non é de competencia municipal e que forma parte dun debate, por así dicilo, máis xenérico, máis da política xeral, que ten un evidente pouso ideolóxico.

A postura do seu grupo é clara. Está en contra de que se impoña a custodia compartida, de que se impoña a custodia compartida aquí en Cambre, aquí na Coruña, aquí en Galicia, aquí no ano 2017. Di que hai loxicamente, aparte dunha diferenza ideolóxica, ou quizais unha diferenza ideolóxica fundamentada ou resultado dunha diferenza á hora de ver a sociedade e o mundo no que vivimos. Isto non é necesariamente nin bo nin malo. Hai xente que di que dende Cambre se chega rápido á Coruña e hai xente que di se tarda unha eternidade en chegar á Coruña. Hai xente que di que hai un cambio climático a nivel mundial e hai xente que di que ese cambio climático non existe e ademais goberna os Estados Unidos.

Di que Ciudadanos é unha forza política total e absolutamente respectable, que representa unha parte importante, significativa da sociedade tanto a nivel galego como estatal e que ten unha ideoloxía determinada, que é claramente contraria en moitos aspectos as que o Bloque Nacionalista Galego.

Di que Ciudadanos di na súa moción “a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida é unha constante nos países democráticos e un obxectivo primordial na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.” Pregunta se é unha realidade, se é un obxectivo. Claro, normalmente os obxectivos marcámoslos como obxectivos porque aínda non os conseguimos. Un obxectivo a acadar, unha expresión que se di moitas veces. Di a moción en todos os ámbitos da vida nos países democráticos. Quizais Galicia ou España é a excepción que confirma a regra. Porque ao seu modo de ver, a sociedade, no mundo no que vivimos máis próximo a nivel galego e a nivel español non se dan as circunstancias que sosteñen dalgunha maneira este texto. Non se dá unha igualdade real e efectiva. Dáse unha igualdade legal, unha igualdade legislativa, unha igualdade de iure, unha igualdade sobre o papel, niso, está, máis ou menos, de acordo. Incluso, habería que matizar. Pero non se dá unha igualdade real no mundo onde os salarios da muller son sensibilísimamente inferiores; onde hai unha cifras de maltrato físico que son abracadabrantes e estamos diante do que é tecnicamente xa un feminicidio e unha situación de terrorismo machista moi alarmante; onde o nivel aínda de estudos dos homes é historicamente superior o das mulleres; onde o nivel de participación das mulleres en determinadas escalas do ámbito profesional é total e absolutamente minoritarísimo; onde vivindo nunha economía teoricamente de libre mercado guiada polo funcionamento das empresas, as mulleres empresarias con postos de responsabilidade e non se diga xa con titularidade, de determinadas sociedades é practicamente inexistente e anecdótica; onde, non quere poñer exemplos, onde moitos homes renuncian dende o minuto cero, dende o momento no que son país, por exemplo, a collese unha serie de días para poder atender o seu cativo recién nado. Insiste, que non quere poñer exemplos por famosos que estes sexan.

Polo tanto, non se dá, ao seu modo de ver, a realidade que sostén dalgunha maneira este discurso, que está e o reconece moi habilmente construído, moi edulcorado. O Bloque tamén o fai noutro tipo de cuestións. É dicir, corresponsabilidade parental e de relacións familiares, di que está a prol. Está tan a prol, que cre que debe existir esa corresponsabilidade despois do divorcio, cando existe corresponsabilidade previo ao divorcio. Como se ten que fabricar esa corresponsabilidade. Educando, destinando fondos públicos, retirando fondos públicos a determinadas entidades que operan na vida social e que lle asignan un papel claramente secundario á muller e camiñando loxicamente cara a unha igualdade salarial, laboral, etc. Porque cre que así se pode dar esa corresponsabilidade de mutuo acordo e que evidentemente non hai ningún problema e que pode ser e así se pode ver, incluso, a situación ideal nun escenario onde realmente exista esa corresponsabilidade.

Di que ao seu grupo non lle guía sendo unha forza, que o é e teñen a gala feminista, neste caso, defender per se os valores e os dereitos que poida ter a muller.

O señor presidente manifesta a don Daniel Carballada que vaia rematando a súa intervención.

Don Daniel Carballada manifesta que xa remata e di senón, neste caso, as das crianzas que haxa nese matrimonio e considera que ademais dos feitos e do mundo real no que vivimos, quen realmente está a velar por amplísima maioría dos casos pola correcta educación, desenvolvemento, etc., dos fillos é a nai e iso non é óbice de que sen ter propiamente a custodia, como explicou a compañeira Olga, os pais poidan tamén participar do proceso educativo e evolutivo dun fillo. Ogallá se chegue a un momento onde a corresponsabilidade sexa dalgunha maneira real e efectiva como di esta moción e nese caso, a bo seguro, xa nin será necesario legislar sobre isto. Neste caso, o seu grupo cre que non se atén á realidade social na que se vive, onde a muller é a grande marxinada e detrás disto, tamén o ten que dicir, di que lle pasa moitas veces, o Bloque di que ten que defender isto porque cre que está con esta xente. Claro que hai xente que o defende de boa fe e claro que hai xente que cre nisto, porque realmente está cos tempos e ve situacións inxustas. Todo o respecto do mundo. Pero tamén o di, aínda que sexa incómodo, que hai xente que o que busca é evitar o pagamento da pensión de manutención os fillos e está detrás desta estratexia. Por iso, anima con total calma o voto en contra a esta moción.

Don Juan Abalo Castex expón, moi brevemente, que non dá crédito e se lle pide a reconsideración do voto do seu grupo. Di que o seu grupo vai a reconsiderar o seu voto pero para votalo aínda máis positivamente a súa primeira postura.

Expón que non se pode estar máis afastado nin dos operadores xurídicos nin da sociedade co que estivo a oír aquí. Houbo ata unha modificación do Código Civil, o artigo 92 do Código Civil para establecer a custodia compartida, unha loita que se estivo durante moitos anos tratando de conseguir e é o criterio que agora mesmo a xurisprudencia, ata o Tribunal Supremo e o Tribunal Constitucional din que é o desexado o desexable en todas as sentenzas. Está oíndo aquí que se fala de imposición, imposición ao que é aplicación da lei, ou sexa, non da crédito, o sistema de custodia compartida que é o que actualmente está vixente, con todos os ditames favorables para a aplicación e a aprobación da modificación do Código Civil polo Consello Consultivo, todo non vale para nada. Di que os operadores xurídicos, fada da defensa que é o que está xustificado na presentación desta moción, a defensa do interese do menor, que é polo que vela o Ministerio Fiscal.

Continua a dicir que foi membro do Ministerio Fiscal e sabe o que pensa o Ministerio Fiscal nestes asuntos, porque levou procedementos deste asunto sendo parte do Ministerio Fiscal e máis de vinte anos avogado. Sabe o que se trata e, por fin, se conseguiu unha custodia compartida. Di que hai que ver todos os casos, é un dereito exclusivamente, repite, un dereito, que se aplica ou non se aplica, variará segundo os casos. O xuíz é evidentemente o que aplica a lei. Fálase de imposición. Non é imposición, é aplicación efectiva da lei.

Remata a súa intervención e felicita a Ciudadanos pola presentación desta moción, que segue a tónica xeral de onde vai a lexislación actual e todos os operadores xurídicos.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de Unión por Cambre, manifesta que o seu grupo non está no Ministerio Fiscal, nin participa de ningún deses escenarios, está na rúa, e aínda que lle pareza rara realizaron unha votación e ganaron elas e, polo tanto, o seu voto será que non.

Dona M^a Olga Santos López dille ao señor Leirós que non sabe o que supón, incluso no persoal, este cambio de voto, porque, de verdade, que é importantísimo o que estamos a falar e quere facer, con respecto do que comentaba o señor Abalo, algunha puntualización. Evidentemente cre que se entendeu, pero por se acaso, non pedía o cambio de voto, non pedía a reconsideración do voto do Partido Popular. Di que ninguén entendera iso, por favor. Di que pedía a reconsideración de voto de quen ela considera e entende que ten algún tipo de sensibilidade de corte feminista ou de corte evidentemente non de ultradereita, todo o contrario.

Di que a día de hoxe, pensaba que no espectro político estatal, o partido máis machista podía ser o Partido Popular, pero Ciudadanos vai moi de preto, mesmo, di que lle está pasando por enriba, porque falan de

igualdade, enchen a boca de igualdade, pero despois, por ilustrar un pouquiño máis de todo o que falaba o señor Carballada e por que das incongruencias, máis de incongruencias, da utilización mediática e electoralista de algo tan sensible como pode ser a custodia compartida. Simplemente, di que se tanta igualdade lle colle a Ciudadanos na boca e nas súas mocións, non entende, que podería ser, pode entender que algún despistado en Ciudadanos poida si que estar pensando na igualdade efectiva entre homes e mulleres, pero non entende, entón, porque non apoian os permisos de paternidade, igualitarios entre homes e mulleres.

Di que neste caso, Ciudadanos, con todo o que defende a igualdade, defende tamén que os permisos sexan transferibles entre homes e mulleres, é dicir, cando a parella se leva ben, se reparten como veña ben; pero cando a parella se leva mal e cando hai que falar do benestar dos nenos, aí si, chega un xuíz e corta pola metade, como Salomón. Efectivamente, por aí é por onde hai que comezar, por facer que os permisos sexan intransferibles e que a parella, o pai e a nai, teñan obrigatoriamente cando exista esa cordialidade en parella, que gozar do permiso de paternidade e maternidade de xeito intransferible, que obrigatoriamente o home que obrigatoriamente a muller teñan que coidar por igual os fillos e aí se comeza a educar en igualdade.

Outro voto curioso de Ciudadanos. No programa electoral de 2015, quixeron eliminar a Lei integral contra a violencia de xénero eliminando dentro desta lei, que é un paso importantísimo para as mulleres, mecanismos de protección ás mulleres maltratadas.

Dona M^a Olga Santos manifesta que dicía na súa anterior intervención e falaba o señor Abalo tamén, a realidade xurídica a día de hoxe, a Lei 15/2005 reformou efectivamente o Código Civil no relativo ao dereito de familia e foi a que introduciu o concepto de custodia compartida en relación tamén falaba do artigo 68 que o que sostén que os cónxuxes teñen que compartir as tarefas domésticas. Efectivamente, non as comparten a día de hoxe. Di que mentres isto non se produza con naturalidade nin con normalidade, a custodia compartida imposta é unha aberración e unha agresión, e o é porque nas súas intencións lexislativas se permita que acceda, por poñer outro exemplo, a custodia compartida imposta, unha persoa condenada por violencia de xénero, unha vez que remata a súa condena. Unha vez rematada a súa condena, ou se a causa é sobresida ou se esa muller por medo non pode denunciar, ten que soportar despois cunha custodia compartida imposta.

Di que isto é o que pide Ciudadanos. Por isto, precisamente, a vehemencia do seu discurso, pola que incluso, pode chegar a pedir desculpas, pero cre que é moi de xustiza analizar o tema. Pide desculpas pola súa extensión e, de novo, felicita esa reconsideración.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús Gómez González, voceira suplente do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo tamén cambio o seu voto e votará en contra.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, voceira de Ciudadanos, expón que o Parlamento de Galicia admitiu a trámite esta iniciativa lexislativa popular porque hai argumentos a prol deste apoio a esta iniciativa lexislativa popular. A Asociación Galega de Pais e Nais Separados pola custodia compartida non imposta como se dixo aquí, non sabe de onde sae a palabra imposta, porque ninguén a dixo, traballaron moito e son pais e nais que representan a todos os pais separados que queren ter o mesmo dereito a estar tantos os pais coma as nais cos seus fillos. Di que hai argumentos legais, os argumentos legais están na Convención dos dereitos dos nenos. É o dereito do neno a relacionarse con ambos proxenitores e o di claro: haberá de considerarse normal incluso desexable porque permite que sexa efectivo o dereito que os fillos teñen a relacionarse con ambos proxenitores. A custodia compartida non imposta, como se dixo aquí, é un dereito inalienable dos menores

Continúa a dicir que tamén hai argumentos políticos. Soamente no ano 2015 houbo máis de 50.000 divorcios anuais en España, deles, 2.761 en Galicia. Galicia está a cola das custodias compartidas. De feito, a custodia

compartida, si que é verdade que está no ideario e no programa de Ciudadanos e si é verdade que o defende. Que ocorreu. Houbo unha declaración de inconstitucionalidade da lei valenciana, por isto di que se puxo en funcionamento e intenta reclamar que haxa unha lei española que teña en conta as leis autonómicas, que sexan as autonomías quen lexisle en caso de haber conflito.

Di que tamén hai argumentos prácticos, que curiosamente, existen determinados movementos feministas que se opoñen á custodia compartida. Se se defende a igualdade, deféndese en todos os sentidos, hai que defender a igualdade ampliándoa a toda; non se pode defender a igualdade para o que conveña si, e para o que non conveña, non.

Fala a seguir dos argumentos emocionais. O neno non ten porque elixir a quen quere máis, a nai ou o pai. É un dereito. É o dereito dos nenos a poder estar con ambos. Separarse dunha parella non supón separarse dos fillos. As asociacións de pais e nais separados e moitos colectivos traballaron moito en todo isto.

Di que lle vai dicir unha cousa a ACdC, ademais así polo baixo, para que ninguén se dea conta, de verdade, nas eleccións autonómicas ACdC se presentou con EnMarea. Simplemente, dille que despacito, xente que está hoxe no Parlamento de Galicia de EnMarea colaborou na redacción desa ILP, desa iniciativa legislativa popular. Di que é por se non o sabía.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe). Votan en contra os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por trece votos en contra, rexeitou a moción.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 251/2017, do 20 de febreiro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Creación da senda peatonal e ciclable do ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre nos municipios de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre e Carral (A Coruña)” cun orzamento de execución por contrata de 119.615,85 €, cuxo ámbito territorial abarcará os municipios de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre e Carral.

Segundo: Que o Concello de Cambre se agrupe cos concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre e Carral co fin de poder levar a cabo este proxecto e realizar unha solicitude conxunta de subvención, nos termos do artigo 12 da Orde do 30 de decembro de 2016, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. A agrupación regularase mediante un convenio de colaboración, que asinarán os/as representantes de cada Concello, en todo caso, antes de que

transcorran 15 días naturais dende a data de notificación da resolución de concesión da subvención, e que se axustará ás previsións e orientacións recollidas no artigo 12.2 da orde do 30 de decembro de 2016, e que en todo caso, recollerá, o contido obrigatorio establecido no artigo 12.3 da Orde. O Concello de Cambre, comprométese a asinar un convenio de colaboración conforme a estas previsións.

Terceiro: Aceptar que a xestión do proxecto sexa realizada polo Concello de Abegondo, con CIF A-1500100-A, en representación da agrupación constituída, que será a entidade promotora e incluírá todo o relacionado coa xestión do proxecto, aspectos materiais, técnicos ou de servizo. Así mesmo, o Concello de Abegondo, por medio do seu Alcalde-Presidente, será o representante legal da agrupación de Concellos, con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación de Concellos e que actuará como coordinador e interlocutor ante a Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, sendo polo tanto, o Concello de Abegondo o que solicite e no seu caso, perciba e xustifique a subvención convocada. Todo elo conforme ao disposto nos artigos 9.4, 21.1 e 21.2.c.b) da Orde do 30 de decembro.

Cuarto: Solicitar unha subvención por importe de 95.692,68 €, (80% do orzamento total) ao abeiro da orde do 30 de decembro de 2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 14 do 20 de xaneiro de 2017), aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecido na Orde do 30 de decembro de 2016, para a actuación denominada “Creación da senda peatonal e ciclable do ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre nos municipios de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre e Carral (A Coruña)”, integrado pola seguinte actuación:

Denominación da actuación	Orzamento (en €)	Tipo de Gasto (indicar se son gastos de funcionamento ou investimento)
“Creación da senda peatonal e ciclable do ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre nos municipios de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre e Carral (A Coruña)”	119.615,85 €,	Gasto de investimento

Quinto: Declarar que con data 13 de decembro de 2016 o Concello de Cambre remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2015 ao Consello de Contas de Galicia.

Sexto: O Concello de Cambre asume o compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención, conforme ao disposto nos apartados c. e d. do artigo 21.2.c) da Orde do 30 de decembro de 2016.

Sétimo: Que o Concello de Cambre comprométese a realizar unha achega mediante fondos propios, con cargo ao orzamento municipal do exercicio 2017, para o financiamento da súa alícuota da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionada pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia segundo o previsto na Orde do 30 de decembro de 2016. Para estes efectos, a porcentaxe máxima de subvención é do 80% do orzamento presentado (119.615,85 €) e que a parte do custo do proxecto non subvencionada será como mínimo, do 20% do custo do importe total do proxecto (23.923, 17 €), determinando a porcentaxe e/ou importe de financiamento que achegará o Concello de Cambre, como entidade que forma parte da agrupación de Concellos, no convenio que asinarán as entidades locais que forman parte da agrupación.

Oitavo: Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que esta celebre, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

4.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/1531 o día 20 de febreiro de 2017.

1º Nas últimas datas estiveronse a realizar obras de acondicionamento, mellora e asfaltado no camiño público existente no lugar de Lendoiro que desemboca na estrada DP 1703, vía que aparece sinalada na fotografía aérea que se achega co este rogo (en cor verde).

Unha vez que parece que se dan por rematadas as obras, veciños do lugar alertaron a membros do grupo municipal Popular sobre a falta de acondicionamento e asfaltado dunha parte importante del (sinaladas en cor vermello sobre a fotografía aérea), que como se pode apreciar polo resto de fotografías que se achegan, están nun deplorable estado e constitúen un auténtico problema para a seguridade vial.

De aí, que dende o grupo municipal Popular se solicite ao concelleiro responsable en obras que, á vista das queixas veciñais transmitidas a este grupo e tendo en conta as competencias municipais en materia de infraestrutura viaria e pavimentación de vías públicas, se adopten as medidas pertinentes para ampliar as obras de mellora, acondicionamento e asfaltado da mencionada vía a aquelas zonas marcadas en cor vermella na fotografía aérea que se achega.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, manifesta que acepta o rogo. Di que se analizaron o POS 2017 verán que está previsto nel, no POS que se aprobou o xoves pasado.

2º No pleno ordinario do pasado mes de xaneiro, o Grupo Municipal Popular presentou, entre outras propostas, un rogo no que se interesaba ao señor alcalde de Cambre que adoptara as medidas necesarias para a retirada inmediata da publicidade que fora colocada polo BNG trala súa entrada no goberno municipal, nas marquesiñas de autobús, caixas de electricidade, portas e paredes de edificios, terreos privados, etc., en clara e evidente violación da Ordenanza reguladora da limpeza viaria e ornato público de Cambre, publicada no BOP da Coruña o 26 de novembro de 2005.

No dito rogo lembrábase como o artigo 18 da mencionada ordenanza dispón que:

“Co obxecto de manter as condicións de limpeza que esixen o ornato e a estética do municipio, queda prohibido:

- a) Realizar inscricións ou pintadas nas paredes, muros, cabinas, fachadas, valados, así como no mobiliario urbano.*
- b) Colocar carteis en lugares non autorizados expresamente para iso.*
- c) Resgar, ensuciar ou arrancar os carteis ou anuncios situados nos lugares autorizados para o efecto.”*

Pola súa parte, o artigo 20, recolle que:

“Os propietarios ou titulares de inmobles coidarán de manter limpas as paredes ou fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa o específico dunha profesión ou actividade mercantil.

(...)

Prohíbese a colocación de carteis, bandeirolas, pancartas, rótulos, adhesivos, así como calquera outro elemento publicitario ou de comunicación fóra dos lugares que expresamente sexan autorizados polo concello (e en concreto nas fachadas dos edificios públicos ou no mobiliario ou equipamento urbanos, por exemplo, farois bancos, marquesiñas).

Así mesmo lembrábase que o incumprimento das ditas prohibicións é tipificado no artigo 27 b) e c) respectivamente, como infraccións graves ou moi graves; que son sancionadas con ata 3000€, sen prexuízo de esixirlles aos responsables da infracción, que realicen os traballos de eliminación do xerado e que indemnicen os danos causados.

En contestación ao dito rogo, o voceiro municipal do BNG pediu perdón asumindo que os feitos denunciados no noso rogo non eran os que deberían, sendo unha cuestión que se fixo mal pola súa parte, cualificando de erro o invadir con carteis o mobiliario público para facer propaganda política contravindo as ordenanzas municipais, polo que se pedían desculpas publicamente tanto como voceiro do BNG como tenente de alcalde, e comprometeuse a retirar os carteis que aínda quedaran pegados, tras xustificar documentalmente a eliminación de parte dos carteis colocados. Pola súa parte, o señor alcalde recalcou a súa negativa a abrir expediente sancionador ningún polos feitos cometidos, xa que *“non nos gusta sancionar”*, xustificando a súa postura coa petición de perdón do voceiro nacionalista, considerando que *“con iso, é máis que suficiente”*.

Transcorrido un mes dende a dita petición, seguen sendo numerosos os lugares do municipio de Cambre nos que aínda locen os carteis referidos, en clara contravención tanto coa promesa do voceiro do BNG e tenente de alcalde e coa normativa invocada, tal e como recollen as novas fotografías que se achegan ao presente rogo e que foron remitidas ao noso grupo polos veciños de Cambre e como se pode observar facilmente cun simple paseo polas nosas rúas e lugares.

Así mesmo lémbrese que o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local atribúe ao alcalde, entre outras, as facultades de dirixir o goberno e a administración municipal; dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais; desempeñar a xefatura superior de todo o persoal, e acordar o seu nomeamento e sancións; o exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do concello nas materias da súa competencia, ou sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se reitere novamente do señor alcalde de Cambre a adopción das medidas necesarias para a retirada inmediata da referida publicidade e que se atopa aínda pegada ao longo e ancho do noso municipio, con aplicación, como ao resto de veciños do noso municipio, da Ordenanza reguladora da limpeza viaria e ornato público de Cambre, incluído o réxime sancionador.

Don Daniel Carballeda Rodríguez, concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade, diríxese ao Sr. Abalo Castex para dicirlle que, en ausencia do señor alcalde, poden optar porque responda o alcalde ou, se lle permite, el mesmo, tanto como tenente alcalde, que o é, aínda que sétimo, como por ser voceiro municipal do BNG. Non ten ningún problema en darlle resposta.

Don Juan Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que non sabe por que llo pregunta, xa que a vez anterior tamén dirixiu a pregunta ao señor alcalde e respondeu o señor concelleiro, así que xa que é el o que está, pídelle que responda.

Don Daniel Carballeda Rodríguez indica que preguntoulle porque melloran co tempo, un mes despois van aprendendo cousas, entre outras cuestións grazas a súa sapiencia, que lles ilumina a todos, e intentan facelo o mellor posible.

Continúa dicindo que ten o Sr. Abalo unha memoria selectiva. Obvia que no pleno anterior el mesmo lle trouxo aquí documentación gráfica sobre a existencia de publicidade do PP no Concello de Cambre que atentaba, ademais, contra a seguridade viaria, tanto peonil como de determinados automóbiles, nun tramo do Concello de Cambre que os concelleiros populares non coñecerán, supón, porque é un dos tramos que perseveraron en que fora abandonado polo transporte público, pero que pertence, dillelo para máis datos, á parroquia de Cecebre.

O BNG trasladou a este pleno, e ao Sr. Abalo persoalmente, as súas máis sinceras desculpas por unha acción que recoñecen publicamente non estivo ben. Tampouco está ben sacarlle varias fotografías a un mesmo cartel e presentalas en fotografías diferentes, esa é unha cuestión que deberon aprender coas probas do 11-M e é a mecánica coa que traballa o PP.

Neste punto varios concelleiros populares piden ao señor presidente que chame á orde ao concelleiro do BNG.

Don Daniel Carballada Rodríguez pregunta que foi o que dixo, e continúa dicindo que, en tal caso, el tráelles novamente, neste caso as pon a disposición da secretaria, para que as traslade ao conxunto de grupos porque non puideron facer fotocopias, as fotografías, as instantáneas de todas os carteis que eles teñen apercibido. Di que a verdade é que se quitaron moitos. Consideran que xa están quitados todos, agardan que si.

Pero xa di que o señor concelleiro do PP ten unha memoria parcial e un concepto da xustiza tamén bastante parcial, porque o PP, tendo responsabilidades de goberno, utilizou tamén un criterio moi discrecional á hora de sancionar segundo a quen. É un tema no que non se quere, en absoluto, meter en profundidade, porque daría para máis que un pleno.

Ante as palabras dos concelleiros populares, dilles que se queren poden falar de cantos soportes publicitarios legais existían no Concello de Cambre no mandato do PP. Poden falar da persecución política que se fixo a un grupo que se chamaba Esquerda Unida, por parte do PP, por facer exactamente o mesmo que facían infinidade de empresas, comisións de festas e o propio concello, en mobiliario público, en diversas das súas actividades.

Di que poden falar desas cuestións, pero o BNG non quere falar delas, porque asumen o seu erro, porque piden perdón e porque queren mirar cara adiante: *“España, evangelizadora de la mitad del orbe; España martillo de Trento, espada de Roma, cuna de San Ignacio...; és es nuestra grandeza y nuestra unidad; no tenemos otra. El día en que acabe de perderse, España volverá al cataclismo de los reinos de taifas”*.

Engade que ese é o problema que enfrenta o Concello de Cambre. A cuestión fundamental a día de hoxe para o futuro do concello son os carteis do Bloque, pegados sobre outros carteis da Flor de Montouto. E o PP persevera nesa liña que os leva pola senda da vitoria, cara a un destino de unidade no universal e de progreso no humano. Conclúe dando as grazas e di que máis nada.

Don Juan Abalo Castex manifesta que, como sempre, o Sr. Carballada tratando de confundir ao persoal, como tratou xa de confundir ao persoal no pleno pasado. Pide agora a palabra porque non está o señor alcalde, á vez pasada o rogo tamén ía dirixido ao señor alcalde e foi respondido primeiro por el, e despois polo señor alcalde, en clara contradición, outra vez, do Regulamento orgánico municipal.

Trata de confundir ao persoal porque é o que tratou de facer xa a outra vez, presentando unha fotografía dun cartel electoral, e a verdade é que teñen que facer un acto de fe para crer o que lles dixo. Pregunta como é posible, cando saben perfectamente que moitas veces nas campañas electorais non aguantan os carteis electorais durante quince días, agora resulta que ese cartel electoral aguantou cinco meses, e ademais un cartel electoral que, segundo a fotografía que o Sr. Carballada lles pasou, está perfecto. Deben de ser dunha calidade boísima os carteis que fixo o PP na última campaña electoral, porque teñen estado cinco meses en perfecto estado. Aínda así, vanlle conceder o beneficio da dúbida.

Xa dixeron no pleno pasado que esta era unha actuación reiterada no tempo, porque o BNG sempre ten pegado os carteis onde lles deu a gana, incluso en época electoral, e di que pode amosar a proba que teñen dun cartel electoral que lles ten pasado un veciño, novamente. É algo que está sacado esta mesma semana, é unha parada nos Campóns, onde está unha fotografía dun cartel do Bloque das últimas eleccións municipais. Nin sequera en campaña electoral se respectan as marquesiñas.

Don Daniel Carballada Rodríguez intervén para dicir que eles son un grupo municipal, non presentaron a Ana Pontón.

Don Juan Abalo Castex di que perdón, autonómicas. Dille que mire, e que llelas pasa, porque tamén haberá que retiralas, nos Campóns. Reitera que nin sequera en campaña electoral se respecta a ordenanza.

Interrompe a súa intervención para dicirlle ao concelleiro do BNG que por favor, que lle está faltando ao respecto, e que levan un pleno no que ao PP se lle está faltando. Pide ao señor presidente que por favor exerza de alcalde, porque non o está facendo. Aínda que sexa o alcalde accidental ten que manter o respecto aos membros da Corporación, e o concelleiro do BNG estivo permanentemente durante todo o pleno faltando ao respecto ao seu partido, e aos membros, e aos militantes, e aos afiliados e aos votantes do PP. Di que xa está ben, que non teñen por que pasar por iso, e menos pode o señor alcalde, que representa a toda a Corporación, non a unha parte dela.

Continúa dicindo que a situación é moi grave, porque estase incumprindo a ordenanza de ornato e limpeza viaria de Cambre, e non só porque o BNG a ten incumprido, senón tamén polo que dixo o señor alcalde, que vai indultar, que non vai cumprir a ordenanza de ornato e limpeza viaria. Iso de verdade que é moi grave, moito, tratar de non aplicar a normativa a unha parte do seu equipo de goberno. Pregunta que é iso.

Como xa dixeron no pleno ordinario do mes de xaneiro, foi chegar ao equipo de goberno e crese o concelleiro de Cultura, Mobilidade e Transportes que as marquesiñas eran súas, con evidente violación da normativa vixente.

Crían que polo feito de entrar no goberno, o BNG polo menos ía moderar un pouco o seu discurso e as súas formas de facer, pero ven que non, así que volve reiterar o que xa dixo, o BNG sabe mellor que eles onde están os carteis, porque non hai máis que dar unha volta polo municipio e ver que está todo cheo de carteis do Bloque que non teñen por que estar aí. Solicitan a retirada e, dende logo, solicitan que se aplique a normativa vixente. Van preguntar todos os meses se teñen incoado ou non teñen incoado o expediente administrativo sancionador, e senón xa tomarán as medidas pertinentes.

3º No pleno ordinario do pasado mes de decembro dende o grupo municipal Popular preguntouse á concelleira competente en materia de Seguridade Cidadá sobre os motivos polos que efectivos da Policía local de Cambre se presentaron nas instalacións do colexio Wenceslao Fernández Flórez en pleno proceso de eleccións ao consello escolar do centro sen que a súa presenza fora requirida. Pregunta motivada pola sorpresa transmitida por pais e nais do citado centro educativo de Cambre, á vista da presentación de axentes da Policía local no citado proceso electoral.

Todo isto tendo en conta que, tanto a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade como a Lei galega 4/2007, de 20 de abril, atribúen os corpos da Policía local funcións como a protección das autoridades das corporacións locais e a vixilancia das súas instalacións; a prestación de auxilio, nos casos de accidentes, catástrofe ou calamidade pública; competencias en materia de tráfico como instruír atestados en caso de accidentes, sinalizar e ordenar a circulación, etc.

Fronte á citada pregunta, a concelleira competente en materia de Seguridade Cidadá contestou que a súa presenza “si foi requirida por un veciño de Cambre e non foi en pleno proceso de eleccións senón ao rematar o proceso”. Requirida a citada concelleira que explicara que altercado ocorrera nas instalacións do colexio titularidade da Xunta de Galicia para que se presentara a Policía local de Cambre, a concelleira competente contestou que o citado veciño “non estaba de acordo co reconto desas votacións e solicitou que emitira un informe a Policía, nada máis”.

Ante tan parca explicación e á vista das queixas transmitidas, dende o grupo municipal Popular requírese da concelleira competente en materia de Seguridade Cidadá que explique o realmente ocorrido para que efectivos da Policía local de Cambre se presentaran no citado centro en medio dun proceso electoral.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, manifesta que a Policía local recibiu unha chamada telefónica porque durante as eleccións ao consello escolar incorreron ao seu xuízo unha serie de incidencias na mesa, que non quixeron reflectir na acta. Un membro da mesa dirixese a unha candidata ao consello escolar de maneira aireada increpándoa e intimidándoa, o que fai que se chame a Policía, pola súa actitude intimidatoria. Isto ocorre moitas veces. Chaman a Policía cando chega alí, xa non hai nada. Isto foi o que ocorreu.

Don Manuel Rivas Caridad dille a señora concelleira que tanto todos como el saben que o pleno ordinario do mes de decembro ela mentiu. Coa presentación deste rogo, deulle unha segunda oportunidade para que rectificara e pedira desculpas ao pleno por ter mentido a todos os veciños. Ela e el saben que quen chamou a Policía local non foi un veciño, un veciño que non estaba de acordo co relato das votacións e pediu que a Policía local emitira un informe, como a concelleira contestou en decembro. Porque a Policía local non acode a un colexio en plena xornada electoral porque un veciño requira a súa presenza para que emita un informe porque non está de acordo co resultado dunhas eleccións ao consello escolar no centro. De novo, repite, invítalle a que non minta e diga que membro desta Corporación, que membro do equipo de goberno, que non se encontraba no centro chamou a Policía local a requirimento dunha persoa da súa contorna, que era quen non estaba conforme co resultado das eleccións, para que se presentara no colexio Wenceslao Fernández Flórez non sabe ou, prefere non saber, para que; porque do contrario de persistir na súa mentira, o pobo de Cambre non merece estar representado por concelleiros que mintan, e a concelleira e o concelleiro que consinte e avala a súa mentira para non ser descuberto. Ninguén se pode presentar nunhas eleccións dun consello escolar con tanta rapidez. Ademais, dille a señora concelleira que el ten o informe da Policía local, loxicamente, como concelleiros da Corporación ten dereito a el, e di o que di, e a concelleira no pleno do mes de decembro mentiu descaradamente.

Dona Josefa Vázquez Soto maniféstalle que en ningún momento mentiu. Díxolle que chamara un veciño, repite, chamou un veciño. Si. Non foi durante o proceso, foi ao rematar. Foi por unha persoa da mesa increpou a esta persoa que chamou a Policía. Ademais, efectivamente, dille ao señor Rivas que el ten o informe, porque llo pasou ela e sabe, de sobra, quen chamou a Policía porque consta no informe.

Don Manuel Rivas Caridad pregunta que se está no informe por que a señora concelleira segue mantendo a mentira. Dille que non manteña a mentira. A señora concelleira sabe perfectamente, dille que non ten perdón de Deus.

O señor presidente manifesta que hai unha soa réplica. Don Manuel Rivas Caridad manifesta que no debate pecha, artigo 111 do Regulamento. Manifesta que se vai falar ao final, que fale o señor Carballada.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que dende o Bloque Nacionalista Galego quere transmitir a súa estupefacción diante do rogo presentado polo Partido Popular. O único certo é verdade, ao seu modo de ver, e con total sinceridade di que é que parece ser que alguén chamou a Policía nun centro escolar para determinado problema e a Policía acudiu a ese centro escolar. A partir de aí, éntrase nunha serie de dimes e diretes que non sabe a onde pretende levar o Partido Popular pero dille que sexan valentes e que o leven se así o considera. Reitera, ao seu modo de ver, total e absolutamente dentro duns parámetros de normalidade. Todo o seu apoio, toda a súa solidariedade, porque o que se está a intentar deixar caer aquí é moi grave, ao seu modo de ver, é moi grave, porque se pretende debuxar, non xa, soamente unha actuación política escura, senón tamén unha certa convivencia e di, que o deduce do que apunta o Partido Popular, da Policía e co poder político para non se sabe que.

Felicítase de que diante dunha chamada a Policía local, a Policía local acuda, a Policía local emita un informe. Ese informe loxicamente a oposición, non sabe exactamente con que finalidade, motivo ou obxecto o solicita. Ese informe dásele sen ningún tipo de dificultade e con total e absoluta celeridade e di que se hai algo que dicir, dígase. Pero Cambre ten vinte e catro mil veciños, dentro deses vinte e catro mil veciños hai vinte e un concelleiros e el entende que todos son iguais diante da lei e todos teñen os seus dereitos e perfecta potestade para exercelos.

Di que a partir de aí, intentar debuxar non se sabe que ao mesmo tempo que noutros puntos e aspectos se piden respecto a non se sabe que ámbitos persoais e, por certo, son concedidos por parte doutros membros desta corporación, de verdade, considera que é moverse nun terreo bastante sucio. Todo o seu apoio porque cre, considera, defende que se actuou máis que correctísimamente.

Don Juan González Leirós manifesta que o seu grupo cre que isto debe ter un carácter evidentemente de confrontación para iso se está aquí, pero ten que haber unhas regras do xogo. Non se pode estar pedindo constantemente e crendo constantemente que a oposición está a insultar ao Partido Popular, a cada palabra que se di un pouco elevado de ton, que se tome.. Di que lle desculpe, que está a falar el, di que o sente, dille que se calme que está un pouco excitado hoxe e xa sabe que a potestade de ser agora o coordinador lle pode excitar, pero dille que se calme que non se preocupe que lle queda moito tempo, que ten moito tempo en política. Dille que lle deixe continuar, por favor.

Don Juan González Leirós continua a dicir que non poder ser que teñan a pel tan fina para unhas cousas e agora di que lles vai atuar no sentido, se lles parece ben, se non lles parece ben eleva isto ao de vostedes, reitera, tan fina para unhas cousas e despois que teñan tanta agresividade, e así o vai a dicir, incluso, violencia verbal para outras, é dicir, se está a dicir que unha persoa mentiu literalmente. Cando alguén di iso, ten que ter a capacidade para ir ao xulgado, ten que ter capacidade para actuar, porque non se pode deixar iso nun sistema brando. El pode elixir a mesma opción. Pode dicirlle ao señor Rivas que mentiu en relación co vial non pasa pola súa parcela. Di que non se lle ocorre. Hai fotos aéreas, hoxe en día con Google se sabe perfectamente por onde pasa. Di que hai un respecto mutuo. Ás veces, entende que non, pero que entende que non debe insistir nun tema onde quedou claro que pasa polo vial, pero tampouco se pon a descubrir por onde pasa. Parécelle pernicioso. Cre que isto está a chegar a un límite de perniciosidade.

Roga que se manteña o ton. Di que el persoalmente está a intentar baixar o ton. Pero se o señor Rivas o eleva, poñerán as cousas enriba da mesa, comezarán unha discusión que rematará mal. Reitera o rogo que se manteña o ton. Dille que ten o informe e di que eles cren que mentiu, polo tanto, está no seu dereito a crer que se mentiu. El cre que actuou decentemente. Rematou o rogo e dille que actúen en consecuencia. E isto de volver a repetir que mentiu, que mentiu e facer por un acto repetitivo unha presunción facelo verdade, están a facer un dano. Di que se queren el fai igual en todos os plenos iso que el sabe. Non é iso. Di que imos facer política. Se cren algo que vaian a onde teñen que ir e rematou o tema.

Don Manuel Rivas Caridad manifesta que lle dá a impresión que o rogo o pechaba o señor Leirós cando el era o propoñente do rogo. Di que el escoitou o señor Leirós. Non se mete con el. Son distintas varas de medir. El díxollo a concelleira o mesmo día que presentou o rogo no mes de decembro. Se lle tivese contestado doutra maneira, non o volvía a presentar. Díxolle que para o vindeiro mes volvería a presentalo. Son distintas varas de medir. A utilización dos medios públicos, como é a Policía local, en beneficio particular.

Rogos de ACdC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/0040 o día 20 de febreiro de 2017.

1º Os fortes temporais de vento e choiva acontecidos nas últimas semanas provocaron a caída e desprazamento dos contedores de lixo, por carecer de aparellos de suxeición. Este feito ten ocasionado

diversos problemas para o tráfico rodado e peonil. O problema ten maior incidencia nas zonas máis urbanas do concello, supoñendo un perigo para a circulación. Como exemplo, podemos recordar como na estrada da Castellana ou no centro de Cambre, varios aparellos apareceron desprazados do seu lugar, contra vehículos e entorpecendo a circulación.

Pregamos se adopten con urxencia as medidas correctoras necesarias para solucionar o problema, como primeira medida nas zonas urbanas e nas estradas con máis circulación.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos, di que recolle o rogo dende a primeira palabra ata a última.

2º Na estrada de Cambre O Temple, no lugar da Cruz, o arborado de mimosas está enriba da beirarrúa e do vial de circulación de vehículos. Recentemente desprendéronse dúas ramas de considerable porte, que puideron ocasionar consecuencias graves.

Por isto pregamos, se tomen as medidas correspondentes para evitar calquera accidente, e se informe o noso grupo de ditas medidas.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, di que recolle o rogo e xa se puxeron en contacto coa Deputación, propietario da estrada e di que se comprometeu que a vindeira semana ían cortar as ramas. Non rozarán, porque pode caer o noiro e ocasionar prexuízos, pero si que cortarán.

Don Antonio Bruquetas Santos manifesta, respecto destes dous rogos, que quere deixar claro que agradece que se recollan os rogos, pero fai fincapé nun pequeno detalle. Hai moitas destas cousas que están a presentar con certa regularidade ao pleno dende hai moito tempo que se poderían ter solucionado, ou cando menos, visto o grávame moito máis pouco influente, se tivesemos unha especie de previsión, un plan que permita localizar estes puntos onde os tendidos eléctricos pasen preto das árbores, haxa árbores en situación que se poidan caer na estrada. Por isto, dende Asemblea Cidadá de Cambre agradece a recollida dos dous rogos e tamén do seguinte, pero di que tamén quere deixar claro que poderíamos facer un pouquiño máis neste sentido.

Don Juan González Leirós dille que o están a intentar. É certo, isto comezou cun tema que se alongou un pouquiño. Un dos policía foi, investigou de quen era parcela, porque pensaba que era a parcela de enriba. A señora dixo que era dela e despois dunha semana e dicirle que o tiña ou se lle multaba, dixo que era da Deputación. Recoñece que don Antonio Bruquetas ten razón e di que procurará evitalo.

3º Temos coñecemento da petición que o alcalde fixo a GNF solicitando que se corten as ramas das árbores que teñen risco de romper e caer sobre os tendidos eléctricos provocando cortes de subministración, sobre todo en momentos de temporal como os acaecidos hai uns días. Do mesmo xeito, somos coñecedores de que existe unha iniciativa por parte do alcalde de Abegondo e presidente do Consorcio para facer unha fronte común entre os alcaldes e reclamar ás eléctricas formalmente ante as situacións que ano tras ano se veñen producindo polo estado deficiente das liñas e a tardanza na actuación ante avarías.

Pregamos que se nos informe sobre ambas iniciativas.

Dona M^a Olga Santos López solicita que se lle informe por escrito tamén o resto dos grupos políticos, porque seguramente sexa do seu interese.

Rogos de Ciudadanos presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/0039 o día 20 de febreiro de 2017.

1º Dende Cambre non temos transporte directo á casa da Cultura Vila Concepción, sendo este moi necesario.

Un minibús azul podería facer o seguinte percorrido:

Cambre, Amil, Fontenla (vía 21) saír a Molduras, entrar na Barcala sen parada, parar na zona do Eroski, dirixirse cara o colexio Portofaro, seguir ao Graxal e subir á casa da cultura.

Propón esta ruta como posible opción e, polo tanto, roga a este goberno que estude e realice as xestións necesarias para a súa posta en servizo.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade, expón que unha primeira cuestión un pouco técnica, é dicir, pregunta por que A Barcala sen parada.

Dona María José Garza Hidalgo contesta que A Barcala sen parada, non. Di que non se faga a parada onde xa para o outro autobús, porque se ten a concesión da parada este autobús, habería que facer outra parada e podería ser onde está o Eroski.

Don Daniel Carballada Rodríguez expón que, polas informacións que el ten, isto non é exactamente así, é dicir, a día de hoxe, os títulos concesionais non van tanto en función, efectivamente, determinada parada nun sitio e outra parada en fronte, senón que establecen determinados fluxos de tráfico entre puntos de poboación e puntos de poboación intermedios, de tal xeito, que por así dicilo, esa trampa que se propón, enténdase como o di, non sería válida, non sería sostible no tempo, porque previsiblemente a empresa concesionaria dese tráfico, dese fluxo, que neste caso é Asicasa Calpita, loxicamente se sentiría agredida na súa concesión e interporía a conseguinte queixa, o conseguinte recurso.

Continúa a dicir que a verdade, repite que lle entendan como o di, el podería dicir que si e, de feito, di que si no sentido que está de acordo que sería bo que Cambre tivese esa liña de comunicación con Villa Concepción.

Un primeiro matiz. Pregunta Villa Concepción é unha casa da cultura. Si. Si é unha casa da cultura nominalmente, si é unha casa da cultura baseándose nunha estratexia que tivo este Concello, ao seu modo de ver, habilmente no seu momento e para captar unha serie de fondos de entidades, fondos europeos, etc., pero na práctica non é unha casa da cultura. Non ten un auditorio de referencia. Non ten os obradoiros para facer talleres de xeito interdisciplinar. Non pode ter unha biblioteca, ludoteca, bebeteca, etc. Non cumpre, un pouco, as funcións do que debe ser unha instalación cultural central. Chámase nominalmente casa da cultura de Cambre, pero realmente o que vén sendo é unha especie de centro cultural, por así dicilo, do Graxal, ao que intentan darlle, loxicamente, o maior lustre posible, dentro das limitacións que ten tanto a nivel de espazo como das calidades construtivas.

Continúa a dicir que recentemente, isto é unha anécdota moi breve, a Asociación de Veciños do Temple pedía se podía facer en Villa Concepción aquela referencia como casa da cultura as clases de pandeireta. É lóxico nunha casa da cultura dar clases de pandeireta. Que ocorre. Se se dá clase de pandeireta alí en calquera das estancias, privase dun nivel sonoro normal en canto a decibelios o resto do edificio. Ten, polo tanto, esas complicacións e hai que afrontar un reto que é no plano inmediato dotar a Cambre dun auditorio cun mínimo de calidade, pero xa, no plano inmediato e despois facer iso que chama auditorio, que non deixa de ser unha grande casa da cultura para Cambre, que está pensada no centro de Cambre, dentro si dun suco de comunicación, dun suco de transporte público moi potente como é o Cambre Coruña que ten autobuses cada media hora.

Con todo, cuestión que presenta e vai presentar a Xunta e vén defendendo historicamente. Actualmente a parada para a xente que vén tanto de Cambre como da Barcala máis preto da casa da cultura Villa

Concepción é a que está na estrada Cambre O Temple, á altura dunha cafetería que cre que se chama Templarios. Despois os autobuses chegan ao Paraugas, cruzan á ría torcendo á esquerda e seguen ata Culleredo. Se conseguisemos que os autobuses Cambre tivera, cando menos, puntualmente, un novo servizo unha comunicación a través da AP-9, se iría a esa parada de autobús que emprega moi pouca xente actualmente, que está xunto na boca de entrada á propia AP-9 e dende alí, son apenas, cincocentos metros, que veñen sendo dez minutos andando cara a Villa Concepción. Sería unha primeira medida positiva nese sentido.

A maiores disto, habería outra opción que agora ve moi difícil. Sería facer algo co bus das parroquias, que son actualmente tres liñas as que son de titularidade municipal, porque unha é, que é un caso flagrante, autonómica, intentar que dera servizo tamén aí. Pregunta que é o que el ten na idea realmente. Que determinados servizos puntualmente cando haxa unha actuación potente, cando haxa un evento, ver a posibilidade, e algo que se vai ensaiar con este entroido, xa se fixo público, vai funcionar ese día o bus das parroquias, porque existan buses con carácter excepcional que presten ese servizo sabendo que teñen un custo que tampouco é cativo.

A maiores dille unha cuestión un tanto peculiar. Esta liña de Autos Vázquez da que falaba antes conectaba e segue conectando parroquias como Pravio e Cecebre e Bribes directamente coas inmediacións da casa da cultura de Villa Concepción. En fin, xogando un pouco a ser Villa Concepción, ese espazo de referencia cultural, tanto para o Temple como quizais para outro tipo de parroquias máis rurais, viría de perlas que esa liña continuara funcionando e prestando servizos.

Di que saúda a iniciativa, a preocupación, que é certa, reconece modestamente que ten no plano inmediato difícil solución, pero que nun futuro que entende tamén relativamente próximo, a iso que se apela cando se fala de renovar determinadas liñas de transporte si se poida ter ben dende o núcleo de Cambre á Barcala comunicación directa a través da AP-9 que aproxime un pouco ou, incluso, a conexión xa máis directa con ese núcleo comercial que é toda a costa da Tapia e despois enlazar coa Coruña a través da N-VI. Di que é un problema. A maiores, aínda podería engadir outro problema. A urbanización inmediata de Villa Concepción non está na actual disposición, nin moito menos pensada, para meter un bus na súa, por así dicilo tal, tería que ser na rotonda do Seixal, que xa lle chega tamén en canto á dificultade.

Entende que efectivamente é unha cuestión que, en certa maneira, están a avaliar e agradece que se presente este rogo a este pleno.

Dona María José Garza Hidalgo expón que confeccionou un mapa un para cada grupo político, despois ao final do pleno, o entregará. No mapa detállase con máis precisión dado que aquí non se quería alongar no rogo, o sentido de ida e o sentido de volta, onde considera que se poderían facer esas paradas respectando a concesión que ten Asicasa. Di que neste plano de situación presenta unha ruta, loxicamente isto non é nin estudo de Fomento nin unha enxeñería especializada en transporte urbano, nin moitísimo menos. Di que é unha idea que persoas que din que non poden chegar ata alí, que teñen que facer un transbordo e que o seu grupo Ciudadanos recolleu e propón que este servizo que se demanda, e dille ao señor Carballeda, que no pleno anterior e agora acaba de dicilo, a importancia da cultura, de que esta non debe ser un privilexio soamente para aqueles que teñen automóbil, moto ou avión.

Continúa a dicir que se trata de ter, igual que se trata de ter outras vantaxes en Cambre, como unha emisora de radio, un periódico, unha televisión, racionalizar a economía a prol dos que dependen doutros medios de transporte. Non fala soamente de cultura. Falta tamén de unir poboacións, barrios, parroquias. É incomprendible que non haxa un transporte que os comunique dentro do propio concello.

Pregunta se queren que lle detalle un pouco máis o circuíto, di que o detalla. Trátase dun tramo de 3,200 km. A verdade, moita xente non comprende que isto non estea en funcionamento, cando outras rutas do concello

con menos poboación e máis quilómetros dispoñen dun servizo de transporte. Nos puntos de cores indica as paradas propostas.

Respecto da vía 21, puidéranse facer paradas discretionais, dado que esa vía non é moi larga, isto nunca se solucionou. Asociacións pediron a súa solución. Di que a nosa intermodal podería ser o polígono de Cambre, hai infinidade de solucións. Agradece que lle preste a este rogo a atención que considere necesaria.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que, moi brevemente, de verdade, e o di en certa maneira e que se entenda, para que conste en acta, por suposto que si, sen ningún problema. Reuníranse sen ningún tipo de dificultade temporal nin moito menos. De verdade, di que o entenda que ten a necesidade de facelo, de incidir, de que conste en acta, que non ten capacidade, non ten potestade legal neste momento tal como está o regulamento xurídico para poñer unha liña municipal aí, que o faría encantado, pero que neste momento non se pode e hai que buscar fórmulas alternativas no sentido que van coa acordo co concesionario dunha liña. Repite, ese tramo viario está sometido a unha concesión de carácter autonómico que ten unha empresa e é a empresa a que determina que servizos quere prestar directamente coa Xunta. O Concello o que pode facer é falar con ela, intentar negociar, vía moitas veces subvención e, por suposto, intentar facer presión na Xunta. Pero esa cuestión, de verdade, en fin, cre que conste en acta, xa o teñen traballado, teñen presentado directamente na Xunta de Galicia, a día de hoxe, non pode ser; o cal non é óbice, ni moito menos, para traballar e formular todas as alternativas que se poidan debuxar.

Dona María José Garza Hidalgo expón que o rogo di efectivamente o que está a dicir don Daniel Carballada, que se estuden e que se realicen as xestións necesarias con Fomento, coa Xunta, con quen dependa.

4.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/1533 o día 20 de febreiro de 2017.

1ª Veciños da parroquia cambresa de Cecebre transmitínlles que nas obras que se están a realizar nas estradas de Sobreguexe, o paso de peóns elevado que está nas inmediacións da igrexa quedou sepultado e, polo tanto, deixou de ser elevado, razón que aproveitan os vehículos para pasar a grande velocidade, eliminando unha das súas funcións, tal como reflicte a fotografía que se achega.

Así mesmo, informan que a estrada perpendicular á anterior, tan soamente parchearon as fochancas que existían, tal como reflicte a fotografía anexa.

Razón pola que dende o grupo municipal Popular se pregunta o concelleiro competente en materia de obras, se tendo en conta que entre as competencias e funcións propias dos concellos se encontran as de manter en condicións axeitadas as infraestruturas viarias da súa titularidade e a pavimentación das vías públicas, este é o estado no que se pretenden deixar os citados lugares trala realización das obras.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, manifesta que vai a contestar a primeira pregunta, se parece oportuno. Efectivamente, púxose isto en coñecemento dos técnicos, teñen que facer un fresado e efectivamente nesta parte teñen que levalo a cota que teñen que levalo, deixando o paso libre. Polo tanto, déronse as instrucións, dixéronlles que a obra non estaba rematada e que tivesemos a consideración. Nunha semana, imaxina, realizarán o fresado.

2ª En reunión mantida en datas recentes entre representantes do goberno municipal, comerciantes e empresarios do Temple no local sociocultural do Graxal, varios concelleiros do grupo municipal Popular foron testemuñas das diverxencias existentes entre ambas partes en varios asuntos. Entre eles, un dos asuntos

máis polémicos da reunión foi o relativo á celebración na casa da Cultura Villa Concepción, entre os días 2 e 4 de decembro de 2016, do programa “Recuncho do Nadal”.

De aí que dende o grupo municipal Popular se pregunte a concelleira competente en materia de Desenvolvemento Local, a requirimento dos veciños, comerciantes e empresarios do Temple, sobre o proceso de celebración do citado programa, comprensivo dos criterios de adxudicación e concesión de postos en Villa Concepción, as empresas solicitantes e as finalmente beneficiarias do programa, así como as actuacións que se incluíron no mencionado programa e o custo final del.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico, expón que o “Recuncho do Nadal” foi unha proposta que chegou dende un sector de comerciantes do Temple. Avaliouse e se pensou que era viable e o único que se fixo foi deixar a casa da cultura Villa Concepción para facer o evento, así como axudarlles nunha pequena contía económica en publicidade, preto de 600 euros.

Continúa a dicir que o Partido Popular solicitoulle o informe, o cal está na Axencia de Desenvolvemento Local. Di que o poden retirar e nel teñen toda a información.

Dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do Partido Popular, considera que a pregunta non quedou contestada debidamente, porque unha das cuestións que formula é cales foron os criterios de adxudicación e concesión de postos.

Dona Leonor Fernández Grande dille que o requiriron un certo sector e se pensou que era viable. Evidentemente, non estaban todos os comerciantes do Temple. Di que retiren o informe e nel consta todo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e catro horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia